A NOSA TERRA

ANO X • 25 DE ABRIL • 1987 PERIÓDICO GALEGO SEM[illegible] Nº 314 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

2-04.729 HEMEROTECA UNIVERSITARI[illegible] BIBLIOTECA GRAL.UNIVERSID[illegible] SANTIAGO

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

Os labregos encheron por primeira vez a praza do Obradoiro

A Plataforma do leite prepara a batalla final

(páx. 3)

A Praza do Obradoiro rexistou a meirande manifestación da sua história cando o dia 14 os labregos galegos, en gran parte autoconvocados, fixéronlle saber aos euro-funcionarios vindos en peregrinación até Compostela (Peregrinación as raíces da Europa) con motivo do XXX aniversário da criación da C.E.E., a sua oposición ao sistema de cuotas de produción leiteira.

Conversas PNG, PSG-EG e BNG

Pésie á falta de discrepáncias visíbeis non houbo acordo para as eleicións europeas (páx. 5)

As próximas eleicións ao parlamento europeu, asi como a imposición gubernamental dunha circuscrición eleitoral única para todo o Estado deu lugar nos últimos dias na Galiza á celebración de conversas entre os partidos de ámbito exclusivamente galego.

A última novela de Méndez Ferrín

Adianto de *Bretaña, Esmeraldina*

(páx. 18)

Neste número publícase un fragmento do primeiro capítulo da próxima novela de Méndez Ferrín que apresentará en breve Edicións Xerais de Galicia. *Bretaña Esmeraldina* é unha narración longa que sucede a *Arnoia, Arnoia, Amor de Artur* (1982), *Crónica de Nós*, (1980) *Antón e os Inocente* (1976), *Retorno a Tagen Ata* (1975) —que ven de reimprentarse nunha cuidada edición— e outras várias que forman o máis importante corpo de relatos do Galego contemporáneo. O seu activo protagonismo civil e político a prol das libertades de Galiza, a sua recoñecida importáncia e maxistério como creador fóronlle recentemente recoñecidas pola concesión do Pedrón de Ouro que lle será entregado o vindeiro 24 de maio en Padrón.

A desaparición de Barreiro marca o epílogo dunha alcaldia ditatorial

Rivas Fontán, do sindicalismo á direita pasando pola UCD (páx. 4)

A defenestración de Xosé Luis Barreiro aparece recadrada en negro no álbum político do alcalde Rivas Fontán. A partir dese momento saltan os esmaltes da peana política deste mestre de escola chapada en materiais procedentes das máis dispares ideoloxias. O desembarco de Rajoy polariza as posturas da asamblea pontevedresa de AP que se opón a candidatura do actual alcalde.

A escura história dunha construtora

Quince anos de Raymundo Vázquez S.A.

(páx. 9)

Adolfo Suárez, cando era Presidente, estivo na sua finca: a Atlántica. Facenda non se daba por inteirada dos impagos e as senténcias da Audiéncia ian claramente contra os traballadores. É unha longa história, a da Empresa Raymundo Vázquez Construcións S.A., de terror para máis de 300 obreiros que se viron no paro e sen cobrar as suas liquidacións. Unha história para non dormir, unha história para non pagar.

AS INUSUAIS FOTOS DE PITI MAYANS

SUMÁRIO

INTG, CXTG e CCOO celebrarán conxuntamente o 1 de Maio ..... (páx. 8)

Ceferino Diaz: "Non permito que ninguén diga que fixo máis ca nós no tema do leite" ..... (páx. 5)

Lembranza do bombardeo de Gernika, no cincuenta aniversário ..... (páx. 6)

Eleicións fraudulentas no Timor Leste ..... (páx. 7)

A agricultura marca na Hungria o ritmo da modernización ..... (páx. 7)

III Congreso da INTG . (páx. 8)

A muller na publicidade ..... (páx. 10)

A história do xadrez . (páx. 15)

Alberto Avendaño, prémio Barco de Vapor de narrativa infantil ..... (páx. 17)

Encontro de poetas galegos e portugueses en Amarante ..... (páx. 17)

Nova sección dedicada á arquitectura ..... (páx. 22)

editorial

DO 77 AO 87

Despois das mobilizacións campesiñas de 1977-78 contra a Cuota Empresarial ("nós non somos empresários, fora a cuota empresarial!", era o lema) houbo moitos que se perguntaron de que serviran, para que valeran, se non fora todo unha algarada feita no ar e, desde o ponto de vista político, un total fracaso.

Dez anos despois, secadra, poden encontrar contestación as perguntas formuladas cando a desmobilización e a desorganización sindical pareceu apoderarse outravolta dos labregos galegos.

Os dirixentes desta nova loita contra a "cuota", esta vez leiteira, non só os nacionais ou comarcais, senón os parroquiais, precisamente os parroquiais, son os mesmos daquelas loitas de hai dez anos. Tanto a maioria dos dirixentes a nível galego da Plataforma, como os representantes locais encóntranse agora coa experiéncia dos erros e dos acertos, que tamén os houbo, do esforzo de intentar suprimir ese trabuco inxusto, que se non se logrou foi, sobretodo, como se explicaba daquela, polo exemplo criador de conciéncia e posibilitador de organización que suporia a vitória; e tamén cunha conciéncia criada naquelas asambleas e manifestacións multitudinárias.

Calquera que queira percorrer hoxe as asambleas, darase conta da auto-organización dos labregos, de como en numerosas bisbarras funcionan as xuntas parroquiais e as permanentes comarcais, de como desde as parróquias se lanzan ideas que, logo, son efectivizadas polos máximos organismos da Plataforma en todo o país.

Todo isto non seria posíbel se non se desen aquelas loitas do 77-78; sentimento que embarga mesmamente a moitos labregos que, daquela, quedaran desencantados.

Pero da actual situación non se pode deducir que a conflitividade campesina vai ter reflexo centelleante nos próximos comícios locais. Evidentemente terá certa incidéncia, sobretodo para o PSOE, que quedou freado bruscamente no seu intento de implantación rural, pero non vai dar un cámbio no mapa eleitoral, como tamén non o deu a loita contra a reconversión. Até pode que pasen outros dez anos para que volte haber unha loita destas características; pero o proceso de concienciación dun povo é un proceso lento, non apto moitas veces para nervosos e impacientes, pero que tamén ten as suas aceleracións que algunhas veces permiten dar un gran paso adiante, ainda que pareza que se segue no mesmo sítio.

As eivas estruturais e ideolóxicas que non permiten efectivizar plenamente os logros e os esforzos das loitas só poderán vencerse coa formación política dos cidadáns, en cuxa consecución terá que xogar un papel fundamental o sindicalismo agrário. Un sindicalismo capaz de dotar de contido e continuidade a este movimento que está a agromar con forza primaveral, para que se troque, por fin, en organización, que permita non ter que esperar outros dez anos para darnos conta de que esta loita tamén valeu para algo.

Precisamente nestes momentos estanse a dar unhas condicións moi favorábeis para a existéncia dun sindicalismo maioritário no noso agro, o único que pode desenrolar axeitadamente esta tarefa educadora. □

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas
Consello de Administración: Presidente: Cesáreo Sánchez Iglésias. Secretário: Cesar.Cunqueiro. Conselleiro delegado: Ramón Fernández. Vogais: Francisco Carballo, Aurora Pereira, Eloi Villada, Manuel Fernández, Alfonso Rivas, Fernando Cuñarro, Xosé Mª Dobarro e Antón Fernández
Director: Alfonso Eyré López
Redacción: Manuel Veiga, Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa

Correspondentes e colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Xesus Vega, M. Chouza, R. Cid, X.M. Aldea, X. Larrosa Vila, Lois Diéguez, César Varela, L. Méndez, Carmen G. Ares, Xosé M. Salgado, Anxela Rodicio, J.A.M., Xesus López Témez, Xoán M. Carreira, Xosé Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xesus Torres, Paco Arrizado, S.A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Carlos Durram, Xesus Cambre Mariño, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquín Agulla, Fernando Carballa, M. Fernández Blanco, Vítor Vaqueiro, Antón Mascato, Xico Peña, Xoan M. Estévez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco Ant. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X. X. Piñeiro Cochón, Plácido Lizancos, Lino Braxe, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos.
Fotografía: Tino Viz, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, X. M. Albán, E. Reimóndez, Che, X. M. Fontán, X. L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglésias, Alexandra Díaz, Delmi Álvarez, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón.
Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xúlio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.
Axéncias: Novosti, ADN, Jana e Prensa latina
Deseño e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez
Corrección Lingüística: Fernando Carballa
Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Rodolfo Lamas, Juan Louzán (Madrid-Tfno. 91-2395534)
Redacción e Administración: Rua Pontevedra 4 - 5º.(36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36290 Vigo) Telfs. Redacción (986) 222405 - Administración e Publicidade (986) 433624
Imprenta: E.C. C—3 1958
Depósito Legal: C—963—1977
ISSN: 0213-3105
A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas, respeitando a independéncia dos seus autores. Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución, sempre que se cite procedéncia.

cartas

FOLGA NA SANIDADE

Como consecuéncia da firma dos primeiros pactos sociais (pactos da Moncloa, AES, etc.), que foron xustificados pola chamada "crise", coa aceitación claudicante da UGT e das CC.OO., até hoxe, e ao amparo dos mesmos, se ten ido consagrando: as contratacións en precário e eventuais, contra os contratos de traballo fixos e indefinidos; e a liberdade de despido, reducíndose progresivamente as indenizacións os despedidos. Non obstante, e pola contra, a gran patronal e a banca ten visto incrementados os seus beneficios a cotas insospeitadas.

En vista da "paz social" habida até agora o "socialista" Goberno do PSOE, co beneplácito da patronal, pretende afondar sobre esta política "social" e anúncia para este ano sendas medidas en consonáncia coa antedita política: da contención salarial, recomendando incrementos do 5%, por baixo dos incrementos da suba da vida no derradeiro ano; e da flexibilidade, cuxa máxima expresión é a movilidade xeográfica e funcional e a fusión dos postos de traballo e a polivaléncia dos mesmos, sen que se contemple nen se respeite a categoria profesional, o ofício, a especialidade, os direitos adquiridos, nen o asentamento familiar.

Se ben todo isto é certo para todos os sectores de produción, como repercuten na sanidade pública, ditas medidas? e mais en concreto nos Hospitais?

Desde as históricas e multitudinárias folgas dos MIR por un contrato de traballo, asi como do resto dos estamentos hospitalários en busca de co-participación e coxestión dos Hospitais, dando un contido operativo aos Comités de Empresa, na década dos setenta —nas que participaron moitos dos actuais responsábeis do INSALUD e da Administración— até hoxe, o depender dos presupostos xerais do Estado, sen o recoñecimento do direito á negociación colectiva de máis de 200.000 traballadores do sector, o poder adquisitivo ten disminuído da orde do 20% no conxunto dos últimos anos.

Coa actual Administración, como xustificación do control do investimento e do despilfarro, tense dinamizado unha política economicista e de aforro, sen apenas actualización e modernización dos recursos, levando á medicina hospitalária a un constante e sostido deterioro.

Por fin, as novas normativas sobre xestión hospitalária, a carón da Lei Xeral de Sanidade, ten relegado aos partícipes da asisténcia (persoal sanitário e non sanitário) da cooperación e coordenación dos Hospitais, deixando os Comités de Empresa sen apenas contido, restando dita xestión, de maneira omnímoda, nas mans de persoas dunha cualificación, cando menos, discutíbel; como mostra, aí temos a resolución ditatorial e arbitrária dos xerentes do Hospital de Lugo.

Asi as cousas, tamén na Sanidade o Goberno pretende introducir, mesmo por Decreto, medidas de contención salarial e de flexibilidade, sen oferecer a oportunidade aos interesados e ás suas representacións sindicais, da sua discusión e da sua discrepáncia. Nefeito, o novo Estatuto Marco e o novo Modelo Retributivo, recentemente presentado (firmado e aceitado pola UGT e ELA-STV), resulta para todo o colectivo (desde médicos e persoal de ofício) leonino. Polo mesmo, entre outros aspectos, quedan anulada unha série de conceitos retributivos, introducindo outros novos, como o da produtividade, que quedan ao arbítrio e vontade do director-xerente, sen que se estabeleza nengun critério para a sua percepcion, nen para o seu control e fiscalización, e que, globalmente, supón unha perda salarial en relación ás actuais nóminas. Ademais, desenrólase o conceito de carreira sanitária, que suprime a praza en propriedade e contempla sistemas de movilidade e traslado entre Centros sanitários, meso concertados, e entre distintas províncias. Liquidándose, asi, direitos adquiridos, de especialidade, de asentamento familiar, etc., nunha flagrante regresión.

Non é de surprender, portanto, que a Sanidade se mobilice e trate de pór coto, o mesmo que outros sectores e colectivos sociais, a política "social" do actual Goberno —apesar de certos toques corporativos—, que, como se mira, só é proclive ás directrices da gran patronal e da banca, en busca de grandes benefícios; facendo ouvidos xordos ás demandas populares; e conculcando, mesmo por via dos decretos, lexítimos direitos adquiridos; e frustrando a esperanza dunha política máis progresista e menos de direitas.

Dr. **MICHEL ESCAURIAZA**
da Dirección Nacional da UTSG e delegado do Comité de Empresa do Hospital "Nª Sª do Cristal" de **Ourense**, pola INTG.

SILÉNCIOS DE "LA VOZ DE GALICIA"

Por sucesivas casualidades cadroume de ler con retraso o número 312 de A NOSA TERRA, que ten data de saída o 26 de Marzo pero non o collin até o 8 de Abril. E mesmamente por iso, por que o lin con tanto retraso, resultoume ainda máis surprendente a notícia que se adiantaba na primeira páxina: Absolto o director de A NOSA TERRA. A miña ledícia foi grande, pero meirande foi ainda o meu pasmo. Fiquei pasmado porque da tal senténcia non tivera eu noticia nengunha, apesar de estar lendo a cotio o xornal por excelléncia do país galego, a Voz de Galicia. Non sei quen foi o ilustre adulón que dixo aqui un dia que os feitos non existian mentres non aparecesen nas páxinas deste xornal. De ser asi, ninguén podería acreditar na absolución de Alfonso Eyré, pois que maldito se deu fala sobre o asunto a "nosa" Voz de Galicia. (...)

A má fe da "Voz" no ocultamento desta notícia ponse máis de manifesto se temos en conta que, pola contra, si que anunciou no seu dia o procesamento de Eyré, acusado de inxuriar ao alcalde da Coruña. E ainda despois deu conta do xuício, publicando os cargos da acusación e indicando claramente a condena que lle pedia o fiscal. Mais agora cala coma un morto, ás avesas, cando felizmente se produce unha senténbcia absolutória. Velai un calar culpante, indicativo da auséncia dunha mínima solidariedade profisional, dunha mínima dignidade xornalística, dunha mínima decéncia de cara os seus leitores. (...)

O servilismo reverencial e garimoso con que a "Voz" acocha e encobre as demasias do noso alcalde, tivo unha boa mostra no caso aquel da foto que lle negou aos seus leitores, foto que en troques foi publicada noutros xornais galegos. Ali aparecia Paco Vázquez de señorito gamberro, dando a nota perralleirta entre a xente normal e abafando aos coruñeses que representa. Porque era el só, nada máis ca el entre o público educado que tiña darredor, quen sacaba os cornos cara adiante nunha atitude indigna do alcalde da Coruña.

Esa foto de prensa foi sacada na tribuna do estádio de Riazor cando o Deportivo-Celta, pero a Voz de Galicia rexeitouna, escamoteándolle asi aos leitores unha imaxe sumamente ilustrativa da persoalidade do noso alcalde. Fermoso xesto o da "Voz", exquisita a sua delicadeza, amparando a ultranza a Paco Vázquez e negándose a amosalo tal como é, tal como el se amosou por si mesmo en público en plan chulesco e desenfadado. Mais velai que, curiosamente, neste mesmo xornal, se ten despotricado noutrora contra o alcalde Merino, porque o viran un día sen garavata. (...)

Son moi poderosas as razóns que ten a "Voz" para desinformar aos seus leitores.(...)

Unha operación ben sabida, máis que non fose publicada, pola que o Concello adquiriu en propriedade un local aló no alto de Santa Margarida, pagando por el asi polas boas 40 millóns (corenta millóns) de pesetas. Unha operación polo visto moi lucrativa (lucrativa para o vendedor, enténdese) pola que o Concello pasou a ser dono dun local inútil, e que inútil segue a ser inda apesar do tempo que leva decorrido desde a sua compra. E velaí que, por unha desas suxestivas casualidades, o feliz vendedor do devandito local ven sendo nada menos que Santiago Rey, o mesmísimo editor da Voz de Galicia. (...) □

MANUEL RIVEIRO LOUREIRO
(A Coruña)

COMUNISMO E DROGAS

"Umha das armas com que o comunismo internacional quer debilitar ao mundo livre ocidental é a droga. Recentes informes de toda solvência puxérom de manifesto os múltiples tentáculos que usa aquel para invadir Ocidente com este novo veneno. E, logicamente, som os exércitos, como principal baluarte das naçons, o branco predilecto".

Nos tempos de Franco, os meios de comunicaçom cuspiam diariamente mentiras e mais mentiras goebbelianas sem o menor reparo, era em certa medida inevitável. A cita recolhida acima nom pertece a um artigo publicado cando Franco sementava mortes, terrores, exílios políticos, exílios económicos, etc; senóm que corresponde ao artigo publicado en "La Voz de Galicia" do 22-1-87, com firma de um tal Carlos Fernández, e tivo que ser traduzida já que o tal escreve em correcto castejano a riente del llano. A constituçom espanhola concede abusos o de Carlos Fernández a cuspir mentiras, sempre que seja contra o comunismo internacional, ou contra o roxo-separatismo, por pór algum exemplo.

Quen isto firma, considera-se um membro representante do comunismo internacional e apesar de goçar de todas as facilidades para consumir drogas e traficar com elas, nunca consumiu nem um miserável porro e nunca traficou nem com um gramo de hachis; e combate activamente o consumo de droga com a comviçom de que assi favorece a causa do comunismo internacional e debilita a do imperialismo e o capitalismo.

Quem isto firma sabe, e quem nom?, que as áreas produtoras da droga que circula por Ocidente nom están situadas nos paises socialistas senóm naqueis onde as relaçoes de produçom dominantes som as típicas de paises submetidos ao mundo ocidental: Colómbia, Bolívia, Thailándia, Marrocos; que os narcotraficantes som membros do capitalismo internacional, polo menos os grossos, empresários, gandeiros, simples milhonarios, etc. Concretamente, no Estado Espanhol, todos sabemos que as bases ianquis e a legiom fórom os primeiros focos a partir dos quais se extendeu massivamente o fenómeno da droga, e que Ceuta e Melilha, cidades que os governantes espanhois se empenham em reter baixo a sua dominaçom, som seculares plataformas para a entrada de droga na Península.

Quen isto firma aplaude as medidas que adopte o exército espanhol para impedir o consumo de drogas entre os soldados e marinhos, pero muito se teme que ao final todas essas medidas ficaran reduzidas a água de borralha. Tarde ou cedo a mesma oficialidade fará-se "pragmática" e fechará os olhos o preciso para tolerar umha certa margem de consumo ao objecto de manter o contrôlo sobre a tropa, sobre umha tropa formada maioritariamente por jovens desesperados, amargados, e impotentes perante a realidade de estar cumplindo um servício militar que para eles carece de senso. Os soadados nom se voltam rebeldes porque consuman drogas, senóm que as consumem porque assí esperam, ilusioriamente apagar o volcam de ódios, paixons e sede de vingança que aninha nos seus nobres, generosos, e também inocentes peitos, enquanto se detenhem a pensar no presente e no futuro das suas esistências.

O consumo massivo de drogas e o narcotráfico nom é umha arma do comunismo internacional, senóm um reflexo do grao de putrefacçom acadado polo capitalismo mundial, da desmoralizaçom da tropa nos quarteis, dos jovens e das jovens nos centros de ensino, e dos e das trabalhadores nos lugares de produçom. E dessa demoralizçom nom tem a culpa o comunismo internacional senóm a mesma sociedade capitalista, umha sociedade que só oferece a possibilidade de realizar-se a umha minoria de afortunados, pícaros, ou malvados. A droga, que começou sendo no mundo ocidental um fenómeno marginal, converteu-se nalgo consustâncial á mesma sociedade capitalista, numha válvula de seguridade que joga umha funçom necessária a para assegurar o normal funcionamento dessa sociedade.

Quem isto firma, afirma, que a chamada sociedade livre ocidental já nunca se poderá liberar da peste da droga mais que liberando-se do capitalismo e dos seus representantes. □

ISIDORO PADIM CORTEGOSO
(Cadeia de Segóvia)

Os labregos encheron por vez primeira a praza do Obradoiro

A Plataforma do Leite prepara a batalla final

A Praza do Obradoiro rexistou a meirande manifestación da sua história cando o dia 14 os labregos galegos, en gran parte auto-convocados, fixéronlle saber aos euro-funcionarios vindos en peregrinación até Compostela (Peregrinación as raíces da Europa) con motivo do XXX aniversário da criación da C.E.E., a sua oposición ao sistema de cuotas de produción leiteira.

Fotos: Tino Viz

O dia 15 de abril o Telediário das 14.30 da TVE sentenciaba que ao acabarse o prazo da presentación da Cuota Láctea quedaban "excluídas as manifestacións e as tratoradas; acabáronse as protestas".

Este non era o sentir dos manifestantes que, por primeira vez na história encheron a Praza do Obradoiro compostelán. Os miles de labregos auto-convocados para facerlle saber aos euro-funcionários que "Europa si, pero non así", (a Plataforma para a Defensa do Sector Lácteo pensaba só concentrar a uns centos de labregos da zona de Santiago, pero, segundo nos manifestaba un portavoz, "surprendeunos a auto-organización labrega, nunca vista antes, coa chegada de perto de 80 mil persoas"); parecian estar moito máis perto das teses do Secretário Xeral da Comisións Labregas Emílio López quen anunciaba que en caso do Ministério de Agricultura continue na sua postura de pecharse ao diálogo "estamos dispostos a deixar Galiza incomunicada por terra, mar e ar".

"A nosa pátria, célula de universalidade"

A "peregrinación ás raíces da Europa" serviu para que nos círculos do Mercado Común soubesen da desesperación de vários centos de miles de labregos ao proibirlles o seu meio de subsisténcia.

Os cronistas "ad poder", o Goberno, que fixo un gran despregue policial, etc., estaban esperando que os labregos impedisen a peregrinación ou fixesen algunha acción que lles permitise tachalos de bárbaros, extremistas e manipulados (asi ocuparian as portadas dos diários de Madrid, que nen sequer sacaron alguns unha reseña da manifestación). Pero non, parou ali para "mostrarvos a hospitalidade do noso povo que sempre ten a casa aberta e os brazos estendidos para receber aos amigos", como saudaria aos camiñantes o portavoz da plataforma, Cláudio López Garrido, quen lles pediu tamén que sexan portadores "da nosa mensaxe de fraternidade e do noso chamamento á solidariedade eurpea coa Galiza, porque entendemos, como o noso líder Castelao, que a nosa Pátria é unha célula de universalidade e que por riba das razóns de Estado e dos intereses de mercado está o direito de todo home a unha vida digna".

A benvida de López Garrido rematou facendo partícipes aos pelengrins a nosa forma de entender hoxe a Europa, "non como un mercado dos monopólios, como unha nova poténcia que aspire a compartir a expoliación do Terceiro Mundo, senón como un proxecto común que contribua a facer Património de Humanidade os princípios de Igualdade, Fraternidade e Liberdade".

Os portavoces da Plataforma entregáronlle tamén un informe sobre a produción de leite na Galiza e o impacto da política comunitária de cuotas á que califican de "insolidária e antisocial, posto que coa sua aplicación lineal ignórase a contribución desigual ou cuota de responsabilidade de cada país na xeración dos excedentes".

As suas reivindicacións serán escoitadas asi polo Consello de Ministros da CEE pois, ademas dos pelegrins, ás oito da tarde déronse posto en contacto co vice-presidente do Parlamento Europeu, Roberto Formigoni, que, segundo membros da Plataforma ofecereuse a trasladar as suas reivindicacións ao parlamento comunitário para someter á sua consideración o informe dos gadeiros galegos asi como a xestionar a presénc ia da Plataforma no Parlamento de Estrasburgo.

A receptividade dos eurofuncionários foi moito mellor que a que ten o Goberno español, como fixeron notar os representantes dos labregos ali concentrados.

O Presidente da Xunta tamén lles insistiu aos representantes comunitários na audiencia concedida en que trasladasen as inquietudes do povo galego a Bruxelas, avogando para que se facilitase unha via política de aceso á capital comunitária.

A Xunta quer negociar co Goberno central

A Xunta de Galiza, que até agora parecia un pouco dormida no tema da cuota láctea, solicitoulle ao Ministro de Agricultura a urxente negociación da Consellaria de Agricultura e representantes das organizacións profesionais e da Plataforma a fin de elaborar a correspondente normativa que permita aplicar o sistema de cuotas tendo en conta as peculiaridades da nosa nación.

As manifestacións oficiais contradinse en parte coas declaracións do Conselleiro de Agricultura, Ánxel Ruiz Fidalgo, que recoñeceu perante os informadores que comparte a política defendida polo Ministro de Agricultura, Carlos Romero, sobre o reparto de cuotas, ainda que sostén que o que pasa é que Madrid non adquiriu nengun compromiso formal coa Galiza. Tampouco descartou o Conselleiro a posibilidade de que defenda diante do Ministro que en vez da Plataforma participen na negociación unha representación dos subsectores de produción e transformación (quer dicer, sindicatos e centrais leiteiras) pero non a Plataforma como tal.

A batalla final

Esta posición do conselleiro producese cando a Plataforma intenta dar a "batalla final", convencidos de que o Goberno "como xa fixo noutras ocasións, cando a presión é forte cede". Asi, o dia 24 próximo haberá unha reunión en Compostela con parlamentários, presidentes das deputacións e alcaldes para pedir unha solidariedade efectiva coa Plataforma, pois pensa que "a solución está perto, só falta o último empuxón". □

A. EYRÉ

Visitas da policia para amedrentar aos labregos

A Policia anda a perguntar polas portas dados sobre os responsábeis da Plataforma para a Defensa do Sector Lácteo Galego, e dos labregos que secundan as mobilizacións.

Tratan asi, segundo portavoces da Plataforma, de amedrentar aos labregos, intentando que se desvinculen da organización. Converten "un problema social primeiramente en político, e, agora queren resolvelo como se fose de orde público", afirma Cláudio López Garrido.

Dase a circunstáncia de que as visitas a algunhas persoas fannas ao domicílio que tiveron alá polos anos setenta e cinco, guiándose polas fichas franquistas.

Facerse o parvo ou facernos parvos

Para o PSOE os labregos galegos deben ser parvos pois, apesar de ter declarada xa a cuota de producción leiteira, maniféstanse en Compostela contra dela en número tal que constituiu a meirande concentración rexistada na Praza do Obradoiro en toda a sua história. Superaron incluso todas as previsións da Plataforma que só pretendia unha "manifestación testemuñal" diante dos euro-funcionários, véndose desbordados pola autoorganización dos labregos.

Non se pode tirar outra conclusión despois de asistir á manifestación e escoitar as declaracións do Ministro Romero afirmando que só queda un reducido número de gadeiros sen facer a declaración da cuota láctea.

Esta afirmacións e todo o despregue informativo dos meios oficiais dirixido a pór de manifesto que se cumpren os plans do Goberno, que todo o mundo aceita "as suas boas disposicións", e a amedrentar aos "rebeldes" que non estexan de acordo, producese precisamente cada vez que hai unha mobilización no agro galego. Por que esta teima de facer campaña a favor da cuotas se, como manifestan, xa case todo o mundo fixo a declaración? Para que tal despregue informativo, desinformador na liña dos máis puros exemplos da teoria da comunicación? Esa teima leva logo a que os medios oficiais e para-oficiais esquezan deliberadamente as mobilizacións dos nosos labregos. Para eles non existe nada máis alá do que queren que exista: os seus intereses. Fanse o parvo ou quérennos facer parvos aos demais? □

A.E.

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

A desaparición de Barreiro marca o epílogo dunha alcaldia ditatorial

Rivas Fontán, do sindicalismo á direita pasando pola UCD

A defenestración de Xosé Luis Barreiro aparece recadrada en negro no álbum político do alcalde Rivas Fontán. A partir dese momento saltan os esmaltes da peana política deste mestre de escola chapada en materiais procedentes das máis dispares ideoloxias. O desembarco de Rajoy polariza as posturas da asamblea pontevedresa de AP que se opón a candidatura do actual alcalde.

Este acontecimento altera a perspectiva dunha ascensión política revestida sucesivamente cos emblemas, e bandeiras do sindicalismo, a socialdemocrácia, o radicalismo direitista ou a direita dura. Pero tan intermitentes quebrantos de matrícula política non habian suceder sen algo con que cobrir as vergoñas; ora a demagoxia do líder sindical, ora a defensa do galego, despois a defensa do autoritarismo desde posicións de direita.

A história política comeza na véspera das primeiras eleicións lexislativas. Rivas é daquela un xoven mestre de escola, inquedo e comprometido. Na sua presentación política, sobrancea a activa participación no centro de alfabetización de adultos de Cangas. Tamén desta época é a obtención do número un nunha oposición de mestres organizadores de servícios escolares. Antes asume un papel protagonista nas loitas sindicais do maxistério asi como na folgas do 72. A sua participación na loita sindical lévalle á Francia, con outros dous compañeiros mestres, no seu interés por coñecer a práctica e formas de organización dos sindicatos naquel país. Nos periódicos aparece tamén por este tempo a imaxe dun Rivas Fontan ecoloxista e activo sócio do grupo Cies.

Na primeira Xunta

Mais logo desparecería das páxinas dos periódicos aquel Rivas a voltas coa contaminación das rias, os vertidos no foxo atlántico ou a preocupante disminución do censo do zarrapico das Gándaras. Rivas comprende que o futuro está na UCD. Na propaganda de man das eleicións de Xuño de 1977, apreséntaselle como profesor de EXB no Coléxio de A Xunqueira. "O señor Rivas —explicn os trípticos da UCD—, é un dos homes do maxistério pontevedrés que máis se ten distinguido nestes anos pola democratización dos estamentos docentes. Consecuentemente participou nos movimentos pola transformación do ensino básico. Organizou o I Congreso da EXB, celebrado en Pontevedra, e o éxito deste acontecimento débese principalmente á xestión do señor Rivas Fontán". Eleito deputado, participa na primeira Xunta preautonómica como Secretário Xeral. Rivas non era máis sindicalista nen ecoloxista. "Galiza —declaraba nunha entrevista de Xullo do 78—, ten necesidade dun partido galeguista con características de social-democracia".



A semellanza do alcalde co camilleiro do grupo escultórico aos *caidos* é evidente

O *Alfonso Guerra da UCD galega*, como lle alcumou un xornal por aquel tempo, non dubidou un momento cando o partido de Adolfo Suárez entrou en creba. O partido que lle servira para darse a coñecer como político, primeiro como deputado ao Congreso, despois á Xunta e posteriormente como alcalde desapareceu da sua vida: Rivas é un *independente* que nas municipais do 83 acouga nas listas de Alianza Popular, de par daquelas que el mesmo chamaba *reaccionários* habia tan pouco. No seu gran momento político, cunha Alianza Popular en ascenso en Pontevedra e dezasete concellais de vintecinco, as posicións políticas de Rivas Fontán adiantan pola direita á extrema do conservadurismo que el vituperara. Coa invocación de Xosé Luís Barreiro (daquela vice-presidente executivo da Xunta) e a remisión de problemas internos a un declarado *apoio total* de Fraga, o alcalde Rivas desafia á Alianza Popular de Pontevedra.

Co Presidente da Xunta e o daquela vicepresidente X. L. Barreiro, na inauguración do Teatro Principal, hoxe obxecto de denúncia xudicial

Independente por segundas

Na asamblea pontevedresa de AP imponse a opinión contrária ás actuacións autoritárias e ás contínuas arbitrariedades e caprichos de Rivas. O enfrentamento é cada vez máis patente entre os comités provincial e local. É na derradeira crise da Xunta cando Rivas viu en perigo á sua candidatura ás eleicións municipais, fortemente recusada polos militantes aliancistas de Pontevedra. E tal como antes fixera cos seus compañeiros sindicalistas no Maxistério e despois con Adolfo Suárez, o político de Xeve estreou nova matrícula para unha nova viaxe política.

Esta vez aparece no grupo dos *Independentes de Galicia*, unha agrupación que avalian ex militantes de Alianza á sombra de Xosé Luis Barreiro. Previamente Rivas declara que Alianza Popular de Madrid non queria a Comisión Xestora de Pontevedra. Tamén asegura que AP lle ofreceu ir na sua lista. O certo é que Hernández Mancha respalda a xestora proposta por Raxoi e que non chegou a existir nengun xénero de oferta ao Alcalde para quee figurase en lista. Desta, o próprio Hernández Mancha desautorizou en Vigo a Rivas *(en AP nadie es imprescindible)*, ou como rezaba o epitáfio que lle dedicou o Diario de Pontevedra, *Adios y buen viaje*. □

VALENTIN GONZÁLEZ CARRERA

Os títulos dunha actuación política

Os títulos que parecen a seguir están tomados de distintos meios e refriren a actuacións da Alcaldia de Rivas Fontán nos últimos meses

***Pontevedra terá o seu *Cuelgamuros*, unha cruz cunha altura equivalente a nove pisos. Neste monumento ao Soldado Descoñecido resalta unha figura de surprendente parecido co próprio alcalde. O monumento costará trinta millóns de pesetas. *(Diario de Pontevedra* 23/3/85.**

*O Alcalde Rivas Fontán procesado por presunto delito de prevaricación. O edifício *Las Palmeras* claro exemplo de especulación urbanística. A conduta do alcalde, desprécio frontal á Audiéncia Territorial. Novo sumário ao Alcalde por atentado contra a independéncia xudicial. O xuíz desestima o recurso de Rivas contra o seu procesamento. Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores acusan á Comisión Municipal de Governo de Pontevedra de *sobérbia reaccionária, (La Voz de Galicia* e *Diario de Pontevedra*, 5/4/86.

***Embargado o automóbil particular do Alcalde (10-4-86). A Comisión de Governo de Pontevedra emprega o diñeiro público na defensa dos seus intereses particulares. *(Diario de Pontevedra* 19-4-86).**

*O alcalde acusado de ditador, de abuso de poder e de coacción. Concellais e ex concellais denúncian ameazas e intentos do alcalde de perxudicalos nos seus postos de traballo. *(Diario de Pontevedra* 12-2-86)

***Querella da INTG contra o Alcalde por cobrar un soldo da Consellaria de Educación sen estar a desempeñar función que xustifique retribución nengunha. Rivas Fontán cesado como asesor da Consellaria de Educación. *(La Voz de Galicia* Xaneiro de 1987).**

*Rivas Fontán considérase o alcalde pior pagado de España. Comentário recollido pola Prensa. "Non se sabe se será o alcalde pior pagado de España ou o pior alcalde pagado de España" *(Diario de Pontevedra* 8-11-87).

***A Policía Municipal denúncia a atitude despótica do concellal Germán de la Iglesia. O Alcalde abre expedente disciplinário ao xefe da Policia. A Policía Municipal reúnese en asamblea permanente. (Febreiro do 87).**

*En opinión de *Amigos da Cultura* o Concello gasta os diñeiros do presuposto en monumentos e construcións megalomaníacas.*(Diario de Pontevedra* 7-3-87)

UNHA FESTA CON BANDA
é
UNHA FESTA MAIS NOSA

sindicato galego da musica
FEDERACION DO ESPECTACULO DE CC OO
Apartado 1.131 Tels. 59 98 98 - 59 92 00 SANTIAGO

Eleicións ao Parlamento Europeu

Pésie á falla de discrepáncias visíbeis non foi posíbel o acordo PNG, PSG-EG, BNG

As próximas eleicións ao Parlamento europeu, asi como a imposición gubernamental dunha circuscrición eleitoral única para todo o Estado deu lugar nos últimos dias na Galiza á celebración de conversas entre os partidos de ámbito exclusivamente galego.

Os dias 15 e 18 de Abril reuníronse en Compostela representantes do PNG, PSG-EG, BNG e Partido Galeguista —se ben este último só asistiu á primeira das reunións— co fin de chegar a un acordo que permitise a presentación dunha candidatura eleitoral única e a consecución dos aproximadamente 200.000 votos que darian direito a un deputado en Estrasburgo.

Gonzalo Vázquez Pozo (PSG-EG), Carlos Mella (PNG), Santiago Sayans (PG), Francisco Rodríguez e Eudósio Álvarez (ambos polo BNG) foron os representantes de cada organización nas conversas. A retirada, xa na primeira reunión, do Partido Galeguista obedeceu segundo esta forza ao apresurado e pouco claro do posíbel acordo. Segundo o PG o pacto deberia facerse noutro momento coa colaboración dun programa comun de acción conxunta. Segundo outras fontes na retirada influiria máis as conversas que o PG estaba a manter simultaneamente co PNV.

Para o PSG-EG, BNG e PNG as conversas foron cordiais, sen que existisen fortes diferéncias de critério, deixando un camiño aberto para posíbeis acordos futuros. Os motivos da ruptura non quedaron excesivamente explicitados, sendo un dos aducidos a premura de tempo e certas dificuldade programáticas. As partes acordaron tamén non facer máis extensivo ao público o desenrolo das conversas.

Cámbio de atitude na segunda reunión

Segundo pudo saber sen embargo A NOSA TERRA, o resultado da primeira reunión facia posíbel augurar unha conclusión positiva, dado que, tanto o PNG como o PSG-EG non fixeron excesivas obxeccións á proposta do BNG de considerar como princípios irrenunciábeis da posíbel coalición a idea de autodeterminación nacional para a Galiza e da consideración da integración na CEE como perxudicial para os intereses do noso país, o que deberia xerar no parlamento europeu unha política de loita contra as imposicións político-económicas da CEE en caso de conseguir algun representante. As tres forzas estiveron de acordo en considerar estes dous princípios como asumíbeis e non maximalistas.

Segundo estas informacións, na citada reunión o PSG-EG faria fincapé, en aspectos a posteriori do resultado, como é do grupo parlamentário no que se integraria o hipotético representante.

Para o PSG-EG o grupo a incrementar seria o dos verdes, posibilidade que non viu moi clara o representante do PNG, quen fixo fincape nas razóns nacionalistas, pondo en dúbida os aspectos comuns que o seu partido poderia ter cos verdes.

Para cabeza de lista o BNG propuxo que fose unha persoa independente, dadas as características da coalición, alternativa que seria ben vista polo PNG pero non así por Gonzalo Vázquez Pozo quen defendeu a necesidade de que fose un membro dun partido en función do número de votos. Tal proposición seria contestada por Carlos Mella, quen se perguntou como lle medirian ao seu partido os sufráxios. As dicrepancias non se consideraron, asi e todo, neste primeiro dia de conversas, como especialmente profundas por nengunha das partes, o que facia albergar esperanzas de chegar a un acordo.

Sen embargo no segundo dia as conversas non frutificaron, presentando o BNG un documento co acordado na reunión anterior. Razóns de tempo e de tipo programático imposibiltarian o acordo segundo o PSG-EG. Para o PNG, un partido carente ainda de contraste eleitoral, pesaria tamén a imposibilidade de calibrar a incidéncia dun acordo con outras forzas, algunha delas, como é o caso do BNG, excesivamente radicais desde o seu ponto de vista. Motivos semellantes puderon pesar tamén no caso do PSG-EG quen, simultaneamente terá que medir as suas forzas en Vigo, Camilo Nogueira como candidato á alcaldia.

PNG e BNG presentarán lista própria

Rotas as conversas, o PSG-EG fixo público o reinício de negociacións a nível estatal con outras forzas nacionalistas como Euskadiko Ezkerra e Esquerra Republicana de Catalunya.

O PNG concorrerá só ás eleicións, ao igual que o BNG, quen ten previsto decidir nos próximos dias se presenta como cabeza de lista a Bautista Álvarez ou a unha personalidade independente. Un posíbel acordo con Herri Batasuna parece descartado dado o anúncio desta coalición da sua presentación ás elecións baixo a sigla própria. □

M.V.

Cea-colóquio do Clube Nacionalista "Alén Nós"

Ceferino Diaz: "Non admito que ninguén diga que está facendo máis ca nós no tema da cuota do leite"

Ceferino Díaz, membro da executiva do PSOE galego, foi o cuarto participante, a título persoal, das Ceas-Colóquio organizadas polo Clube Nacionalista Alén Nos. Ceferino Díaz afirmou que "Galiza está vivendo unha das sua últimas oportunidades de subirse ao carro do progreso". O ex militante do PSG sinalou tamén no comezo da sua intervención que "hoxe atopábame con problemas para recoñecer os meus escritos de hai seis anos".

O profesor Xosé Manuel Iglesias foi o introdutor da intervención do dirixente do PSOE da Galiza, Ceferino Díaz. Invitación que xustificaria por ser "representante dunha das vertentes menos alleas ao nacionalismo" dentro deste partido.

Os políticos galegos desbordados pola acción

Ceferino Díaz comezou recoñecendo que "os políticos neste país somos pouco criativos". O que se xustificaria porque "Estamos desbordados pola acción".

Continuando cos matices á que ia ser a sua disertación, o portavoz socialista para asuntos económicos no parlamento galego, indicou que "hoxe atopábame con problemas para recoñecer os meus escritos de seis anos antes". Seguidamente entrou xa de cheo no tema da conferéncia, non sen antes cometer un lápsus do que tardou vários segundos en recuperarse. "Estou contento de estar aqui no Clube Siglo vint.." dixo antes de cortarse en seco. Os presentes non tiveron sequer que recorrer a Freud para interpretar o despiste. Interpretación que, despois duns momentos de siléncio, Ceferino Díaz desmentiu apresuradamente: "A miña política remata no Padornelo e non teño ambicións de Siglo XXI".

Saltar do atraso á robotica

"As ideas que dominan nos países desenvolvidos, non dominan na Galiza", indicou o dirixente do PSOE. Estas ideas serian: "o coñecimento e o progreso técnico e a vontade de asociación, superadora do individualismo".

"Galiza é un povo adormecido", definiu, para indicar que era necesário "un programa de ilusión, nunha Galiza que mira cara adiante, cousas que só poden aportar as forzas de progreso". "Sen deixar de ser reivindicativos, debemos asumir que hai un Estado. O autogoberno galego non indica que haxa soberania nacional. O autogoberno implica que hai un goberno galego e un goberno do Estado que tamén goberna na Galiza."

Sinalou noutro momento a existéncia dun "divórcio entre as forzas políticas e o povo". Denunciando "os esforzos da direita para substituirse a si mesma".

Ceferino Díaz que se declarou partidario do desenvolvimento económico e da normalización lingüística, afirmou que era posíbel engancharse na era da informática, ainda que non tivésemos pasado apenas pola revolución industrial. "Seria difícil enlazar co desenvolvimento clásico, pero isto agora tamén está en crise". A alternativa é "saltar directamente á sociedade da robótica e da informática".

A respeito da CEE, indicou a necesidade de "entrar voluntariamente como povo diferenciado para non ser asimilados". A integración seria a alternativa á asimilación.

"O PSOE ten un compromiso coa Galiza pero falla nas formas"

Perguntado por A NOSA TERRA, xa durante o colóquio, se pensaba que estaban conseguidos os seus obxectivos explicitados no momento da saída del e dun grupo de membros do PSG, cara ao PSOE, co fin de galeguizar por dentro este partido, Ceferino Díaz indicou que a sua finalidade e a dos seus compañeiros era só a de que o PSOE estivese máis comprometido coa sociedade galega, o cal estaba xa conseguido. Manifestou tamén que o partido era un reflexo da sociedade e que o dia que entre a povoación houbese un 90 por cento de nacionalistas no PSOE sucederia o mesmo. Ante o descontento dos asistentes pola resposta, matizaria que "pésie a todo o PSOE vai por diante da sociedade en galeguismo, pero non quereriamos ir tan adiante que o povo non nos seguise".

Perguntado se se definiria como nacionalista elexeu o termo de galeguista, dado que ser "nacionalista consecuente implica chegar á Soberania Nacional e a posibilidade da independencia política e eu aí teño claro que non quero ir". Definiu á Galiza como unha nación que forma parte de España que seria unha nación de nacións.

Un tren que non chega á Galiza

Incidindo no tema da CEE, o profesor Barreiro Fernández perguntaria polas exiséncias postas polo PSOE para negociar en Bruxelas, tema que quedou sen aclarar, agás non sentido de que "as esixéncias ao meu partido en Madrid non tiñan por que sair á prensa, pois para iso podo falar co ministro no seu despacho". De seguido Ceferino Díaz pasou a citar o tema da Cuota do Leite para indicar en tono tallante que "non admito que ninguén me diga que está facendo máis que o meu partido sobre este tema". Engadindo que "os estudos máis sérios fixémolos nós".

Outras perguntas insistirian no galeguismo do PSOE, ao que o membro da executiva socialista respostaria que "eu non podo evitar que moita xente sexa asi". E que de todas as maneiras habia "un compromiso importante coa Galiza, no que quizá fallamos é nas formas".

Por último Xosé Antón Segade, decano da Faculdade de Dereito, sinalaria a despreocupación do goberno central no problemas concretos que atinxen á Galiza, pondo como exemplo o mapa dos transportes, dado a coñecer polo Ministério do tamén galego Abel Caballero, e que na sua reforma ferroviária non inclue a Galiza. Ceferino Díaz repostaria que si chega, en concreto, a Monforte. Ante a indicación de que iso significaba que nen sequer chegaba a Lugo, o deputado socialista repostaria con humor que si, pero que el era de Monforte. □

M.V.

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

Gernika foi arrasada hai 50 anos

Actos en Euskadi: o nacionalismo basco non esquece a leción histórica

O 26 de Abril do 1937 as escuadrillas de bombardeiros da "Legión Condor" alemana procedian á sistemática destrución de Gernika a cidade-símbolo dos bascos. Durante várias horas os "Heinkel 111" e os "Junker 52" bombardearon con proxectiles de até 1000 libras e bombas incendiarias de fósforo a cidade até a sua destrucción total. Adiantaban os fascistas asi o que anos despois, na II Guerra, foron as sistemáticas destrucións de Oradour-Sur-Glane, Lidice, e de dúcias de vilas e aldeas soviéticas ou iugoslavas. A narración do corresponsal do "The Times", **George Lowter Steer**, descrebe aqueles dramáticos sucesos.

"O luns era dia de mercado en Gernika, antes da sua destrución, e xustamente ás catro e mmedia, no verán, solia estar atafegado de xente...

Ninguén na vila pensaba probabelmente na guerra cando, ás catro e media, a campá da torre da igrexa comezou a soar con estrépito...

Uns minutos despois apareceu un Heinkel 111 e lanzou 6 bombas de calibre meio (dunhas 50 libras), perto da estación cunha tromba de granadas...

Momentos despois apareceu outro Heinkel 111 que bombardeou a mesma zona, pero desta volta con máis aproximación. O teléfono con Bilbao ficou interrompido. O avión barreu á povoación coas suas ametralladoras de frente e de costado, disparadas ao azar. Finalmente endereitou a sua marcha, xirou e foise de volta á sua base...

Pasaron 15 minutos e a xente comezou a sair dos refúxios. De súpeto escoitouse un insistente ronroneo de motores cara o Leste. Era o bruido dos que, en momentos menos tráxicos, soliamos chamar *os tranvias*, os Junker 52, tan bastos e pesados que máis parecia que tiñan que estar pendurados de algo, que voando por si próprios...

Valeiraron a sua carga de bombas por grupos dunha tonelada cada volta sobre a cidade, cuxas ruas se despexaron outravolta. Voaron pesadamente sobre Gernika e as bombas caian mecanicamente en liña despois xa de cada pasada. Seguia o trmendo estoupido da explosión. Ademáis das numerosas bombas de 50 e 100 libras, os alemáns lanzaron grandes torpedos de até 1000 libras. Nunha cidade pequena e compacta como Gernika case sempre acadaban allgun edifício, rasgándoo de enrriba a embaixo verticalemnte, facendo explosión nos sótanos. As bombas penetraban nos refúxios. A moral da povoación tiña sido boa até ese momento, pero logo foi presa do pánico.

Unha escuadriña de cazas Heinkel 51...agardaba ise momento. Até entón estivera ametrallando as estradas arredor de Gernika, esparexendo, matando e ferindo aos rebaños e aos seus pastores. Cando a povoación aterrorizada fuxia da cidade, descenderon a rentes da terra para barrela coas suas ametralladorasa...Os avións de caza lanzábanse en liña., como a frente dunha onda avanta sobre a fresca area á beira dunha praia. Rebentaban en escuma, arroxándose en picado, escupindo lume sobre o campo. Voaban sempre coa sua proa cara Gernika. Para os pilotos o xoguiño debeu ser como deixarse arrastrar pola onda, cando se baña á beira do mar. A povoación, espantada, permanecia entramentras nas cunetas boca abaixo ou coas costas pegadas ao tronco dalgunha arbre...Moitos cometeron o disparate de se encerrar novamente na cidade para fuxir do ataque aéreo. Foi daquela cando comezou o bombardeo pesado de Gernika. Foi entón cando o puño opresor borrou a cidade de Gernika da face daquela prácida paisaxe de Bizkaia.

Serian aproximadamente as 5 e cuarto. Durante duas horas e média escudriñas integradas de 3 a 12 avións tipo Heinkel 111 e Junker 52 bombarderaon Gernika despiadadamente e



O Aberri Eguna foi celebrado por HB en Gernika. O acto foi o máis masivo dos celebrados e reuniu a várias decenas de miles de persoas

cun sistema prefixado. Elexiron as suas zonas de ataque de xeito ordenado. Encetaron a operación ao Leste da Casa de Xuntas e ao norde da fábrica de armas. As primeiras bombas cairon como unha coroa de estrelas arredor do hospital, na estrada de Bermeo. Voaron todas as xanelas como impulsadas por un soplo divino.

Sobre as casas despedazadas cuxas cortinas, alfombras, vigas astilladas, entarimados rebentados, móbeis escachados e esparexidos, estaban listos para ser pasto das chamas, os avións lanzaron copos de prata.

Eran tubos de 2 libras de peso, dunha longura paroximadamente como a do antebrazo dunha persoa, brilantes como a prata: tiñan as suas paredes externas de alumínio e magnésio. Dentro, como no princípio do mundo de Prometeo, dormia o lume. Lume en forma de pó prateado, de 65 gramas de peso, listo para fluir a traveso de 6 aberturas situadas na base do arxentado tubo. Asi, cando as casas se desplomaron sobre os seus habitantes, choveu fogo en conserva desde o ceo para abrasalos.

Cada vinte minutos chegaba unha nova onda de avións. Entre explosión e explosión, os chorros de fogo de metal derretido prendian cortinas e alfombras e portas e vigas"(..)

Por que destruiron Gernika

A invasión de Euskadi estaba plantexada por Mola e Franco en 21 dias de Mrzo e prolongouse até Xuño. Nese tempo os sublevados perderon o seu único acorazado, un sinnúmero de tanques e 20.000 homes e recorreron á traición de inxeneiro xefe Goikoetxea, que entregou os planos co emprazamento exacto das trincheras e de cada posto da resisténcia. En Marzo xa catro "Junker" da Legión Condor nazi bombardearan Durango, causando 250 mortos. Despois veu Gernika. A determinación de conquistar literalmente Euskadi resúmea o panfleto firmado por Mola: *"He decidido terminar rapidamente la guerra en el norte. Se respetarán las vidas y haciendas de los que rindan sus armas y no sean culpables de asesinatos. Pero si la rendición no es inmediata arrasaré Vizcaya hasta sus cimientos."*

O obxectivo era semiar o pánico na povoación e destruir a moral de comnbate dos *gudaris*, máis de 45.000 que combatian nas filas republicanas, e mesmo se tentou acusar aos próprios bascos da destrución da cidade. 50 anos despois os nacionalistas comemoran aquela data. Gernika non significou o fin, e a pesares da dura derrota —"a máis cruel na história de Euskadi", segundo as publicacións nacionalistas— neste Aberri Eguna e nos actos que se convocan para o 26 de Abril amostran un ánimo renovado e lembran as tráxicas horas e o significado político da dura masacre de Gernika. □

X.C.

HB xuraria a Constitución como mero formulismo

Cara as eleicións ao Parlamento Europeu Herri Batasuna aceitará, como mero formulismo, a obrigatoriedade de acatar a Constitución ante a Xunta Eleitoral Central, no caso de que os seus candidatos resulten eleitos.

Un portavoz da coalición *abertzale* declarou a este periódico que a Mesa Nacional, despois dos debates realizados nas bases, considerou que a xura da constitución non era máis que "unha traba imposta pensando en nós, para dificultar o noso aceso ao Parlamento europeu".

"Non nos desviarán do noso obxectivo fundamental, afirmou, que é levar a nosa mensaxe a Europa. O demais só son trabas que xa veremos a forma de superar". □

Segunda volta

XESUS VEGA

A menos de sesenta dias dunha nova cita eleitoral resulta inevitábel perguntar-se polos efeitos que pode orixinar a coincidéncia entre as eleicións municipais —e, nalguns casos, tamén autonómicas— e as destinadas a cobrir os postos do parlamento europeu.

Sen dúbida, esta circunstáncia actua contra aquelas forzas ou candidaturas cuxo principal capital eleitoral fica vinculado á dinámica política local. A preséncia de papeletas onde van figurar os nomes de Manuel Fraga, Adolfo Suárez ou Fernando Morán, representa un factor de confusión ou de presión para todas aquelas persoas cuxa cultura política non vai máis alá dos límites estabelecidos por TVE. Un corpo eleitoral atacado polo síndrome do voto útil debe facer un esforzo suplementário para non sacrificar as suas fidelidades locais en favor dos grandes expresos da política europea.

As eleicións ao Parlamento de Estrasburgo serán consideradas, inevitabelmente, como unha segunda volta das realizadas en Xuño de 1986. Tal circunstáncia constituirá o seu principal atractivo nun momento no que se suceden as protestas dos sectores sociais que padecen máis directamente as consecuéncias da entrada do Estado español na CEE. No campo galego



Cali

ou en Reinosa seria difícil explicar, hoxe en dia, as virtualidades intrínsecas das instáncias parlamentárias europeas.

Nese contexto, comprenden-se as manobras legais promovidas polo PSOE para atrancar a participación de Suárez como candidato ao Parlamento europeu. Saben perfectamente que o CDS pode manter unha liña ascendente grácias a unha parte dos votos que posibilitaron o trunfo do felipismo. E moito máis despois de coñecer a surprendente reaparición de Fraga na cabeceira da candidatura aliancista. Esta decisión de AP cuestiona o suposto cámbio de imaxe que ia realizar H. Mancha e demostra que o principal activo desta opción política segue a ser o eleitorado fraguista. Os novos dirixentes prefiren o teito eleitoral coñecido a calquer outra aventura que remate no abismo.

Haberá que ver a incidéncia das mobilizacións sociais nos resultados do 10 de Xuño. Por se acaso, os voceiros da Moncloa atacan con viruléncia a todo o que se move pola sua esquerda e aseguran que as folgas están a pique de rematar. O oficialismo de TVE fai o resto: un informe sobre Reinosa que parecia estar elaborado no despacho de Solchaga, dez minutos de telexornal para dar conta dunha premeditada operación propagandística montada polo Ministério do Interior contra pequenos traficantes e consumidores de droga, xenerosa cobertura de todo tipo de entrevistas concedidas por Felipe González...

Para os amantes do voto útil, o cartel do 10 de Xuño apresenta rivalidades apaixonantes. Unha das mais próximas é a que vai enfrentar a Marfany con Fernández Moreda —man direita de Paco Vázquez— para a conquista da Deputación provincial coruñesa. A direita de toda a vida frente aos faraóns enxendrados polo felipismo. Un representante da vella clase política que tenciona axeitar o estilo autoritário de onte ás esixéncias do guión parlamentário actual enfrentado a un novo rico seguidor do alcalde musoliniano, martelo dos herexes que non queren pronunciar "La Coruña".

Apaixonante. Tanto que os espíritos máis sensíbeis deberian procurar fuxir de semellante disputa se non queren rematar no psiquiátrico máis próximo.

Indonésia pretende instituir a sua dominación sobre Timor a meio dun comício amañado

As alusións de Margaret Thatcher aos disidentes soviéticos recaberon xa nunha ocasión a apelación recíproca á indefendíbel dominación Británica do Ulster.

Agora son os habitantes de Timor Leste os que volven apelar á conciéncia británica e recordan que o governo de lacarta non, permite a saída do país de catro estudantes da ex colónica portuguesa.

A apelación producese en plenas eleicións na Indonesia.

O ministro de asuntos exteriores da Indonésia, señor Mochtar, que se apresenta candidato por Timor Leste nos comícios previstos para o vintecinco de Abril, minimiza a resisténcia timorense que califica de subversión menor, bandolerismo ou "pouco máis de 500 persoas escondidas nos montes do Leste do território". Quen non axuda moito a dar visos de realidade ás afirmacións de ministro é a prensa conservadora británica que perante a publicidade que a primeira ministra británica deu aos direitos humanos en Moscu, nun comentário no que citan aos estudantes timorenses que agardan permiso para sair da Indonésia, fálase de que xa é ben tempo de que o governo inglés presione ao indonésio para que retire as suas forzas de Timor Leste para que este país poda decidir dunha vez o seu próprio futuro.

As eleición celebraranse coas soias candidaturas dos partidos tolerados polo réxime ditatorial de lacarta polo que se trata evidentemente dun comício amañado, cando non anacronicamente censitário. O que se busca xa que logo é colocar ante a própria povoación de Timor e a opinión pública internacional a aceitación da prepoténcia anexionista da Indonésia como un feito político avaliado polas urnas.

Os desaparecidos

Entre Setembro do 83 e Marzo de 85 desapareceron en Timor, máis de corenta persoas, que se suman á xa interminábel relación de *mortos sen publicidade* que anda desde 1975 polas chancelerias dos países do Norte reclamando solidariedade. Como nos casos de Chile, Uruguai e Arxentina, este procedimento de extermínio baseado no siléncio e no anonimato, é especialmente selectivo e aponta aos estamentos máis críticos da comunidade timorense. A lei de terror e siléncio busca converter os cidadáns de Timor en cidadáns de segunda clase no seu próprio país. Non se trata tan só da desaparición selectiva, senón dun auténtico arrasamento cultural de Timor. O exército indonésio está a destruir as escolas de Timor mentres o governo concede facilidades para todos aqueles que prefiran a educación no idioma colonizador. Amnistia Internacional ten solicitado sen resultados a investigación das desaparicións denunciadas.

O Instituto Católico para as relacións Internacionais, con sede en Londres, ten denunciado na véspera destas eleicións, violacións de direitos humanos a gran escala, encarceramentos sen xuício prévio, desaparicións e penas máximas sen nengun tipo de proceso xudicial. Este instituto avoga por un proceso eleitoral fiscalizado e organizado internacionalmente que permita ao povo de Timor Leste se expresar libremente e que igualmente exerza o seu direito á autodeterminación.

Xanana Gusmao, líder da Fretilin, fixo durante a campaña eleitoral un chamamento no sentido de non enfraquecer na loita contra dos que procuran a integración de Timor na Indonésia baixo a fachada da autonomia. □

G.L.T.

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

libraria couceiro

Praza do Libro, Tel. 26 63 77, A CORUÑA

República de El Salvador, 9, Tel. 56 58 12, SANTIAGO

FEITO
IMPRENTA RAPIDA
Hernán Cortés 13-15 interior Tlf.: 22 10 29
VIGO

Café de Redacción con Xurxo Fodor e Laszlo Nagy, representantes maxiares

A agricultura marca na Hungria o ritmo da modernización

Xurxo Fodor, Agregado Cultural da embaixada húngara en Madrid e Laszlo Nagy, Director para a Península Ibérica de Ibuz, Compañia Estatal de Turismo de Hungria, estiveron en Vigo para dar sendas conferéncias dentro do ciclo que, promovido pola Asociación Cultural, se dedica a dar a coñecer a forma de viver dos países socialistas. Durante a sua estáncia na Galiza visitaron A NOSA TERRA, onde tivo lugar un "Café de Redacción"

"Temos unha amizade especial con outros povos pequenos como o noso que resistiron durante séculos e que hoxe ainda contan non só cunha cultura e un idioma próprios, senón que esa cultura e ese idioma está plenamente vivos e fructíferos", comezou dicindo Xurxo Fudor.

Hungria é unha república popular que conta con 10,6 millóns de habitantes, ainda que hai outros tres millóns de húngaros esparexidos por Europa. O Partido Socialista Obreiro Húngaro asume o papel dirixente "ainda que en 1956 foi fundada a Frente Popular que unifica a todas as partes da sociedade e funciona como un partido eleitoral en epoca de consultas", afirma o Dr. Fodor.

Nas eleicións no país maxiar antes habia un só candidato pero agora "preséntanse un mínimo de tres ou catro persoas. Primeiramente son eleitos como nas primárias do sistema americano. Logo son incluídos nas listas finais que vota toda a povoación. Asi son elexidas persoas que son militantes do Partido ou non, persoalidades da sociedade, representantes dos bairros, párrocos, bispos... no Parlamento están representados todos estos sectores, sendo un 30 por cento mulleres".

A preséncia da Igrexa no Parlamento pode resultarlle chocante a algunha persoas, pero máis "incríbel" lles pode parecer que ainda existan coléxios rexentados por relixiosos onde pode estudar quen queira.

Para o Agregado Cultural non fai falta vixiar estes coléxios, pois "a suposta perigrosidade na prática non existe. Hai quen pensa que algunhos intelectuais poden cambiar a dirección do socialismo. Iso, en pura teoria, é admisíbel, pero na realidade, isto é totalmente imposíbel".

Os húngaros móstranse contentos coa "perestroika" emprendida por Gorbachov e pensan, ainda que non o afirmen, que eles se adiantaron nas reformas "que non son un camiño cara o capitalismo como as presentan aqui, senón unha forma de avanzar no socialismo e de encarar a realidade".

Asi desde hai tres anos os obreiros elixen directamente aos responsábeis das empresas e ao consello de dirixentes, que controla non só o director, e o diñeiro senón tamén os plans, pois "a Oficina dos Plans Económicos traballa só para dar perspectivas xerais".

Pero a democratización da dirección industrial faise através dos métodos elaborados na modernización agrícola, ainda que até agora as ciéncias sociais negasen que isto poderia suceder. Asi na agricultura foi onde primeiro os traballadores elixiron aos responsábeis das empresas (cooperativas) que, cando perden a confianza son substituidos por outros segundo método de eleición directa".

Esta modernización leva a que hoxe Hungria ocupe o segundo posto mundial en produción por héctarea en cerais e millo. Para isto foi preciso que a comezos dos anos cincuenta entrase en funcionamento unha nova onda de colectivización, cunha táctica nova: "demostrarlle nunha pequena zona aos campesiños como con cooperativas ben rexidas e orientadas vivirian millor".

Agora a maioria dos campesiños ganan máis que os obreiros e até os funcionarios das cidades e as épocas en que o agro quedaba deserto pola emigración á cidade deron paso a outras onde a xente nova volta para o agro, "pero agora as cooperativas están en disposición de escoller, porque, ademais, precisan xente cada vez máis preparada".

A agricultura márcalle a modernización á indústria

Para conseguir esta preparación moitos xovenes son mandados a estudar aos EE.UU. ou á Holanda principalmente "sendo as própias cooperativas quen pagan os seus estudos".

Para dar unha idea da puxanza de moitas destas cooperativas que (moitas veces son de produción prestan servícios e teñen tendas próprias para vender os seus produtos) chega con dicer que hai algunhas que teñen propiedades en lugares turísticos como Suíza para que podan descansar os traballadores.

Cada família cooperativista ten direito a unha hectárea de terra que dedica maiormente a horto. Pero estas non son as únicas propriedades privadas que hoxe existen en Hungria. Agora hai empresas privadas familiares, sobretodo no sector de hoteis-restaurantes, que poden contar con até cinco traballadores.

Ademais os responsábeis económicos maxiares están incentivando a construción de empresas con capital mixto: participación extranxeira e estatal húngara. Asi existen 12 da RFA e tres do Estado español. Nos campos a potenciar están tamén as exportacións que se realizan en case un 50 por cento a países que non pertencen ao COMECON.

Pero un campo onde Hungria conseguiu un gran desenrolo é o turístico, até o ponto de que visitaron ese país o ano pasado máis de 17 millóns de extranxeiros. Esta afluéncia de visitantes permítelles aos seus habitantes facer tamén turismo no exterior "no 1986 houbo 3,7 millóns de turistas húngaros a outros países", dinos Laszlo Nagy quen nos explica que "cada empresa turística pode enviar fora dos país até un 45 por cento do que receban de turistas que, pola sua mediación, visiten Hungria".

O responsábel de turismo maxiar para a Península Ibérica contestaba asi á pergunta de se se podia viaxar sen nengunha traba polo seu país: "como imos pór trabas aos nosos visitantes se os metemos a viver coas nosas famílias: temos 180 mil camas en casas particulares". □

A.E.

CCOO, INTG e CXTG convocan conxuntamente o 1 de Maio

As centrais sindicais INTG, CXTG e CC.OO. celebrarán conxuntamente o 1 de Maio baixo o lema "mobilicémonos en defensa dos nosos direitos e da Galiza", con manifestacións en todas as cidades e nas principais vilas.

Prodúcese esta confluéncia sindical neste Dia do Internacionalismo Proletário cando as tres centrais xa celebraron conxuntamente o Dia da Clase Obreira Galega e están levando en común, agás leves discrepáncias, a negociación colectiva para romper os topes salariais impostas polo Goberno.

Por outra parte seguen intentando conseguir unha mobilización conxunta que moi ben poderia darse despois do 1 de Maio, pero na mesma quincena. Nesta xornada de loita participarian tamén os labregos e os estudantes. Asi, todo parece indicar que a confluéncia dos tres sindicatos e o firmado con anterioridade ao 10 de Marzo seguen tendo vixéncia.

III Congreso da INTG

Os dias 2 e 3 de Maio próximo vai ter lugar en Compostela o III congreso da INTG con dous temas básicos: Acción sindical e estatutos, asi como a eleición do Secretário Xeral. Os 290 delegados, 250 eleitos polas 15 zonas e 40 membros máis pola Dirección Nacional, terán que discutir duas ponéncias de acción sindical; unha oficial e outra alternativa. As diferéncias máis importantes entre as dúas ponéncias radican nas relacións coa CXTG, onde a oficial propón a criación dunha Mesa Sindical Galega conxuntamente co sindicato escindido, asi como sobre a própria coceición do sindicato, ainda que neste último ponto as diferéncias non parecen ser moi pronunciadas.

No tocante aos estatutos preséntanse tres ponéncias que coinciden en eliminar o Secretariado Nacional.

A ponéncia oficial propón, ademais da desaparición do Secretariado Nacional, que a Comisión Executiva conste de 15 membros e que sexa esta quen elixa ao Secretário Xeral. Unha das ponéncias alternativas propón a redución da executiva a 11 membros e que o Secretário Xeral o siga elexindo o Congreso. A outra ponéncia alternativa propón que a Comisión Executiva conste de 17 membros pero que sete deles sexan os secretários das zonas que se verian reducidas de 15 a 7.

A fraga de Caaveiro outra vez oficialmente protexida

A Comisión de Ordenación do Territorio do Parlamento da Galiza ven de aprobar unha proposición non de lei para declarar á Fraga de Caaveiro, no val do Eume, Parque Natural. A proposición aprobada, apresentada a instáncia do parlamentário do PSG/EG Martínez Aneiros, propón que a Xunta delimite exactamente o perímetro da zona e propoña as medidas precisas que deteñan a sua destrución, asi como que tramite e elabore un Plan de Ordenación da mesma que conteña a declaración como Parque Natural.

Mais esta figura legal non é a primeira que se aproba para protexer a devandita fraga. O 13 de Agosto do 1971 vía a luz no BOE o decreto do Ministério de Educación (quen daquela tiña competéncias na matéria) polo que se declaraba á vila de Pontedeume Conxunto Histórico Artístico, a sua comarca Paisaxe Pintoresca, entendendo como tal "comarca" un amplo território de aproximadamente 400 Km² definido por uns límites absolutamente arbitrários (como pode comprobarse no mapa). Esta arbitrariedade, xunto á deixadez da Administración e o desinterés dos viciños, conlevou a que de feito non se observase "protección" algunha.

Hoxe, 16 anos depois, os problemas da Fraga son precisamente os que quixeron evitar coa sua protección oficial: aparición de construcións de xeito indiscriminado (casas, casetos, refúxios); esquilmación de eucaliptos, pesca e caza abusiva); extracción de áridos do leito do rio; accesibilidade non controlada (invasións de domingueiros, campismo selvaxe) todo isto sen esquecer a contaminación de águas e ar por mor dos resíduos orixinados na imediata Central Térmica de Endesa en As Pontes.

Non seria até Setembro do ano 86 cando a Administración se decidiu a tomar cartas no asunto. Concretamente a Deputación de A Coruña (vicepresidida polo alcalde de Pontedeume, un dos concellos xunto con A Capela, Cabanas e Monfero, polos que se estende a fraga) que interviria na zona expropriándolle á Casa de Alba, proprietária do Mosteiro de Caaveiro e terras adxacentes, por 26 millóns de pesetas as 9 hectáreas que posuian no val do Eume.

Mais este que foi un primeiro e tardio paso non pode dar menos que ser calificado de simbólico xa que a superfície total desta "derradeira fraga da província de A Coruña", segundo a SGHN, é de máis de 2.500 hectáreas.

Máis dunha vez topámonos cun caso no que os feitos van por unha banda e os ditos por outra ben diferente.

Non nos fagamos ilusións, esta declaración de Parque Natural pode chegar a quedarse niso: nunha "declaración" e a Fraga de Caaveiro nunha somera cita na "Enciclopedia Gallega". □

PLÁCIDO LIZANCOS

A Asociación Galega de Artesáns protesta

A Xunta hai tempo que esqueceu ao sector da artesania

A Xunta da Galiza ten plenas competéncias no sector da artesania, pero dun tempo a esta parte, parece que esqueceu totalmente de que existen artesáns e artesania. Non hai subvencións, nen se pagan as concedidas; non se poténcia, non se programa e nen tansequer receben aos representantes da Asociación Galega de Artesáns.

Desde finais do ano 1985, a Sección de Artesania da Consellaria de Traballo, Indústria e Turismo, permanece paralizada. Os motivos poderian ser aducidos aos acontecimentos políticos do pasado ano, pero despois da aprobación dos presupostos no mes de Novembro polo Parlamento, a situación non cámbia. Houbo, iso si, partidas comprometidas formalmente, pero non foron feitas efectivas. Segundo a Asociación Galega de Artesáns "isto coloca en difícil situación ao organismo ou entidades que no pasado ano realizaron actividades, dando crédito a ditos presupostos, dos que até o dia de hoxe, non foi gastada nen unha peseta".

Dase tamén a circunstáncia de que dita Consellaria convocou no Boletin Oficial da Galiza (9-12-86) axudas para a mellora de obradoiros artesáns, que até hoxe non foron resoltas.

Dentro dos presupostos do ano 86 encóntranse várias partidas tan importantes como as destinadas a subvencionar Feiras e Certames en várias capitais (xa celebrados); á Empresa Comercializadora de Artesania na Galiza; á revista *Artesáns*; ás II Xornadas de Artesania Galega, etc.

Algunhas das actividades levadas a cabo no ano anterior fórono en base ao convénio co Ministério de Indústria e Enerxia, polo que este Ministério aportaba un total de 2.500.000 pesetas, que segundo a AGA "nos consta que fixo efectivo ao departamento correspondente da Administración Autónoma, pero até o momento nengunha actividade que aparecia no convénio recebeu un can".

Polo demais a praza de Xefe de Sección de Artesania está vacante desde o mes de Decembro de 1986, sen que até hoxe teña sido coberta, ainda que o Director Xeral ten asegurado que será cousa de dous dias en várias entrevistas con artesáns celebradas hai meses.

Todo isto levou a que se paralizase totalmente a actividade de dita sección, incluída a asisténcia a reunións dos responsábeis de áreas das autonomias, nas que, segundo os artesáns "se están tratando temas de gran interés, como poderian ser os da marca de garantia para produtos artesanais, ou os da Feira Internacional de Artesania".

Falando de paralización hai que dicer que a artesania galega non está regulada, ainda que se teñan realizado xa dous proxectos de lei, sen que se teña notícia de cando van ser aprobados polo parlamento os proxectos de Lei realizados xa hai dous anos. Isto ocorre cando case hai cinco anos que foron transferidas as competéncias.

A.E.

A maior parte destinados a gastos de persoal

As dióceses galegas receberon do Estado máis de mil millóns

A dotación do Estado ás dioceses galegas sobrepasou os 1.100 millóns de pesetas, dentro dos 12.723 millóns que os Presupostos Xerais do Estado consignaron o ano pasado a favor da Igrexa católica.

A diócese galega máis beneficiada foi a de Compostela, con 375 millóns de pesetas. A asignación para a de Tui-Vigo foi de 126 millóns; Mondoñedo-Ferrol 130 millóns e médio; Ourense 217 millóns e Lugo 252 millóns e médio.

A maior parte das asignacións foron parar ao pago dos cregos (perto de 3.000 en toda a Galiza). Asi, na diócese de Compostela 250 millóns foron destinados a gastos de persoal, para cregos con dedicación plena. En Lugo 132 millóns fóronse tamén en pagas.

Na Seguridade Social gastaron 42 millóns en Lugo; 23 e médio en Mondoñedo; cerca de 43 millóns en Ourense, máis de 70 millóns e médio a diócese de Compostela e 25 a de Tui-Vigo.

Por pór outros exemplos significativos, en Compostela destinaron 38 millóns para a conservación de templos e casas reitorais e en Lugo 40 millóns foron gastados nos mesmos mesteres.

A.E.

SUBSCRÉBASE

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

COPACO
TODO TIPO DE CARNÉS
DESDE MOTO A
AUTOBUS
Marqués de Figueroa
Edif. Plaza, 112 - 1º Telf. 24 57 15
A Coruña
Avda. do Generalisimo, 64 Curtis
PRESENTE ESTE ANUNCIO E INFORMESE DAS NOSAS VANTAXES

O recheo de A Guia detívose en favor dos intereses do porto de Algeciras

En Vigo o recheo de 750.000 m² de mar contestado polos viciños de Bouzas e Alcabre e ecoloxistas

Desde hai meses o goberno municipal do PSOE ve contestado un dos seus máis caros proxectos: o recheo de 750.000 m² de mar no bairro de Bouzas. Unha obra iniciada hai dezasete anos, que se quer xustificar como criadora de chan industrial e que ten a contrapartida paradóxica da paralización dun recheo na mesma cidade, na zona da Guia, polas presións realizadas polo porto de Alxeciras, que temia a perda dun importante caudal comercial. A grave ameaza biolóxica para outra ria galega é contestada por todos os grupos ecolóxicos mentres o alcalde vigués anúncia que pasará por riba de todos até rematalo. Todo coa pantalla eleitoral iluminada de obras públicas para a galeria en todas as cidades incluída a viguesa.

Vista aérea dos recheos de Bouzas. Embaixo do motor a lagoa. Delmi Álvarez

O tramo final pre-eleitoral marca a actividade das cidades galegas. Un furor inaugurador, unha febre de asfalto, losetas, pequenas reparacións de alcantarillado, frenesi en "parques e xardíns",... e ofrecimentos de siléncio para chegar á liña de saída da campaña sen grandes conflitos. En Vigo os espácios da prensa están rigorosamente calculados polo PSOE. O seu portavoz no concello, o antano troskista Carlos Príncipe, minimiza aos denunciadores, "que me importa que nos lapide "La Voz" se só a le un 7% do noso eleitorado ou que Radiocadena dé acollida á voz dos viciños, se non se escoita na cidade? Preocúpame o "Faro", que o le un 60 por cento do noso corpo eleitoral, ou Rádio Popular". Asi se expresaba hai pouco tempo diante das comisións de viciños que denunciaban a política municipal a respeito do recheo de Bouzas, do aceso da Zona Franca a Bouzas ou do nudo de Isaac Peral, as tres frentes de conflito fundamentais para os rexidores locais. Política de siléncio que non admite nen a discrepáncia nos carteis da rua ou as mobilizacións: os primeiros borrándoos sistematicamente con pintura gris ás poucas horas de colocarse, aquelas coa acción policial e as multas ditadas polo alcalde Soto.

O recheo de Bouzas

O gañar espácio ao mar para facer instalacións portuárias ven de lonxe. A comunicación da cidade olívica co Atlántico hoxe redúcese á Estación Marítima e á zona de praias. O resto praticamente ocúpao a actividade portuária e os estaleiros que neste século foron gañando centos de miles de metros cadrados ao que hogano formaba parte da paisaxe urbana e humana da cidade. Hai dezasete anos en Bouzas, comezou un recheo que, con diversas paralizacións, encheu un espácio de 250.000 m², sobre un total de 1.000.000 previstos, que desde hai meses pretende completar o goberno municipal do PSOE, mudando a sua anterior traxectória de oposición aos mesmos. No outro extremo marítimo da cidade, en Teis, paralízase outro recheo, sen que ninguén se ocupe del: as presións de Algeciras, através do MOPU, conseguiran frear a expansión doutra xigantesca obra que agora, paradoxicamente ten discontínua prolongación noutra ponta da cidade.

A unanimidade das organizacións cidadáns e ecoloxistas é total. Nos 250.000 metros cadrados xa cheos, construíranse unha gardaria infantil, unha residéncia para vellos/as, e hai terreo abondo para a instalación de numerosas canchas polideportivas, incluído un campo de fútbol completamente dotado, e o ansiado Palácio de Congresos e Exposicións. Sen embargo é este último e a criación dunha zona de terreno industrial o groso de argumentos esgrimidos polo concello frente ás alegacións dos opositores.

Agresión ecolóxica e sen sentido urbanístico

A primeira parte do recheo tiña illado unha grande lagoa —ver fotografia— na que, polas especiais condicións criadas casualmente, lográrase un parque marisqueiro de espectacular riqueza. Surprendentemente producíranse unhas condicións de temperatura, salinidade e ambientais que permitian a reprodución de espécies de ostras xa esquecidas na ria viguesa e doutros moitos mariscos, que confirmaban o espectacular potencial bio-alimentício das nosas rias, en consonáncia coas afirmacións sempre feitas por todo tipo de especialistas. Durante vários meses produciuse a explotación desa riqueza, até que o reinício do recheo obrigou ao concello a pór fin, desde un princípio do mesmo, a ese argumento contínuo que era a lagoa. Dito e feito: várias toneladas de cimento remataron coa quimera... por uns meses: rebelde e tozuda a natureza contra a insensatez, volta a rexenerar a vida.

Ainda asi o recheo continuou. Sen nengún tipo de muro de contención, botándose camións de terra e todo tipo de desperdícios mesmo industriais (tense detectado o mortal caolín) que ergueron a indignación e deron lugar ao nascimento do Comité pola Defensa da Ria, que organizou nestes meses unha tenaz campaña de prensa, publicidade e mobilización contra un plan que se intue, pola parte institucional, especulador.

Asi se iniciaron os cortes de tráfico e as contínuas mobilizacións para evitar que se consumase un recheo que dificilmente se sostiña en pé coa desculpa da criación de terreos para un "parque industrial": Vigo, a carón de zonas con terreno industrial dabondo (Porriño e Mos), no centro dun pé de vento desindustrializador, levado a porto polo mesmo partido que agora propícia municipalmente un recheo para ubicar a inexistente realidade industrial que a ZUR, por exemplo, proclama. Súmese a iso a colocación dese terreno xunto do equipamento social construído ou anunciado, e estará conseguida a cuadratura do círculo de planificación urbana.

Consecuéncias irreversíbeis

O dano do recheo non se limita á destrución da riqueza marisqueira. Os centos de toneladas de terra e desperdícios, botados sen nengún control, poñen en perigo segundo biólogos integrados no Comité de Defensa da Ria, non xa o entorno imediato do mesmo senón o do conxunto da Ria. Distorsión das correntes, alteración dos fondos, sumado aos múltiples axentes contaminantes deitados diariamente na ria (pinturas, aceites, metais pesados, colorantes, abrasivos...), apresentan un panorama negro para a ria Viguesa. Con efeito, segundo o biólogo representante de ADEGA no Comité, "nen sequer construiron un muro de contención para que a terra e os vertidos non sexan arrastrados polas correntes, porque resulta un meio máis barato e ademais poden seguir enchendo o que queiran. Non teñen en conta que canta menos água haxa na ria haberá menos correntes e provocarase un fenómeno de estancamento". Xa hoxe, entre a zona da Guia, onde se paralizou outro recheo por intereses alleos á cidade, e Bouzas, hai depositado un metro de lama no que non se fixa nengun tipo de larva e a vida dos fondos é inexistente.

En contraste peculiar, meses atrás reuníase en Vigo o Grupo de Traballo sobre Contaminación Mariña do Consello de Europa, nun Vigo presidido por un defensor a ultranza da maior e máis contestada agresión ecolóxica ao mar galego, despois da atroz situación de envenenamento da ria de Pontevedra. Un Soto que se pronunciaba na prensa o pasado 27 de Marzo, desdicíndose de posicionamentos de anos atrás; "O PSOE é belixerante neste tema por ben dos vigueses e non imos facer concesións de tipo algun (...) Para que non haxa dúbidas incluirémolo no programa eleitoral (...) Co recheo ademais rematamos cun esterqueiro de praia chea de gasóleo onde amarran uns cantos barcos de *persoas non viguesas* [a cursiva é nosa] e que son as que están á frente dos altercados através de Comisións Mariñeiras". E refírese ao Palácio de Exposicións como promotor de postos de traballo: "será o centro cultural máis importante da cidade e foco de riqueza, porque Vigo será a primeira cidade ferial da Galiza e dun profundo Norde de Portugal que irá alén do Porto".

As cousas están difíceis, e non só eleitoralmente, para o actual goberno municipal no recheo de Bouzas. Á total unanimidade viciñal súmase a oposición do Coléxio de Arquitectos da Galiza, que mesmo ten manifestado a sua desaprobación, e a expresa proibición aos seus colexiados de presentarse ao mesmo, do concurso para a contratación do futuro Palácio de Congresos e Exposicións. Unha oposición na que o atildado alcalde vigués ve, obviamente, manipulación política. O COAG ten denunciado ademais a destrución de catro praias que produciria a ultimación do recheo, como un argumento máis en contra dunha obra contestada con singular unanimidade polos viciños.

XAN CARBALLA

Desde o foxo atlántico ao recheo

Soto ten un ar ao Vázquez de A Coruña, pero en fino. Non se lle ocorre pór os cornos nun partido de fútbol, ten coidado co idioma galego en público, ainda que o privado sexa distinto, e mesmo na equipaxe externa garda as distáncias do ar de "Fiebre de Sábado Noche" do rexente coruñés, que non gaña nestas últimas semanas para senténcias xudiciais contrárias.

Manuel Soto

Soto senténcia as suas afirmacións *con el peso de la ley*, e anúncia os seus proxectos sempre "polo ben de Vigo". Un ben que, no caso do recheo de Bouzas non conta con anuéncia algunha de nengunha organización ecoloxista. O ecoloxismo déixao o alcalde vigués para tempos de foxo atlántico pre-eleitoral, que non despois. Para presidir reunións internacionais, mentres coa outra man enche de puñadas de terra e porcarias mortais a ria. E anúncia o avante da terra sobre o mar "caia quen caia" resumindo a toda unha oposición viciñal "nos proprietários duns cantos barcos de persoas non viguesas". Será que Bouzas, hai unhas décadas, era municipio independente, senón non se entende a segregación do actual munícipe vigués. □

A
CASA
DAS
CRECHAS

VIA SACRA — Nº 3
COMPOSTELA

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

As imaxes da muller

Mª Dolores Vigil e Cristina Peña-Marín, profesoras ambas da Faculdade de Ciéncias da Información da Universidade Complutense de Madrid, estiveron hai alguns dias en Vigo oferecendo unha conferéncia, dentro dos actos que co lema de "A muller na publicidade" organizou o Centro de Información dos direitos da muller "Alecrin". Os modelos que através da história se teñen oferecido da muller e a muller na publicidade foron os dous eixos, respectivamente, da conversa que mantivemos con cada unha delas.

Cristina Peña-Marin

Os anúncios mostran agora unha muller que busca gostarse a si mesma

Segundo Cristina Peña-Marín, "a penetración dun sentido crítico fai imposíbel a utilización pola publicidade de certos recursos moi frecuentes antes, como por exemplo o de gustar para conquistar a un home. Os anúncios mostran agora unha muller que busca gostarse a si mesma. E a presentación dun obxectivo narcisista, dentro dunha cultura na que hai que ser guapa sempre. (É como unha espécie de obrigación da muller para ser muller). Este é un cámbio de hai moi poucos anos. Lembro aquel anúncio de: Vou casar con Arturo. El ainda non o sabe. Pero xa empecei o Plan Ponds, beleza en sete dias. Hoxe seria imposíbel presentar algo asi, produciria risa."

—Vai a publicidade máis en vangarda que o cine ou a literatura da que falaba Mª Dolores Vigil, quizá porque se renova máis rapidamente?

—Non. No cine por exemplo tamén se teñen superado os esquemas clásicos, pero en películas ainda non de masas. Hai determinados autores que xa incorporan esquemas sobre a muller máis avanzados. Quizá influan tamén os xéneros. Lembro agora "En Busca del Arca perdida", onde a rapaza é outra vez a de sempre, parva, zopenca, estropea todo, pero guapa.

—Cales son os principais modelos que se oferecen na publicidade?

—Existen cinco ou seis tipos. Pero hai unha caracterización global que atinxe a todas as mulleres que é a muller **reclamo**, a que se coloca xunto ao produto para atraer a mirada do espectador. Ás veces, nen sequer é o corpo da muller inteiro, senón a silueta, unha man, etc. Trátase en todo caso de asimilar a sedución da muller á do produto. Isto ocorre no 60 por cento dos casos de imaxes da muller que teñen aparecido durante o último ano.

Logo, o seguinte tipo en importáncia é o da muller que está dedicada ao **seu corpo** que non fai outra cousa máis que coidarse e mirarse nun espello. E a dos anúncios de perfume, de champu, de cremas, estas son mulleres moi indeterminadas, descontextualizadas, das cales non se sabe nada. Diríxese, polo tanto, á muller en xeral.

Seguidamente está o modelo da **ama de casa**, a tradicional ou a máis moderna, que é a menos xoven e guapa das mulleres que aparecen na publicidade. Vese moi dedicada á casa. A casa é un ámbito totalmente absorbente de produtos para o consumo. A casa aqui é un mónstruo con miles de currunchos que teñen que ser pulidos e limpados ao máximo, pero no cal o traballo da muller desapareceu. Cando a muller ten dificuldade polo traballo, soluciónao nun chisco. Os produtos do fogar actuan máxicamente. Un produto ten catro usos á vez, ou ben unha pila enorme de cacharros límpase nun pis-pas. Isto cando na realidade se ten descoberto xa que a ama de casa é a profisión cun índice máis alto de enfermedades depresivas, de espalda, etc. Por iso a publicidade insiste sempre nas compensacións do cariño dos da casa, o cal é mentira, pois para unha vez que lle dan un bico polo seu traballo, a maioria das veces é un traballo que non se nota que está feito e que se fai ademais para que non se note que se fixo.

Cando a muller se **moderniza**, segundo a publicidade, significa que sai un pouco máis de casa e fai deporte. Aparece a muller que traballa fóra de casa, a muller que acompaña na diversión, é a que sai nos anúncios de bebidas, de coches e asi. O significativo é que a muller que está fóra de casa e a ama de casa nunca se misturan. A primeira é máis aberta, máis dinámica, aparece máis entre homes, máis libre, máis alegre. É a muller coa que o home se divirte, totalmente distinta da muller coa que o home casa que é unha espécie de servidora de fogar, de cariño e de dedicación total, unha sorte de santa ou de enfermeira, dedicada ao servício e ademais con alegria. A de fóra, a enxeñosa e moderna, para nada fala das preocupacións do fogar, non se sabe se ten marido, fillos, etc. Os modelos son excluintes.

—Cal é a interpretación do anúncio, tan reiterado, do deterxente que lava máis branco?

—A ama de casa hiperrealista, gorda, senón fea, tampouco guapa, maior, cun nivel social máis ben baixo é unha muller á que non se lle propón a felicidade típica do consumo. A ela propónselle só a eficácia do produto e fálaselle nunha linguaxe caseira, o que lava máis e o seu marido dille que necesito iso agora mesmo e tal. É como se esa muller non tivese outro horizonte fóra das catro paredes da casa e esas catro paredes fosen unicamente o traballo, con moita esixéncia por parte dos outros e nengunha posibilidade de aceder a esas promesas de beleza e sedución das que fala en xeral a publicidade. Polo tanto a publicidade transforma a sua linguaxe e utiliza a desa muller, os obxectivos e os únicos ámbitos de mínimas satisfacións nos que esa muller se move. Este modelo hiperrealista non é sequer como o da outra ama de casa que pasa como un ánxel por riba de todo para que todo quede ben. Aqui recoñécese o esforzo, pero dise que ese produto vaina axudar.

Xan Carballa

Anúncio obrigado a retirar polo Instituto da Muller

—No caso da adolescente e da nena como funciona a publicidade?

—O caso da adolescente é como un paréntese de liberdade. Aí a muller máis que asimilada ao modelo de muller está asimilada ao modelo do xoven, entón permíteselle a igualdade case total ou total cos homes. Se estudan ou se divirten, homes e mulleres fan, máis ou menos, o mesmo. Todos son representados como xóvenes libres e independentes, van sempre en grupo, etc. En cámbio a representación da **nena** non é nen moito menos a da liberdade da adolescente. Aparecen segregadas por completo dos nenos. Hai algunhas actividades que son comuns, pero a maior parte das veces aparecen segundo modelos distintos.

—Na obsesión pola beleza empeza a incluirse tamén ao home, non?

—Vaise erotizando tamén o modelo do home. Até hai moi pouco, o home aparecia máis vestido como o home que triunfa socialmente e non necesariamente eran guapos agora xa, sobretodo en certos produtos, como colónias, cremas de afeitar, etc., aparece moito máis erotizado o corpo masculino. Pero hai que dicer que este ámbito no home é máis reducido aos produtos corporais e débese a un cámbio na situación social; agora a muller tamén busca ao home pola sua beleza. Pero non existe a imposición xeral de que para ser home hai que ser guapo. □

M.V.

Mª Dolores Vigil:

Pervive a idea de que as mulleres cultas non son feministas

Para Mª Dolores Vigil, socióloga, os tipos que através da história se teñen oferecido da muller foron esencialmente negativos. "É unha créncia histórica que existe unha relación entre coñecimento e poder. O aceso ao libro, por exemplo, facilitaria ás mulleres, senón o poder, si unha maior capacidade de resisténcia ao mesmo. O coñecimento, en mans de quen o poder non considera adecuado, representaria un perigo, tal como se relata no libro "O nome da Rosa". As mulleres pola sua parte, tamén son consideradas historicamente como un princípio de perigosidade, e isto porque se ve na muller un ser que se funde coa natureza, coa carne, ,que atrai, que atemoriza. Pensan que ten un poder especial sobre os homes, derivado dos seus atractivos eróticos.

Cando o poder do coñecemento e o poder da muller se unen, nas novelas antigas, entón aparece o ser máis maligno".

"Para a idade moderna, afirma Mª Dolores, Vigil, esa visión ráchase. Previamente aparecen os humanistas que

abandonan a misoxínia clásica, deixan de discutir sobre se as mulleres son maléficas ou benéficas, discusión que viña de moitos séculos atrás, e acaban dicindo que se están adecuadamente ensinadas son benéficas. Hai logo que proporcionarlle o aceso ao coñecimento. Pero o coñecimento reforza, como dicíamos, o espírito de resisténcia e hai mulleres entón no barroco que son respondonas, insurrectas, etc. Isto provoca unha reacción contra elas na novela. Quevedo ou Lope de Vega ridiculizan ás mulleres cultas. A reacción contra elas é brutal. Pero aqui tense operado xa un cámbio: as mulleres cultas son feas, son ridículas, quer dicer, non son verdadeiras mulleres. Ademais dise que existen uns impedimentos naturais que lle impeden á maioria ter aceso ao coñecimento. Isto non pasaba antes: nas novelas de cabalarias as mulleres non tiñan nengun impedimento natural para aceder ao poder, eran perigosas en si e habia que ensinarlles pouco. Na idade moderna o talento e a fermosura son incompatíbeis. As poucas mulleres que saben algo non son femininas, son indesexábeis. E esta é, máis ou menos, a visión que pervive até os nosos dias. Ainda se está pondo no teatro "As mulleres sábias" de Moliére e a xente rise moitísimo". □

M.V.

A escura história dunha construtora

Quince anos de Raymundo Vázquez S.A.

Adolfo Suárez, cando era Presidente, estivo na sua finca: a Atlántica. Facenda non se daba por inteirada dos impagos e as senténcias da Audiéncia ian claramente contra os traballadores. É unha longa história, a da Empresa Raymundo Vázquez Construcións S.A., de terror para máis de 300 obreiros que se viron no paro e sen cobrar as suas liquidacións. Unha história para non dormir, unha história para non pagar.

A história, enrevesada e até escura, pois ninguén dos que podian facelo quixo sacala á luz. Abranxe un período de 15 anos que decorre polas postrimerias do réxime franquista, a transición política, a etapa constituinte, os gobernos de UCD e as duas lexislaturas do Goberno PSOE.

Esta incríbel história, se os traballadores non a sofresen na sua própria carne, teria como eixos fundamentais os seguintes, segundo a crónica feita polo diputado Xosé Manuel Beiras nunha proposición parlamentária recentemente presentada.

"Até 1972 a empresa Raimundo Vázquez seria unha construtora como outra calquer, ainda que gozara dalguns favores oficiais, cousa habitual naquel tempo; pero neste ano CRV comeza a deixar impago á Facenda o Imposto de Sociedades. Desde este mesmo ano tamén deixa de pagar o Imposto de Tráfico de Empresas. Desde 1978 retén, non ingresa na Facenda, e polo tanto a apropriarse as cuotas obreiras da RTP, pésie a que seguia a descontarlles pontoalmente aos traballadores. Desde 1977 impaga a Facenda as cuotas empresariais da Seguridade Social. Este mesmo ano comeza a non ingresar á Seguridade Social, e polo tanto a apropriarse das cuotas obreiras á propria S.S., pésie a que llas segue descontando pontoalmente aos traballadores.

Os devanditos impagos calcúlase que ascenden a unha cifra mínima de seiscentos millóns de pesetas, que por conseguinte contabelmente se leva apropriado a empresa CRV.

Mediante unha declaración falsa, ou cando menos manipulada, de insolvéncia, a empresa Raimundo Vázquez obtén a concesión dun Fondo de Garantia Salarial, que ainda na actualidade se mantén, "reconverténdose", dada a sua maneira de actuar, nunha fonte de financiamento para o Consello de Administración de CVR que lle permitiu exercítar alzamentos de bens: só no período 1981-82 CRV subrogouse en perto de 150 millóns de pesetas.

Desde 1977 nen sequer pagou o Seguro de Acidentes. Tamén se levan feito numerosas operacións de transferéncias de bens da empresa, a familiares, persoas de confianza do Consello de Administración, ou sociedades reais ou fictícias que se ian criando "ad hoc".

O cansancio dos traballadores

No ano 1980 desencadéase un conflito laboral de tal envergadura, por esgotamento da paciéncia dos traballadores, que a empresa CVR comeza a impagar xa inclusive os salários e retribucións complementárias dos "seus" obreiros. Previamente, de 1977 a 1980, a empresa empregara todo tipo de manobras de dilación e evasión, simulando insolvéncias que, logo, á vista dos bens transferidos con posterioridade a familiares e demais, resultaria patente, para calquer observador que quixese darse conta, que non eran tais insolvéncias, cando menos patrimoniais, e simulando negociar cos traballadores para, entrementres, negociar realmente con diversos centros do poder.

O máis rechamante resultado foi a xa aludida declaración de insolvéncia obtida en Maxistratura, cando naquel intre CRV dispuña, por só facer mención dun ben patrimonial significativo, dunha propriedade cunha extensión de terreo de máis de 35.000 metros cadrados onde se encontraba situada unha espectacular vivenda suntúaria.

A Atlántida: hipotecada despois de ter interpostas as demandas os traballadores

X. Nelson Gómez

Pero a declaración de insolvéncia prosperou e os obreiros pasaron ao Fondo de Garantia Salarial.

Seguidamente fan unha hipoteca sobre a devandita finca resultando que os credores hipotecários desa operación eran os mesmos accionistas da sociedade CRV cuxa finca se hipotecaba pola família, e o que aparecia como principal hipotecário resultaba ser nada menos que o Presidente do Consello de Administración de CRV. Cando as reclamacións dos traballadores chegaron á fase de execución de senténcia atopáronse coa surpresa de que a finca "Atlántica", aparte de servir de lugar de veraneo de altos responsábeis do Estado español, entre eles Adolfo Suárez, tíñase hipotecado despois de ter exercido eles as suas accións e interposto as suas demandas, e mesmo despois de teren recaído as senténcias, ainda que naturalmente denantes da sua execución.

No 1981 os traballadores recorren ao Rei de España denunciando a situación, e a Casa Real reenvia a denúncia á Fiscalia Xeral, dede onde se remite á Fiscalia da Audiéncia de Pontevedra no mes de Agosto. Con moita lentitude instrúese o sumário 1/83 e celébrase o xuício en Setembro de 1984, sendo o Presidente da Audiéncia don Mariano Rajoy Sobrado.

O procedimento non careceu de peripécias curiosas, como que nun momento dado se sobreseese e só en virtude dun recurso do Ministério Fiscal se reabrise a proseguise deica a vista. Ou que nas actuacións resultase que o Delegado de Facenda certificaba que CVR pagara retencións até 1977 e despois dese ano "nada sabian", sen que se tivese conseguintemente aberto nengunha investigación tocantes ao feito de que levase sete anos sen cumprir as obrigas fiscais, segundo se desprendia da própria certificación do Delegado de Facenda. Ou que a Tesoureria da Seguridade Social remetise a requerimento xudicial unha relación de descobertos de RCV desde 1977, da que se desprendia que a empresa retera cuotas obreiras até cifras superiores aos 27 millóns de pesetas e que no sumário somente se acompañase pola acusación pública unha folla de salários, cando o recoñecimento expreso da situación da empresa no impago das cotizacións á Seguridade Social era máis que indício de delito. O caso é que a Audiéncia fallou: "que debemos de absolver e absolvemos ao procesado Raymundo Vázquez, Empresa Construtora S.A. da pretensión deducida contra dela.

Unha nova querella

Á vista das moitas intereferéncias que se producen a respeito das suas reclamacións e o resultado das actuacións xudiciais, os traballadores interpoñen unha querella contra RCV por alzamentos de bens. De novo lentitude, de novo sobreseimento por auto da Audiéncia Provincial de Pontevedra que se supera mediante recurso interposto polo avogado dos traballadores.

Tamén solicitan da Fiscalia que recorra en casación a senténcia da Audiéncia, pero a resposta que obteñen é o siléncio da lei. Nos procedimentos seguidos declárase que o Presidente do Consello de Administración de CRV "ostenta o cargo só simbólicamente". Pero simultaneamente, esa simbólica figura, permítese presentar en Maxistratura até catorce escritos dilatórios do procedimento ali seguido.

A finca Atlántica foi sacada a subasta en 1984 na Maxistratura de Traballo de Pontevedra. Na 1ª e na 2ª, non houbo caso. Na 3ª acudiu un só licitador: Xosé Carballo Ramos, que ofertou até 75 millóns, e que a levou adxudicada na 4ª por 64,5 millóns. Pero o adquirinte non chega a ingresar o diñeiro e declárase en creba a subasta celebrada. Celébrase outra subasta e o mesmo adxudicatário impagador da subasta declarada en creba, Xosé Carballo Ramos, acude á licitación e volta a quedarse coa finca pero, outra volta non volve pagar. Vólvese declarar en creba a subasta e convócase outra para o 10 de Decembro do mesmo ano. Carballo Ramos voltou comprar a finca por 75 millóns e agora está a pagala a prazos. Mentres tanto os obreiros esperando a cobrar e a encontrar traballo. Unha história aleccionadora.

A.E.

A SOMBRA IMENSA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

EXTRA Nº 8 A NOSA TERRA

Á VENDA NA PRIMEIRA SEMANA DE MAIO

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

PITI MAYANS

MIL PALABRAS POR UNHA IMAXE



O dito. Cento voando mellor que páxaro en man. Minte o refraneiro como minten as palabras. Se non fose polas imaxes seríamos todos un fato de suicidas decimonónicos, deses que consumian as tertúlias esculcando o sexo dos anxos ou os males da pátria. A linguaxe é un virus, Burroughs dixit, e perdón pola cita.

Nen refráns nen citas. Nen sequer palabras. As palabras só serven para mentir con maior ou menor brillantez. Serven para escreber novelas tan fermosas como a última de Casares ou para cargarse mitos de saldo como fai Ferrín o luns pasado, falando claro de Milan Kundera. As palabras serven para iso, para construir fermosos castelos no vento ou para ilustrar anacos de vida, cachos de desquício como os que nos amosan as imaxes estáticas, as fotografias ou dinámicas, a televisión.

Este señor que inunda este espácio do periódico chámase Piti Mayáns e vostedes estaránse a perguntar que quen é este tal Piti Mayáns. Pois ben, non teño nen idea. Ignoro se é alto ou baixo, se loiro ou mouro, se gasta lentes ou se leva barbas. Nen sequer sei se é do Bloque, de modo que disimulen vostedes. Señoras e señores, compañeiros e compañeiras, con todos vostedes Piti Mayáns!

Coñezo a máis dun fotógrafo que ten na casa "A fotografía como documento social", un imprescindíbel libro que vivisecciona non só as fotografías e o seu valor testemuñal, senón que oferece as claves necesárias para comprendermos que a fotografia ten tanto máis valor canto máis crónica é. Pois ben, algun deles sai á rua acompañado do manual, quer facer fotografía de testemuña. Pero ao cabo, sáenlle estampas, colorins, fotografía artística. E iso non vale.

Polo que se ve, este tal Piti Mayáns tivo a ben esquecer o manual na casa. E saíu á rúa a pelo, co ollo posto no visor. Con ese ponto de distanciamento necesário que dá o filtro da retina pasado pola peneira do encadre. Nada é igual visto a través do obxectivo dunha cámara. A realidade trócase en surrealidade.

A vantaxe que teñen os fotógrafos sobre os que andamos circulando a pé e sen cámara é que eles levan película, motor na cámara e dinamismo no sexto sentido. Son rápidos, saben ben que o seu ofício é o de roubar anacos de vida, son mangantes, persiguen aos cregos até que dan cunha referéncia que os faga esperpento. Violan a intimidade dunha sesta nun banco público, dunha mexada anónima nunha escaleira empapada de todos os mexos de todos os cidadáns da vila; ven máis alá do persoaxe retratado porque sempre hai máis alá. Son, contrariamente ao que sosteñen os políticos, tipos de fiar.

Porque no fondo, o que están a facer é devolvernos a realidade da maneira máis crítica e lúcida posíbel: distorsionándoa.



Os fotógrafos como este señor que se chama Piti Mayáns son os auténticos historiadores do noso tempo: Sintéticos, precisos, profundos e lixeiros ao mesmo tempo. Eles fan que merquemos os xornais pola mañá, que adoptemos un xesto determinado diante dun suceso, porque non é o mesmo a vítima que os familiares da vítima; non é igual unha banda de música que un espectador con sonotone escoitando a banda de música. □

XESUS CAMPOS

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

tribuna

AVENTURAS DUN *YUPPIE*

O catedrático de Estrutura Económica e Director do Departamento de Economia Aplicada da Universidade de Santiago, Xosé Manuel Beiras, denunciou recentemente como fraudulenta a concesión dunha cátedra a Pérez Touriño, que competia para a praza co tamén profesor Ramón López Suevos. O reitorado de Santiago anunciou pola sua parte que emprenderia accións legais contra X.M. Beiras por ter calificado de "nepotismo político" a concesión da cátedra. Posteriormente 27 profesores da Faculdade de Económicas mostraron nun escrito o seu apoio ás teses de denúncia sobre o proceso de otorgamento da praza. A continuación publicamos a opinión de Xesús Vega un dos firmantes do escrito citado.

XESUS VEGA

As circunstáncias que concorreron na concesión dunha cátedra de Estrutura Económica ao Subsecretário do Ministério de Transportes, Turismo e Comunicación abonan a tese de que nos atopamos perante un episódio non reducíbel aos límites da controversia académica.

Hai quince anos, as conciéncias críticas da Universidade calificaban de cacicada cu de abuso ditatorial a eventual candidatura dun ministro ou dun subsecretário a unha determinada cátedra. Daquela existia a evidéncia compartida de que semellantes práticas eran o resultado directo do enfeudamento da Universidade ao réxime político vixente. A reconversión operada nalgunhas daquelas conciéncias críticas fixo-lles ser, agora, protagonistas activos dunha nova edición daqueles comportamentos.

Estamos, sen dúbida, ante a metamorfose enunciada por Vázquez Montalbán nun recente traballo sobre o "yuppie" que ocupa hoxe o poder: "de ser insectos monstruosos perseguidos polos reflectores do sistema teñen pasado a ser a vangarda xestionadora dese sistema e avaliadores dunha estética do narcisismo e do triunfo". Como bon "yuppie", Pérez Touriño non reparou nos problemas de ética que se plantexaban coa sua candidatura a unha cátedra que non pensa exercer nos próximos anos. A sua, é a filosofía materialista vulgar que descrebe Montalbán: "na medida na que o "yuppie" colabora coa xestión do xa dado, remata adquirindo unha repugnáncia total polo problemático e identifica o problemático en política co inútil capricho do idealista ou do utópico, que na sua aposta polo todo se arrisca a conseguir nada".

Para o "yuppie" non hai "cacicadas" nen "nepotismo político". Os que seguimos utilizando estes calificativos somos "intolerantes" que non sabemos perder deportivamente porque non asumimos que para gañar —para ser catedrático, por exemplo— hai que estar no poder. Realizar un labor docente e investigador comprometido cunha realidade social historicamente determinada carece de valor competitivo frente a alguén que ocupa un despacho ministerial e figura nos Consellos de Administración de várias empresas públicas. A Universidade xa non precisa máis coniéncias críticas. O que necesita son xestores e tecnócratas recrutados, iso si, entre os que hai quince anos defendían a autonomia universitária frente ao poder.

Decididamente, estes "yuppies" non teñen encanto e carecen de discreción. Antigos apóstolos da "teoría do calcetín" —a saber: os actuais aparellos do Estado poden ser utilizados para realizar un proxecto social alternativo—, unha vez instalados no poder decidiron meter o pé rapidamente no calcetín, sen procurar dar-lle a volta e sen maiores preocupacións polo cheiro que ía provocar semellante falta de hixiene política.

Teñen moita presa: queren chegar ao remate de todas as carreiras habidas e por haber antes dos cincuenta anos. Se non o consiguen, a história non tería sentido. Porque eles son todo: o Estado, a sociedade, a encarnación do progresismo... Están onde están porque son superiores aos demais. E deben ficar aí porque son infalíbeis.

Mais cedo que tarde, Pérez Touriño conseguirá, seguramente, o seu paraíso particular: se ministro do enésimo gabinete felipista. Cando mire para atrés con ese cinismo típico do "yuppie" non poderá evitar un xesto de desacougo momentáneo ao lembrar que na Faculdade de Económicas compostelana ainda hai algunhas persoas "utópicas" que se negan a seren apéndices dun poder intolerante e absolutamente mediocre. □

DO MOVIMENTO Á ORGANIZACIÓN

As mobilizacións de labregos en oposición ás cuotas estabelecidas para o sector lácteo deu lugar nos últimos tempos a un dos máis amplos rexurdimentos do activismo do campo, cunha amplitude que superou até agora todas as previsións. Da organización e do futuro deste movimento fala no seguinte artigo Ramón Muñiz, sociólogo experto en temas agrários.

RAMÓN MUÑIZ

O esquema teórico clásico sobre o comportamento sócio-político do campesinado plantexa que en determinadas circunstáncias de crise e diante dalgun feito específico asoballador, este grupo social desperta do seu letargo e mobilízase masivamente. Pero a espontaneidade destes levantamentos, as dificuldades para permanecer na loita, o repregue unha vez conseguidos os obxectivos asi como a incapacidade de representarse a si mesmos definen as suas accións máis como movimento inestábel que como organización consciente dos seus intereses de clase.

Non obstante e pésie ao fastidio intelectual que, a dicer de T. Shanin, representa o campesinado, a história está chea de exemplos sobre como os movimentos organizáronse até convertérense en auténtico potencial revolucionário capaz de producir cámbios sociais substanciais.

Na Galiza temos abondosa experiéncia sobre movimentos agrários, mais é certo que nunca se sistematizaron no xeito de callar nunha organización forte, masiva, cunha ideoloxía clara, orientación programática e dirixentes labregos. Foi no ano 1977, despois do *impasse* da Ditadura, cando, co motivo da cobranza da Cuota Empresarial da SSA, os labregos galegos volven mobilizarse convocados e dirixidos, entón, polas CC.LL., evidentemente débeis perc que conseguen xerar un movimento cuxas características situábano en posición de dar un salto cualitativo cara a consolidación dunha organización agrária importante. En definitiva foi a imadurez dun sindicato recén nado da clandestinidade, por conseguinte con grandes eivas de perspectiva que o levaron a reflexións erróneas sobre a futura actividade, o principal motivo da frustración do proxecto e do seu próprio esmorecimento.

Rodolfo Lamas

Asamblea de labregos no Axuntamento de Ordes

Paradoxicamente a combatida entrada na CEE vai ser quen convulsione de novo aos nosos labregos e os poña en disposición de atoparse dunha vez a si mesmos. A cuota do leite, que sen dúbida provocará un estancamento no sector máis dinámico da nosa economia agraria, foi o revulsivo que fixo sair os labregos das suas casas e aguzar as orellas nas asambleas que se celebraron durante semanas ao longo e ancho da nosa Terra.

A Plataforma para a Defensa do Sector Lácteo Galego actuou como instrumento catalizador e dinamizador de todo este movimento que tivo a sua expresión pública o 28-F, cunha manifestación multitudinária en A Coruña, e os dias 30 e 31 de Marzo mediante unha tractorada que colapsou as estradas galegas.

O contexto sócio-político e mesmo económico mudou, os labregos evolucionaron e tamén se supón que os sindicalistas maduraron e saberán sacar as conclusións oportunas deste conflito, porque sempre é a raiz deles cando se producen cámbios cualitativos.

Para contribuir á sua análise aportamos algunhas consideracións que observámos no transcurso das mobilizacións ás que fixemos referéncia:

1ª) Deuse unha confluéncia de intereses entre o que poderíamos denominar campesiños pequenos e médios. Se temos en conta que a cuota non vai afectar da mesma maneira a ambos grupos podemos interpretar que este movimento vai máis alá dunhas reivindicacións concretas para situarse no repúdio xeralizado contra unha política agrária de abandono e humillación histórica cara os nosos labregos.

2ª) Xurdiu un senso de unidade entre o campesinado, consciente de que a unión significa cantidade e esta reforza as suas posicións de firmeza frente ao poder. O lucimento nas solapas das suas chaquetas de pegatinas de sindicatos diferentes é todo un símbolo desas arelas de unidade.

3ª) Manifestouse unha decisión de auto-afirmación através da asunción de signos de identificación sindicais que lles daban personalidade própria e difinida ao tempo que simbolizaban a oposición cara quen os amola, estabelecéndose unha relación moi positiva entre labregos e sindicatos.

4ª) Potenciáronse toda unha série de líderes labregos que demostraron ter un gran prestíxio entre o campesiñado. Normalmente coincidian con cadros cooperativistas.

5ª) Constatouse a necesidade de sindicatos ben estruturados, con cadros capacitados para controlar estas complexas mobilizacións evitando provocacións asi como para ter iniciativas, dando alternativas rápidas diante de situacións cambiantes.

6ª) Serviu, tamén, para unirse mais o apoio exterior tan importante en calquer movimento labrego.

Loxicamente ainda queda camiño por andar e os labregos mostran moitas das contradicións que lles caracteriza, desconfiando duns e doutros. O mesmo protestan con todas as suas forzas contra o goberno central un día que ao outro enchen as follas de declaracións do leite que ese mesmo goberno lles aconsella. O xogo a duas bandas é xa tradicional neles e responde á estratéxia de autodefensa dunha categoría social sempre enganada e ofendida.

Sen embargo danse nestes momentos unhas condicións moi favorábeis para a extensión dun sindicalismo maioritário no noso agro. A Plataforma, pola sua própria natureza e obxectivos, non pode cumprir esa función e máis ainda, augurámosll e un futuro limitado; quizá permaneza replantexándose o seu papel cara un lugar de encontro entre sindicatos e cooperativas de base. O sindicalismo debe estar preparado para o recámbio.

Desde as nosas posicións ideolóxicas nacionalistas, as CC.LL. poderian ser o ponto de referéncia e de partida dunha unidade agrária que permita a potenciación dun sindicato nacionalista amplo e con vocación hexemónica no noso campo, capaz de dotar de contido e continuidade a este movimento que está a aflorar, trocándose, por fin, en organización. □

como quen di

A pomba viaxeira

MANUEL LUEIRO REY

Matino, con tenacidade e sentimento, o que estará dicindo nestes días para si mesmo, dentro do peito, ao caladiño, mais coa dór que xa non fuxe, a miña amiga Joan Jara, compañeira de Victor, salvaxemente mutilado e asesinado por Pinochet *("os teus poemas son de alento e forza para un intre en que a nosa cultura e a nosa arte atopanse violados pola ignorancia e pola brutalidade"* —dicíame en maio do setenta e oito dende Londres—). Matino tamén o que estará a dicir a miña amiga Carmen, de Cambados (non lembro os apelidos) a quen coñecín ao traverso dunha exiliada arxentina, Amalia Rettoni, e os tres xuntos, traballábamos, dende a miña oficiña da Facenda en Pontevedra, polos exiliados e polos detidos, Carmen a de Cambados, muller de traballo de noite e de día para que o seu fillo rematase meiciña na Universidade de Buenos Aires, un máis dos desaparecidos de Videla e seus compinches, ainda hoxe viviños e coleando.

¿Qué pensan, qué din, Joan Jara e Carmen a de Cambados, despois de que a "pomba viaxara", o papa Wojtyla, dixera en Chile que a dictadura de Pinochet é casi un paraiso en comparanza coa dictadura de Polonia, e en Arxentina que era perciso ceibarse do perigo do lastre do materialismo, do hedonismo e da sexualidade?... ¿E os mortos, e os desaparecidos —estaranse perguntando Joan Jara e Carmen a de Cambados—?

A "pomba viaxeira", despois de bicar o betume das pistas dos aeroportos (¡non a terra de Chile, non a terra de Arxentina, que esa está no campo de futbol onde se cometeu a masacre, e na "Escuela de Mecánica de la Armada", Capital Federal, avenida del Libertador, dous simpres exemplos!) en contradición coa súa misión, dille a Joan Jara e a Carmen da de Cambados —e a todas as nais e pais, e fillos, a viudas, chilenas e arxentinas— co seu viaxe *"non trata de contrapor ideoloxías ou programas políticos, senón que teñen unha finalidade pastoral co evanxelio na man"*.

¿E logo por qué —dígolle eu que son un ninguén— a dictadura de Pinochet é moito mellor ca de Polonia?... ¿E logo por qué —dinlle os sectores progresistas da Iglesia Arxentina, que xa son alguén— se puxo impedimentos para que "a pomba viaxeira", o papa Wojtyla, tivera unha audiencia coa Comisión de Dereitos Humanos, onde figuraban como membros Emilio Mignone, portavoz dos sectores progresistas da Iglesia arxentina e Rodolfo Perez Esquivel, premio Nobel da Paz?

Miñas amiga Joan Jara e Carmen a de Cambados: a

(pasa á páxina 23)

A segunda volta da Liga

Era necesário buscar unha fórmula nova. Demostrar que eles tamén tiñan cabeza e que, algunhas veces, úsana para algo máis que para asomala nos palcos presidenciais. . Poder compararse aos directivos de baloncesto que viñan pasando por máis listos e innovadores. Intentar paliar o déficit dos clubes como fose. Exprimir aos xogadores que foran comprados a golpe de talonário... aparecer como que servian para algo.

Estiveron un mes e outro mes en reunións que precedian a cuchipandas dándolle voltas á formula máxica e, ao fin, deron con ela: "o que hai que facer é xogar máis partidos; hai que sacarlle renabilidade aos xogadores que para iso cobran os soldos que cobran". E asi saiu o invento dunha segunda fase na liga, dunha Copa de Liga, dunha Supercopa, e da Copa do Rei. Quedaron contentos coa idea, como o rapaz que di por primeira vez "papá, papá".

Habia que fixar o formula exacta para que a idea, levada á pratica, fose un éxito completo. E seguiron a darlle voltas e máis voltas en reunións e máis reunións polas que cobraban cuantiosas dietas. O executivo señor Domínguez, Secretário Xeral da R.F.E.F. tamén se dedicou por unha vez a pensar e non a oficiar de maleteiro.

O calor de verán non debeu de sentarlle ben a uns sesos pouco afeitos a "ideas lúcidas". Decidiron que a liga en primeira división teria 10 partidos máis dividindo ás equipas en tres grupos. No primeiro os seis que loitaran polo título. No segundo os que xogarian para ver quen quedaba campeón do seu grupo para así determinar, competindo co primeiro clasificado no grupo dos seis primeiros, quen seria o Campeón da Copa da Liga. O seis últimos loitarian para evitar o descenso de categoria.

Non importa nada que se esquecen de fixar as datas para a final da Copa da Liga, nen que o ano pasado non se celebrase a Supercopa, pois ás equipas non lles interesa un can. Nen sequer importa que esa famosa copa se celebre ou non: a idea era boa. "É nosa, é brillante", congratuláronse comendo en "Jokeys" despois de dar a luz a maravillosa luminária que ia acabar co endebedamento dos clubes.

Os problemas comezaron cando foi posta en prática. Resulta que os clubes situados no grupo intermédio está a perder cartos na segunda volta. As taquillas meirandes non acadan nen sequer os tres millóns no mellor dos casos, as máis non chegan aos seis ceros. Abrir un estádio por pequeno que sexa custa perto das setecentas mil pesetas. O Valladolid no seu partido co taquilleiro da R. Sociedad na última xornada sobrepasou en moi pouco as oitocentas mil pesetas. Despois hai que abonar primas por vitória, as mesmas que na anterior etapa da liga. Se o Valladolid gañase teria que pagarlles aos xogadores máis dun millón de pesetas polo que, non é de estrañar, un directivo afirmaba que, mirado desde o ponto de vista económico, é mellor perder que gañar.

Hai que contabilizar tamén os deprazamentos e as primas se algunha vez gañan ou empatan fora. As equipas fan números xa cando só van celebrados dous partidos da segunda volta e danse conta de que con esta fórmula van perder moitos cartos. Agora si que pensan, cavilan en que para o ano hai que mudar outra vez de fórmula. Seguen a pensar que é máxica a fórmula pero que non se misturaron os ingredentes na proporción necesária. Alguén vai ter que pensar outra vez.

Pero houbo máis fallos na "brillante" idea. O intento de "exprimir" aos ases para tratar de compensar os grandes contratos, trouxo consigo o erro de non prever que a "máquina" podia romper co exceso de traballo. Así o 40 por cento das equipas que loitan polo título ou por fuxir do descenso compraron a outro extranxeiro co que aumentaron os gastos con outro contrato máis en vez de disminuilos. "Brillante Idea", seguro, pero hai que remexela na proporción adecuada. A seguir pensando. □

PUCHEIRO

As orixes do xogo do xadrez

ISAAC LINDER

Existen várias lendas sobre quen inventou o xadrez. Unha delas é a que contén o Libro do Reis, do famoso poeta persa e tadzniko Ferdusi (Abrul Sássim Mansur o Hasán: 939-1020). Neste poema cóntase que durante a guerra polo trono entre os principes irmás Gav e Talhand, o exército deste último foi derrotado e o mesmo Talhand morreu repentinamente no lombo do elefante desde onde dirixia a batalla.

A raiña nai, desesperada pola morte do fillo máis pequeno, acusou a Gav de matar premeditadamente aos eu irmán. Desexando calmar a sua nai e demostrar que Talhand non caiu na batalla, Gav reuniu aos sábios de todo o país e pediulles consello. Un deles propúxolle que desenrolase o combate nun taboeiro dividido en escaques con figuras representando soldados a pé, a cabalo, roques e elefantes.

Da sua casiña recua o shah
até que non lle quedan camiño
para fuxir
Acurrúnchano e rodéano por todos
lados
o ministro, o roque, o cabalo,
os peóns e o elefante.
E mira ao seu redor o xoven
monarca:
Esparexido está o exército en
gran
pánico,
Água e obstáculos a onde corras.
Á esquerda, á direita, por todos
lados
inimigos.
Shat-mat: das privacións o
herói morreu.
O destino asi o ditou.
Querendo saber Talhand relatar
nascimento ao xadrez deu
Gav...

Son moitas as versións que concordan en nomear á Índia como pátria do xadrez, e relacionan o xurdimento deste xogo coa aspiración de representar simbolicamente nun taboeiro o discurrer da batalla. A favor da procedéncia índia dos escaques fala o *alfil*, verba que nos chegou do árabe e que significa elefante, animal que se usaba para numerosos fins nas tropas índias antigas; e tamén o mesmo nome do xogo, chaturanga, voz sánscrita que significa exército de catro corpos: elefantes, cabalos, roques ou carros e pións.

Da Índia, o xadrez para nos séculos V-VI aos países da Ásia central que ocupaban o território do que hoxe é o Paquistán, Afganistán, Sul de Ásia Central e oriente do Irán. É xustamente alí onde, baixo as ideas do budismo coa sua prioridade do intelecto e o seu rechazo ás casualidades, o xadrez desenrólase até adquirir, máis ou menos, a forma actual.

Se antes o xogo duraba até a destrucción de todas as figuras do adversário, agora chega con pór ao rei inimigo nunha situación sen saída, ou noutras verbas, con lle dar mate. O máis importante é que cada xogador pasou a ter libertade á hora de elexer a figura que moveria, mentres antes esta era determinada polos dados. Ademais no taboeiro aparece unha nova peza: o farzin (dama ou reina), poderoso conselleiro do rei. Como é natural, tamén as outras figuras obtiveron nomes persas: shah (rei), piyadah (pión), pil (alfil), rukh (torre).

Para comprender aquela atmósfera daquela lonxana época axúdanos o sensacional achádego feito en 1977 por unha expedición do Instituto de Arqueoloxía adxunto á Académia de Ciéncias de Uzbequistán (URSS) no território da antiga Afrasiab (en Samarcanda, Ásia central). Sete figuras de marfin, dunha altura que varia entre tres e catro centímetros, permiten facerse unha idea do exército xadrecístico dos séculos VII-VIII. Os pións teñen apoiado un xoello non chan; na man esquerda sosteñen un escudo e na direita unha curta espada. O rei, empuñando un cetro, está sentado no lombo de tres corceis. O elefante *(Alfil)*, protexido por armaduras, como cabalo, leva enriba a un combatente. O conselleiro, a reina de hoxe, é a peza máis alta despois do rei e representa a un xinete montando nun gran animal con corpo de cabalo e cabeza de león. A actual torre é toda unha composición escultórica: un cocheiro sostén as rédeas de dous cabalos enganchados a un carro no que vai un adalide. □

ISAAC LINDER é especialista soviético en História do Xadrez

/// NOVIDADES ///

CRÍTICA LITERARIA

DE LETRAS E DE SIGNOS
Anxo Tarrío

NOVELA

NO FÍO DO TEMPO, de Xosefa Goldar
CONTRA MORTE E AMOR, de Marina Mayoral

PREMIO "XERAIS" DE NOVELA 1986
NO ANO DO COMETA, de X. Bernárdez

TEATRO

Os libros do Centro Dramático Galego

O ENFERMO IMAXINARIO
Moliére
Versión de E. Alonso e M. Guede.

edicións xerais de galicia
Doctor Marañón, 10 VIGO-11 (Pontevedra)

A NOSA TERRA
Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

o témpora e mailo mores

Suspiros de España

XESÚS CAMPOS

Chove en Santiago, escrebia Lorca adiantándose lucidamente a Santiago Pemán, alá polo ano trintecinco. Chove en Santiago, repito eu ao meu pesar cincuenta anos despois e non porque sexa amigo de citas, senón porque o mapa das isobaras non mudou, que eu saiba, desde que os da xeración Nós acordaron facer deste território un país.

En Santiago sempre chove, cai água a deus dala: orballo,. chubisca, chaparrón... non hai quen sobreviva non sendo anfíbio e eu que marchei para me operar, reencóntrome coa cidade desde a distáncia do antropólogo turista para asistir a unha procesión de semana santa. Levo un sherpa experimentado que me vai introducindo no cerne da deboura(1). Círios, sacristias, panos mourados tapando as imaxes, vellas de loito e funcionários de xulgado forman cola diante da igrexa de San Agustín. Son as once e média da noite e está a ponto de arrincar a procesión da Confreria de Jesús Flagelado.

Disciplina inglesa

Luce lindo noso señor. Encaramado sobre un catafalco, coberto o corpo de chagas e latigazos, aparenta moito máis novo do que é. Ten mellor saída ca nós. Case dous mil anos de idade e tan pancho. Turrando del, unha dúcia de encapuchados vermellos van marcando o paso con varas de ferro, pom, pom, porrom, ai que noite máis escura. Por diante, trompetas e tambores, banda sonora cuartelária, peniténcia, capirotes. Todo un espectáculo.

A procesión atravesa as rúas húmidas e os pés descalzos dos cofrades van imprimindo as pegadas no enlousado, arrastando cadeas, crucifixos, efeitos ópticos dos círios acesos que sobreviven por segundos na pantalla.

Os caladiños

Nen mu. Siléncio na noite, non hai sequer comentarista. Isto é unha cousa moi séria. Os encapuchados, que compoñen unha confreria, marcan gravemente o tránsito monumental polas ruas angostas, pom, pom, porrom, un breve acougo, un suspiro, un ai, como me doi España, qué lástima de bois, canto turista, que bonito, que tétrico, ai, Dolores, que miedo me da el toro.

Espectadores e turistas asistimos sobrecollidos ao paso da procesión. Non vexo fervor relixioso por ningures, nen recollimento, nen peniténcia. O que se ule é un fedor de incienso, funerário, lúgubre e o que se ve é unha pel de touro, un mapa de España-Portugal aparte ilustrado como nos vellos libros de texto: en Riotinto, explosivos, calendários e procesións. En Almadén, mercúrio e capirote. En Olessa, caganers e nazarenos e en Sevilla, aceitunas e saetas.

Tengo miedo, torero

¿Si no sabes torear, pa qué te metes? Pois iso. Irremediabelmente vestimos camisa de once varas. Xa somos españois, mal que nos goste. Galegos, o que se di galegos, fóra do Bloque non hai. O resto, somos máis de províncias que Encarnita Polo, que a coitada era de Múrcia. Estamos perdidos. Abonda con amosar os fuciños á semana santa para se decatar de onde estamos: en Triana.

Pola semana santa marchamos os progres, os militantes, os protestóns das asociacións de viciños, os desertores e os que non estamos afeitos aos arumes do purin polas almeidas. Os demais, o povo, aguantan mecha na capital, no património. Oui, monsieur. Je suis espagnol. Do Norte, concretamente. Chove en Santiago. Tengo miedo, torero. □

(1) Ignoro o significado e, además, non ven a conto. Trátase dun nome de pub que habia en Vigo e que queda moi ben aquí no meio.

contos non enchen

Fungueiro go to Hollywood

X.X. PIÑEIRO COCHÓN

Ninguén chegou a saber se houbo invitación oficial ou somente un acordo feito a última hora cunha axéncia de viaxes que tiña máis rutas de promoción que clientela. Mais, cos tractores pechando as saídas da vila e os trens á metade de servício, a ninguén lle tiña que estrañar que un fato de cidadáns saise voando unha tarde. Que a expedición fose oficial foi, se casi, algo que Facundo Fungueiro se encarregou de contar a todo aquel que quixo escoitalo:

—Imos relanzar os lazos de tradicional fraternidade cos nosos paisanos do outro lado para fomentar a cooperación e a relación cultural mútua e solidária.

Aí non tivo máis remédio que tomar folgos. Ao pé dun grande cartel da campaña oficial de hixiene corporal obrigatória que rezaba: "Non sexas curricho, lava ben as mans", o noso heroi sentia fortes sudores baixando pola testa.

—E as razóns da viaxe? —perguntou un.

—Acabo de dicilas —cortou Fungueiro convencido de que a ese tipo de xente non habia maneira de endereitala.

A organización da viaxe pasou moitos perigos antes de tomar a saída. As últimas duas dúcias de cargos de todo tipo que se botaran fóra do partido sen depor para nada a sua atitude eran outras tantas baixas naquela viaxe. Mais Fungueiro seguia coa sua teima sen chegar a telo en conta.

—Canto menos vulto máis claridade —asegurou—. E despois ainda dirán que non aforro —engadiu convencido.

De seguido mandou que fosen substituídos axiña por empresários ou xornalistas, que deses sempre había.

—E nós? —perguntoulle a sogra terqueando en nome da família.

—Ha de haber para todos —dixo Facundo, que tiña unha cega confianza na divina providéncia.

Na hora da saída non faltaron as habituais despedidas.

—As expectativas que levamos son boísimas. E os resultados que agardamos son, polo menos, a metade das expectativas —explicou o noso heroi sen que ninguén lle perguntase.

—E mire, Fungueiro —espetoulle un— mesmo ten pensado volver?

Aquel desacato era como para levantarlle a man. Mais o duro exercício da vida política ensinaba a converter en surrisos a cobiza de irlle ao limpo a algun. Porque xente como aquela, pensaba Fungueiro, non merecia viver, e menos a costa dos presupostos públicos. □

Coñecer Galiza

Excursións culturais.
Promoción e difusión da cultura galega.

COIMBRA
1, 2, 3 MAIO

EXCURSIÓN CULTURAL.
CONÍMBRIGA, BUÇACO, LUSO, COIMBRA.
HOTEL 3 ESTRELAS

BILLETES Á VENDA,

LIBRARIA IR INDO (VIGO)
LIBRARIA PUEBLO (PONTEVEDRA)

O machismo está confundido

O machismo reinante está confundido. É máis estanos levando á perdición. Fíxanse nesa obsesión por sacar as tias en tanga e aos tios en garabata? Elas ensinando cacha e eles con cara de mesa de escritório. As mozas con pel fina e rasgos deportivos e os mozos pintándose de branco as patillas, como fixera Felipe González, para parecer máis maduro.

Esa é a imaxe distinta que nos oferecen, segundo o exibido sexa dun sexo ou doutro. Imaxes, xa sabemos, co obxectivo de gostar aos machos. Ás mulleres, en cámbio, non hai que excitalas, senón lembrarlles quen manda: o executivo, o profisional veterano...

Pero están confundidos, porque esta sociedade erotízase cada vez máis e as mulleres cada vez son menos parvas. As féminas queren disfrutar que para iso di a Constitución que son persoas coma nós. E aí está o quid da cuestión: se queren disfrutar e todos os modelos masculinos que se lle oferecen son carrozóns, traxeados, con cheiro crónico a güísqui van acabar optando polas peles suaves e os acenos doces, polo erotismo de sociedade ben alimentada. Este machismo publicitário o que está é conseguindo que haxa moitas máis lesbianas das previstas. Alguns vanse arrepentir. □

M.V.

Poetas galegos e portugueses no Encontro de Primavera

En Amarante, si

Viña xa sendo preocupante o incontestado paso da santa compaña dos despropósitos que, Miño abaixo, Miño arriba, estaba a presidir as nosas relacións coa fraterna Lusitánia. Congresos, encontros e homenaxes: de poetas, sen poetas; de música, sen músicos; a Castelao, por, se cadra, galegos castellano-parlantes e portugueses que se esforzaban en selo. E o que si, labazadas, querellas xudiciais e polémicas nos xornais. Cincuenta anos de Valle ao fondo que para algo acuñou o esperpento.



Bernardino Graña

Os pasados 11 e 12 de Abril, tiveron lugar en Amarante, fermosísima vila entre Guimarães, Vila Real e Porto, o Encontro da Primavera, no que participaron poetas de Portugal e a Galiza. Nun Amarante que, nos seus tempos, formou parte da Gallaecia, dunha Gallaecia que ainda hoxe segue a ser província. Pero é que ali o folclore estivo dentro dos seus estritos e lexítimos domínios. E abofé que si; abofé que por nengures se atopou o sentimento da vergoña que xera a resaca das auséncias. Ali estivo, ainda que escasa, unha senlleira representación galega. Por unha vez a seriedade que debe presidir a interrelación cultural entre dous povos, foi patente minuto a minuto. Unha excelente organización e un —non debia selo— surprendente poder de convocatória.

A man de Viale Moutinho, longa e inclemente, fíxose notar na lexitimación deste acto: non en van, no 1973, publicara *"Introdución ao Nacionalismo Galego"*, un dos primeiros pasos para dar a coñecer en Portugal a verdadeira imaxe dunha Galiza para eles tan descoñecida e, desde entón, ven mantendo unhas sólidas relacións con todos os sectores culturais do noso país.

Avilés de Taramancos, actual Presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega, compartiu a Presidéncia na abertura do acto. Na sá, Uxio Novoneyra, Bernardino Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xela Arias. Galiza. Os anfitrións, a Cámara Municipal de Amarante, o próprio Viale Moutinho, Luís Veiga Leitão, António Rebordão Navarro, Albano Martins, Melo e Castro, Wanda Ramos, António Cabral e Jorge Velhote, materializaron a feliz frase de Castelao *"a nosa língua floresce en Portugal"*. Todo isto no ben conservado mosteiro de San Gonzalo, doce e silandeiramente, polas águas do Támega. Un mosteiro que alberga tamén o Museu e a Cámara Municipal, arriquecidos, se cabe, pola exposición de pintura de João Duarte e da fotografia de contraste "Amarante de ontem e de hoje".

Por riba do ambiente, albíscase un pesar, un certo sentimento: No Támega, que divide en duas á Vila e lle presta todo o seu indubidábel encanto, vai ser construído un encoro, que fará estancar as águas e medrar os níveis, polo que, paisaxe e lugares pintorescos de gran atractivo turístico, quedarán asulagados.

E a poesia significa barricada, trincheira. E ali, pois, a solidariedade, a voz disconforme dos poetas: o Encoro do Torrão; as águas mutiladas. Mendez Ferrín, denantes da leitura do seu poema *Portugal*, sinala non só o feitio da perda material no ascenso das águas uns metros: e o despoxo daquilo que viron por primeira vez os nosos ollos e que conforma a nosa cultura, que é parte do noso ser. O verso quente e húmido de Avilés, a comunión con Novoneyra, a docísima palabra, a comovente e amor tanxíbel de Bernardino Graña, o desespero paciente de Xela, van enchendo de resonáncias a pedras vellas da Cocinha dos Frades. E todo iso sen ser nen emigrantes nen turistas, o máis, talvez, unha pontual sensación de irredención.

Xa na noite, a actuación da Chula —regueifa— de Carbalho de Rei e, quen o ia dicer, a cociña dos frades conversa en salón de baille ao ritmo dunha estupefacta Tuna de Ansiães.

En resumo, Amarante foi o facho que debe sinalar o camiño das futuras relacións e intercámbios culturais con Portugal. O resto, é palla.

Fumos a Amarante, escoitámos poesia, reivindicámos a nosa cultura, fixemos unha crónica para xustificar e acariciamos o pé esquerdo de São Gonzalo, que ao dicer de Bernardino Graña, ten poderes afrodisíacos. □

X.A. SUAREZ

"No conto está todo o aquelarre dunha cultura"

Alberto Avendaño, Prémio Barco de Vapor de Narrativa Infantil

Alberto Avendaño segue desde a escrita teatral, a tradución (Poe, Kenneth Graham, Roal Dahl) a narrativa ou a poesia, a aventura de descobrir o mundo chamado língua. En *Aventuras de Sol* que gañou o prémio *Barco de Vapor* crúzanse experiéncias dun escritor preocupado pola língua e polas fronteiras da expresión, desde o seu madrugador *Silabário da Turbina,* publicado co grupo *Rompente* no 78.

Alberto Avendaño

Aventuras de Sol ten unha estrutura narrativa clásica, que encerra como na receita de Tolkien, superación, fuxida e alívio, "é unha viaxe e como todas as viaxes ten ese contido de iniciación, de viaxe que vai da inocéncia á experiéncia. Empezas nun ponto e rematas noutro diferente. Pero para min o elemento fundamental de toda narración escrita en clave de narrativa infantil é a língua. A língua en si mesma, a língua como expresión, a língua como posibilidade de distorsión, como elemento recorrente que che permite, ainda que estexas contando unha história que se está contando en si mesma. O idioma fala de si mesmo. Iso é o que a min me interesa.

O Idioma fala de si mesmo

Pode un neno entender a própria expresividade do idioma ou lle comprirán certas axudas para entrar nela? "O idioma fala de si mesmo tamén para un neno. Non necesita un rapaz claves para entendelo. Matinei tamén niso e o próprio libro vai explicándose a si mesmo. Por exemplo, o próprio alcume do personaxe principal, que se chama *Coxe*, Coxilicas. Ainda que non entendas a palabra *Coxilicas*, esa mesma palabra está auto-explicada no primeiro capítulo. Polo contexto ou polo xogo de palabras búscase esa connotación explícita, de maneira que perda transcendéncia pero que sexa un elemento lúdico, importante, sen deixar de ser parte da história. Son tres frentes nos que hai que traballar cando se está a utilizar unha língua en situación diglósica: a língua como referente, a língua que se auto-explica e a língua como xogo. Outra cousa que me preocupa moito sobretodo nun libro dedicado a certas idades, é xogar coa própria memória do leitor, ainda que sexa dunha maneira máis ou menos rudimentária ou primitiva. O libro é pois recorrente non só na expresión senón na estrutura sintática. Hai una série de referéncias e de fases que se repiten, aparte de que hai títulos que tamén aparecen duas veces como pergunta e referéncias repetidas a un mesmo personaxe como o *Lobo bolo*. A história do libro é a história de dous personaxes pero ambos os dous desembocan nunha mesma trama. A memória é certamente unha das claves. Eu teño experiéncia de contarlle contos a nenos e a miña própria necesidade conforme lle vou contando (eles, os nenos xeralmente quedan hipnotizados, prendidos nunha narración) é que a única maneira de rachar esa alineación que significa ser ouvinte, ser exclusivamente receptor dunha história, é xustamente facer preguntas sobre o que lle estás a contar. Non perguntas *test*, senón interrogacións que vaian enchendo eses ocos.

Na apariéncia poderíase falar de contraste entre o Alberto Avendaño que traballaba na avangarda da narrativa e do teatro e outro preocupado polas claves da literatura infantil. Algo asi como dun escritor rompedor e dun escritor integrador. "Ao mellor habia que falar dunha xeración de xente que vale para todo porque ten personaxes que se meten no *rock* ou no que faga falta. No meu caso o asunto ten unha certa linealidade ainda que non o pareza. Eu empezo facendo teatro aos quince ou dezaseis anos e teatro infantil tamén. Despois fago poesia, e *shows* con Rompente e recitais con músicos. Despois contacto coa EXB para pór en prática cousas que xa as coñecia intuitivamente coa palabra, falada e escrita. O único que fas é adaptar a tua própria carga lúdica ao tipo de ouvinte que tes. De pronto dis, vou facer un conto para nenos. E por que non?"

Unha maneira de se defender

O conto pode ser tamén unha maneira de se defeder dunha cultura agredida. "O conto é un mecanismo de supervivéncia de claves e de medos. É como a traxédia grega, na que está o amor, a morte, os ciumes, o ódio e a ambición. Ese é o tema dos contos. Ainda que poda sonar tópico, o conto é todo un subsconciente colectivo que trascende incluso á própria cultura porque encerra ideas universais. Todas as culturas, normalizadas ou menos necesitan do subsconciente para sobreviver. Ese subconsciente é o que lle vai marcando pautas. En todos os seriás da TV os temas son sempre os mesmo. O poema máis fermoso do mundo, que poderia ser aquel de *polvo soy mas polvo enamorado,* o tema non deixa de ser unha repetición do tema do amor. No conto está todo o aquelarre dunha cultura. Que funcionalidade ten de feito o conto na Galiza? Pois ten esa capacidade de esconxuro, de manter vivos unha série de caracteres. Se perdes os contos, estás a perder o teu posto en pé de igualdade coas outras culturas: no medo á morte, no gozo da vida, na visión da ficción ou nas personificacións extra humanas. No momento no que se perda o conto en galego, a cultura galega deixará de ter sentido".

Falamos da adiviña dentro do conto. O conto de Alberto Avendaño contén un complicado plano para seguir unha viaxe chea de retos. "Penso que é un rasgo tradicional porque plantexa un conto como unha viaxe. Isto pódese atopar en todos os contos incluíndo *Alicia*. Pero no libro hai un plantexamento técnico moi claro. E non me preocupa en absoluto que este plantexamento teña certa complexidade, porque non se debe rebaixar en absoluto a complexidade técnica. Hai en primeiro termo un xogo de narradores: un neno, que empeza auto-presentándose; o can que nunca fala directamente, pero que mantén unha atmósfera narradora, e o narrador que mesmo chega a plantexarse dunha maneira tímida falar cun suposto lector. Outro son os as personaxes que o neno e o can van atopando no camiño e que lles contan á sua vez histórias. Despois hai contos dentro do conto. Cando se explica a história do nascimento do lobo-fero, hai que contalo nunha clave tópica cunha história de dous montes, cun ritmo diferente e unha gran dama e un señor, etc. Para rizar máis o rizo chegamos a un momento en que can e neno collen o mesmo camiño e chegan deica as portas dun pazo seguindo o mesmo fio. Hai duas posibilidades cando é de entrar nel; contar as aventuras dentro do pazo até que atopan a porta secreta, ou ben propor un xogo con dados e con fichas. Cal poderia ser a inovación dese xogo? Que non hai gañadores nen perdedores, que non se trata de chegar primeiro senón de que todos os participantes cheguen. Non é demagóxia pedagóxica o feito de dicer que non quero facer un xogo onde un neno gañe, os nenos sempre gañan porque os próprios cachorros xogan sempre a gañar. O adulto, a diferéncia do neno, tamén gaña pero non en clave lúdica. O xogo permite que eles desenvolvan unha acción literaria, asi que poden pór a proba a sua própria capacidade de contar, de buscar e de espera.

Gostos radicais

Avendaño coñece de primeira man, como ensinante, o grau de interés ou de rechazo que se pode dar no primeiro ensino a respeito da literatura infantil en galego. "O hábito de leitura pódese ir criando e unha vez que o colle entramos nunha segunda fase que a dialéctiva que tes que estabelecer con eles para falar do que leron. O neno é moi radical nos seus gostos: ou lle gosta o que lé ou non lle gosta. Se non lle gosta di que non vale e se lle gosta di que é maravilloso. Ás veces pode dicer *góstame moito porque ten moitas aventuras*. O papel do profesor é debullar esa preferéncia porque outras veces len cousas que, non tendo tantas aventuras, tamén lles gostan. É, como se ve, unha relación dialéctica. □

GUSTAVO LUCA DE TENA

Organizadas pola Asociación Cultural

Xornadas culturais da República Democrática Alemana

Durante esta semana están tendo lugar en Vigo unhas xornadas culturais dedicadas á RDA, organizadas pola Asociación Cultural de Vigo.

Na Casa Laxeiro ten lugar unha exposición simultánea de carteis teatrais e de libros alemáns. Entre os carteis figura unha selección dos que anúncian as obras de Bertold Brecht co Berliner Ensemble, entre os que se encontran os de "Nai coraxe e os seus fillos" e "Vida de Galileo". Inclúense igualmente carteis de obras de autores non alemáns, como o irlandés Sean O'Casey, de óperas como "Macbeth" ou "Salomé".

No auditório cultural Cidade de Vigo pásanse, a partir das oito da tarde, unha mostra de películas realizadas na RDA entre as que se encontran "A Prometida" e "António e o Mago".

A idea de realizar estas xornadas, que empezaron coas dedicadas á Hungria e continuarán con outros países socialistas, ven dada segundo a A. Cultural "por entender que non pode deixar de tentar estabelecer unha comunicación, por pequena que sexa, con culturas que sendo absolutamente importantes son case que completamente descoñecidas para todos nós". □

GuieirO CULTURAL

Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

Eis un fragmento do primeiro capítulo da novela de Ferrín que apresentará en breve Edicións Xerais de Galicia. *Bretaña Esmeraldina* é unha narración longa que sucede a *Arnoia, Arnoia, Amor de Artur* (1982), *Crónica de Nós*, (1980) *Antón e os Inocente* (1976), *Retorno a Tagen Ata* (1975) —que ven de reimprentarse nunha cuidada edición— *Elipsis e Outras Sombras* (1974), *O crepúsculo e as Formigas* 1961 e *Percival e outras Historias* (1958) que forman o máis importante corpo de relatos do Galego contemporáneo. O Mendez Ferrín poeta compite co narrador, o articulista ou o autor teatral cunha obra que ocupa o primeiro lugar da lírica actual. O seu activo protagonismo civil e político a prol das libertades de Galiza, a sua recoñecida importáncia e maxistério como creador fóronlle recentemente recoñecidas pola concesión do Pedrón de Ouro que lle será entregado o vindeiro 24 de maio en Padrón.

Bretaña, Esmeraldina a última novela de Méndez Ferrin

"Naquela cela de dous cincuenta por dous cincuenta"

E víñame daquela ás mentes, sumidas na confusión, a lembranza de algo que ocorrera moi lonxe de alí, quizabeis en Bretaña, e que tiña como suxeito a un meniño pálido ao cal seu preceptor, certamente alto e elegante, de pómulos escuros e ollada de carbón, conducía polo brazo ao longo de escuros pasadizos até o cuarto das vasoiras no que a pequena vítima habería de sofrir un castigo na compaña de ratos, de soños terroríficos e de amargues lamentos.

Así e todo, eu non pensaba que ía ocorrer o que ocorreu, miña querida Esmeraldina, o día de chuva feroz e fría en que me fecharon na Prisión da rúa do Príncipe. Aqueles matalotes da Garda Republicana, grosos coma xabariños e zoupóns nos seus movementos, arrempuxáronme contra o interior dun rocho iluminado por unha única luz vermelliza. Encol dunha mesiña baixa, de bimbio, fun convidado a ir depositando os teus amados retratos, Esmeraldina, o meu cinto, o pouco diñeiro portugués que me restaba, chaves de automóbeis, portas e lembranzas, un mangadiño de cartas de teu que sempre foran comigo nos días curtos e intensos nos que participara na Resistencia.

Un Cabo de ollar mate, de nome Torvo, segundo habería saber máis tarde, mandoume espir mentres a Garda Republicana se retiraba, rosmando e fedendo ao suor, e entraba naquel cuartiño de cacheo un Oficial de Prisións Autonómicas para se facer cárrego da miña persoa. Endexamais tiña eu visto, miña querida Esmeraldina, o uniforme de aquel corpo de elite ao que lle está confiada a administración interior dos cárceres azerratas. Confésoche, por tanto, que fiquei impresionado polo corte impecábel da guerreira encarnada, polo empaque marcial do calzón azul que caía recto, como recta era a franxa dourada que encobría a costura exterior de cada perneira, polo casco dourado e coroado de penas de ave do paradiso que se fixaba sobre unha testa nobilísima de militar de outros días. Mentres o Cabo me mandaba efectuar diversas flexións que lle permitisen investigar, coa axuda dun instrumento frío e algo molesto, no interior do meu anus, mentres eu obedecía cunha sorte de compracencia as ordes que o Cabo emitía para min coa arnal entonación que aqueles presos submisos soen empregar para se dirixir a outros presos que, coma min mesmo, se atopan en niveis humildes, ou postergados, dentro da escada de xerarquías que rixidamente estratifica toda prisión en non importa que país, eu consideraba atentamente como o magnifico pantalón do Oficial de Prisións Autonómicas limitaba con botas rutilantes de charol nas que o meu rostro volto ao chao se reflexaba e mesmo evanescentes imaxes de min mesmo podían adiñarse na espora dourada de salón que firmemente se abrochaba a cada canela, con cadeiñas de labra fina.

Unha vez que terminei de vestir o meu fato de penado, que naquela época era de estameña marrón, moi esgrevia ao tacto, púxenme en posicións de firmes, co queixo moi adiantado, e ollei cara o meu Oficial de Prisións Autonómicas, que resultou ter un bigode loiro moi poboado, unha face redonda e cuberta de pencas e uns olliños pequenos e esleídos que non chegaban a relumbrar por tras de lentes de montura dourada. O Oficial, nun pronto, cruzoume a face cun vergallo de coiro que estivera até entón facendo xogar distraidamente entre os dedos.

—Imbécil —díxome mentres o Cabo Torvo, cunha pancada moi precisa, me facía caír sobre o chao de cemento.

—Nunca ollarás a un Opa de frente, nunca ollarás a un Opa de frente —dicíame o Cabo mentres me torcía un brazo e as irregularidades do pórlan rañaban a miña meixela.

—Repite —insistía o Cabo—, repite: endexamais ollarei a un Opa na cara. Cando estea perante un Opa ollarei sempre para as pontas dos meus pes.

Decateime deseguidade que un Opa era inequivocamente un Oficial de Prisións Autonómicas, e repetín as palabras que o Cabo me indicaba.

Chegados a este ponto, quixera eu eliminar do meu relato, miña queridísima Esmeraldina, unha manchea de detalles que se cadra

X. Marra

che resultan ociosos. Así que, en abreviatura, direiche simplesmente que en tanto me facían entrega do colchón, en tanto me recollían en múltiples cartóns as marcas dixitais e me permitían limpar os dedos cun pano impregnado de gasolina, en tanto un Opa de graduación e edade superior a aquel que me recibira de maos da Garda Republicana me berraba cun vago acento de Terra Ancha que a miña cela había de ser a número tal e tal na galería tal (a sete da décima en realidade) e que vía camiñando acelerado pois debería permanecer nela unha cuarentena durante a que sería visitado polo Iman, polo Médico e máis polo Chefe de Servizos, cuarentena que eu debería utilizar para entrar en min e reflectir sobre a inutilidade da miña rebeldía contra as cousas e sobre a xeral futilidade de calisquer intento subersivo, quer individual, quer de índole colectiva, en tanto, dígoche eu, Esmeraldina, eu me vía comprometido nos clásicos trámites que incomodaban sempre o ingreso de calquer recluso en calquera cadea de Tagen Ata, ou sexa do mundo, de cada vez máis e máis se me ía representando a miña patria lonxana que é Bretaña.

Bretaña, Esmeraldina, si: Bretaña. Por moito que as miñas viaxes polo mundo enteiro, até os países mesmos que chegan alén das rotas que traspasan as portelas de Lem-ko, viaxes que aquí me trouxeron a este Tagen Ata vilmente rexionalizado polo rexime republicano de Terra Ancha no que estou preso, por moito que efectivamente me tiveron mexido as miñas viaxes de aquí para alá polos diversos territorios do mundo, ti sabes que xamais puiden dar esquencido a Bretaña, sitio de meu propio, miña amada.

Non podía, Esmeraldina, esquecer a miña patria, non se me ía ela da cabeza, naquela cela de dous cincuenta por dous cincuenta na que me deixaron.

Nun curruncho, o retrete bafexaba unha podre interminábel que proviña das fonduras da prisión e era resultado das feces comunais de máis de cen anos de amoreamento de homes alí reducidos pola lei de Terra Ancha, dura até a crueldade onde as houbera. Adosado a unha das paredes achábase o catre, no que depositei o meu colchón, que debería estar enrolado até que a trompeta soara para dar a hora de silencio. A fiestra enreixada deitaba unha escasa claridade. Ollando ao través dela ti vías que fóra había un patio enlousado sobre o que a chuva caía incesante e con rumor universal. Unha colla de presos cobaxábase baixo certa especie de soportal, a fumar moito e falar por grupellos. Eran unha masa esborranchada, triste na tarde de frío e humidade.

E alí estaba decote a lembranza de Bretaña. Senteime nun anco da cela e noteime só. Chorei Esmeraldina carísima. Chorei con bágoas ardentes que devolveron unha pouca de calor ás miñas meixelas. E polo meo dos meus choros, ou non sei se che dicir dos meus ensoñares, eu vía aquela Prisión de Príncipe, ou se cadra outro lugar moi semellante, a arder polas catro pontas, e os presos a bradar coma diaños, bébedos de violencia e de anisette, coas facianas pintadas e sabres de regulamento na mao que, semellando en todo á amotinación dun manicomio ou casa de saúde, apoderábanse dos seus gardas ou dos seus louqueiros e dos seus médicos alienistas e abríanlle-los ventres, estranguíanlle-los corazóns e as enxullas todas de dentro, deixábanos convertidos nunha masa espapallada de carniza e sangue mentres lles danzaban ao redor, aqueles tolos. Notei o engulo dentro de min, no bandullo, e trousei violentamente sobre o chao da cela. E, unha vez gomitado e de novo desperto, chorei copiosamente outravolta. E aínda seguín a ver como ardía a Prisión de Príncipe por un tantiño tempo, e logo nada.

Ao terceiro día do meu isolamento recibín a visita do Imam Oficial.

Tes que saber, Esmeraldina querida, que este funcionario e sacerdote da prisión de Príncipe había de ter un papel moi importante nos sucesos que che irei relatando nesta miña carta. Pero, como non quero adiantarche acontecementos que serán coidadosamente contados no seu intre oportuno, abonda agora con que saibas que o Iman dixo chamarse Imam Ohumkl e, coma os demais Imams Oficiais das prisións de Tagen Ata, non exercía o seu ministerio con carácter coercitivo. Dado que Terra Ancha é agora unha república laica, mesmo se a secta muslime que foi a relixión oficial durante tantos anos goza de innegábeis privilexios, tais como o de estar subvencionada, administrar os cemiterios, ter exención fiscal completa, manter os corpos de sacerdotes coránicos no ensino, nas prisións e nas forzas armadas, na rexión autónoma de Tagen Ata os Imams Oficiais oferecen unicamente uns vagos servicios de asistencia espiritual dos que o cidadán, sexa este un soldado, un particular que quere enterrar a un seu parente, un educando ou un preso coma min, pode, se quixer, prescindir cun xesto, eludindo todo tipo de prédica con aceno que non lle reportará a ninguén complicacións coa autoridade.

Cando o Cabo abriu a porta da miña cela, vin que se recortaba na porta unha figura moi magra, que parecía estar feita de aramio. Ao penetrar na cela, a figura descompúxose en xestos esquinados e nuns andares mecánicos, esa era a súa delagadez. Vestía o meu visitante pantalón de franela e un casaco de tweed, sen garavata e cun foulard rosa arredor do pescozo. Naturalmente, levaba a testa tocada polo turbante que era insignia da súa condición de Imam Oficial de prisións.

—Vostede —dixo o Imam mentres me tendía a mao—, vostede pode, se quixer, amparse na constitución de Terra Ancha e no estatuto de Tagen Ata e convidarme para que me vaia. Non embargantes, eu (pódollo asegurar) comprendo as xentes coma vostede.

—¡Señor Imam Ohumkl! —berrei póndome en pe.

O Imam ergueu un dedo moi calmo e solenme, como só saben facer os sacerdotes de non importa que cultura ou confesión.

—Eu non son un Opa —díxome cun tono de condescendencia que aínda me irritou máis.

—¿Que vostede comprende as xentes coma min? —bereille—. ¿Que vostede non é un Opa? ¿E a min que me vén con todo iso? Eu non preciso da súa comprensión.

Durante un anaco, o Imam Ohumkl estivo a ollar distraidamente polo chinelo enreixado. O silencio invandiu a cela e só sentiu o caír rumoroso da chuva sobre a prisión de Príncipe. Pareceume moito máis delgado o Imam cando me dixo nun rosmido.

—¿Podo facer algo por Vostede en proba da miña boa vontade?

—Si —contesteille moi vivamente—. Pode facer que me deixen falar cos outros presos da Resistencia.

Encolleu os ombreiros.

—Isto é contrario ó regulamento; é imposíbel —dixo coa cabeza baixa.

Así discorreu, miña querida Esmeraldina, a visita do Imam Ohumkl.

Conforme a lei autonómica penitenciaria, ou polo menos conforme a aquela parte da lei que se topa escrita (outros elementos da disciplina carceraria, como ti terás ocasión de saber no ponto oportuno da miña carta, son costumes e usos que se aplican ferreamente sen haber constancia deles nos estormentos legais) eu tería que ser visitado durante a miña cuarentena polo Médico Oficial, a continuación de telo sido polo Imam.

—¿Chámaste Amaury-Paul-Marie-Gilart de Keranflec'h?

O Médico Oficial non era, decididamente, o doutor Le Barre. Tratábase dun personaxe moi baixiño, ao que lle faltaba unha perna e levaba a parte correspondente do seu pantalón recollida cun prendedor moi grande. Tiña a voce melíflua e pronunciou o meu nome cun bon acento francés. Como se me lera no pensamento, aclaroume:

—Sei fala-lo francés un regular porque servín na Lexión. Aponteime en Marsella e fixen toda a guerra de Indochina con De Castries. Estiven en Dien Bien Phu. Alí me foderon a perna. Había moitos bretóns. Case todos foran pola mariña, por aquel entón.

Señor Médico, díxenlle eu demostrando todo o interés que me foi posíbel demostrar. Señor Médico Oficial, ¿como dixo a Vosa Excelencia que era o meu nome?

O médico se non inmutou. Empuñou a mulata coma se fose unha espingarda e púxona no peito. Cun golpe seco precipitoume de costas contra o camastrallo. El ficou de pe, con moito xeito, sobre unha perna soa. Parecía un artista de circo, ollándome con frialdade cuns enormes ollos húmidos e parados.

—Dixen Amaury-Paul Marie-Gilart de Keranflec'h.

Armeime de valor para responderlle dicindo que eu só sabía seguro que me chamaba Amaury, e que o resto dos nomes de pía e mailo apelido éranme completamente descoñecidos.

—Merda —dixo o Médico—. Sempre pasan cousas así neste centro penitenciario.

—Só sei que me chamo Amaury e que son nativo de Bretaña. Tampouco sei de que vila de Bretaña son.

—Non te preocupes, díxome entón o médico. Nesta administración penitenciaria figuras baixo os nomes que che dixen. Non debes preocuparte polo teu verdadeiro nome. Algún dia saberás como te chamas e onde naciches.

—Só sei que o meu médico en Bretaña se chama doutor Le Barre. Quizais o coñeza a Vosa Excelencia.

—Non, non me lembro dese nome. Orabén, o meu consello é que percures ao tal Le Barre. Noticias del. Calquera cousa, lembranzas.

O Médico Oficial púxose entón a choutar sobre a perna sá, nunha dirección e noutra da cela, levando a mulata en alto. Co esforzo saltáronlle dous botóns da guerreira azul do seu uniforme de Médico Oficial. Despois deixouse cair ao chao nun curruncho e díxome abucinando moito os beizos, ou sexa póndoos en forma de boca de lamprea:

—Éme moi bo este exercicio para poder dormir pola noite.

A miña entrevista co Médico Oficial rematou cando este se ergueu e me estreitou a mao moi cordialmente. Como eu era moito máis alto ca el, ollábame desde abaixo e notei nos seus grandes ollos de vaca algo así como unha súplica ou unha sorte de admiración pola miña persoa. Chamábase Rojet Tagen Ata. "Un marrao colaboracionista", pensei eu para min. (...).

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

Porto

Un amigo da Galiza: Arsénio Mota

Hai xa moitos anos que conocemos ao escritor portugués Arsenio Mota. Dende sempre é un grande e verdadeiro amigo de Galicia e un intelixente e eficaz divulgador da nosa cultura, da que é tamén bo conocedor.

Arsénio Mota procede dunha familia de labregos, orixe ao que sempre lle foi fidel. Esta fidelidade a sua terra e a sua xente determinou, en boa parte, a sua obra de poeta e narrador, moita dela firmada con seudónimo. Nos anos da sua mocedade foi emigrante en Venezuela. En Caracas esiste unha importantísima comunidade portuguesa, con grande proxección económica e social. O seus anos venezolanos foron, pra el, unha importante esperiencia.

Volto a Portugal estableceuse no Porto. Ali fundou e dirixiu a editora *Razão Actual* que publicou importantes libros de creación e de pensamento. Nesta editora, naqueles anos de férrea censura franquista, saíron algunhos libros galegos que non se poderían publicar no noso país. Entre eles a *Autoescolha Poética* de Celso Emilio Ferreiro.

Dende hai anos Arsénio Mota exerce o xornalismo profesional. E prosegue o seu labor de creación literaria, cada vez máis orientado cara a literatura chamada infantil e xuvenil, onde ten acadado importantes logros. Os poemas da sua primeira época caracterízanse pola sua sinxeleza —que de nengún xeito quere dicer simplicidade—; pola sua claridade e pola sua limpa, nídia e ben lograda beleza. Poesía fundamentalmente da emoción, do sentimento e da natureza.

Os derradeiros libros de Arsénio Mota, *Som de origem* e *Os sagredos do subterráneo* son unha maravilla. Destaca neles un fondo senso poético, aberto ao mundo esterno, aos homes e aos aconteceres de cada día. O amor a natureza e a defensa da vida, o desveamento do ser e do misterio das cousas percorren estas narracións exemprares e leves, abertas á comprensión e que discurren por camiños de solpresas e pantasía. Non se pode esquecer o seu fermosísimo relato *Historia con ratos da Paspalhóvia*, realmente conmovedor. Os derradeiros libros de Arsénio Mota son mui boa literatura. E non só pra rapaces. Cando a literatura é boa non precisa encasillamentos nen etiquetas.

Conocemos a Arsénio Mota na cidade de Guimarães, hai xa ben anos, con motivo dunhos xogos frorais portugueses-galegos. Despois fomos hóspedes, xuntamente co pintor Xavier Pousa, seus na sua morada da rua Monsanto, na cidade do Porto, onde vivemos —e nunca mellor empregada a espresión— unhos días indesquencibeis na sua compaña. Con el percorremos boa parte de Portugal, presentando a *Autoescolha Póetica*, de Celso Emilio Ferreiro e un libro da nosa autoría. Na nosa lembranza aínda está viva a visita que fixemos a Coimbra vixiados pola *Pide*, feito que nos puxo algo nerviosos. No aito de presentación dos libros en Coimbra estivo presente ese grande galego do sul que é Manuel Rodrigues Lapa, a quen coñecemos nesa ocasión. A ovación que os estudantes lle adicaron ao sabio e xenial romanista foi verdadeiramente apoteósica.

Sempre que viaxamos ao Porto, se temos un intre de vagar, percuramos ao noso vello e querido amigo Arsénio Mota. En tempos pasados as nosas andanzas pola cidade remataban no inolvidabel café *"A Brasileira"*, oxe tan brutal e vergoñosamente destragado. A derradeira vez que nos atopamos foi no *Majestic*, na rua de Santa Caterina, un dous poucos cafés do mundo dos que apetece non erguerse. A conversa con Arsénio Mota é sempre mui interesante, fermosa e aproveitosa. Trátase dun home cortés, delicado, sensibel e ben informado. Ten o don de saber escoitar. E, sobor de todo, é un home enormemente xeneroso. A sua mesura, elegancia e xenerosidade está perfeitamente refrexada na sua obra literaria.

Arsénio Mota miudo, traballador, humilde e disciplinado está sempre ao lado do home e da beleza. Sen xestos ampulosos e sen vaídades de nengunha caste. Dá gusto ter amigos así. Persoas verdadeiras que diñifican a condición humana.

Arsénio Mota ou o seu heterónimo Arsénio de Bustos xa, no ano 1955, falaba deste xeito:

Preciso urgentemente de ler poesia!
Enviem, amigos, todos os versos que possuam,
eis o pedido que vos faço.
Talvez estranhem e não atendam com brevidade,
esquecidos da importancia de saber dos homens,
da necesidade espantosa de entender os ventos
que sopram e ecoam no silencio
desta região cercada de mistérios.
Angustiado, hoje preciso ler poesia,
talvez ela me dê a palabra que os acontecimentos simulam.
Enviem, amigos, todos os versos que possuam.!

músicos da galiza

XOÁN M. CARREIRA

António Ventura Roel del Rio

(Santiago, 1710? - Mondoñedo, 17/II/1767)

Mestre de capela da catedral mindonense e teórico musical, Roel del Río é unha das figuras mais xigantescas da história da Música na Galiza.

Non coñecemos ainda a sua natureza pero posibelmente fose compostelán, pois ali recebeu a primeira educación musical do mestre Pedro Rodrigo (ver A NOSA TERRA nº 294. 5/VI/1986), tamén o atopamos máis tarde en Madrid como músico do Real Monasterio de la Encarnación sendo mestre Diego de la Muelas (ver A NOSA TERRA nº 285 31/I/1986) para opositar ao maxistério de Mondoñedo o 10 de Maio de 1730, sendo nomeado o día 16. Ali seguiría até a sua morte trinteste anos máis tarde. Coñecemos que no 1742 opositou a Lugo e no 1744 a Santiago, sendo eleito nesta catedral Pedro Cifuentes (Ver A NOSA TERRA nº 293. 22/V/1986).

Roel posuia unha monumental cultura e temos testemuña da sua xigantesca biblioteca. Coido que este feito é imprescindíbel para a intelixéncia da modernidade de vários dos músicos do XVIII mindoniense como Almeida (ver A NOSA TERRA nº 254. 27/IX/1986) e tamén para comprender a participación de Roel nas polémicas musicais da España daquel momento. Polo pouco que coñecemos, o XVIII mindoniense ten un aquel de "atípico" e só cando dispoñamos dunha investigación exaustiva sobre a documentación administrativa e da música conservada, poderemos tentar unha interpretación do fenómeno.

A participación de Roel nas polémicas foi malentendida por autores que nunca leron os seus escritos e fiaron do prestíxio dos replicados (Feijoo, Soler, etc.) sendo acusado de reaccionário, o que é un disparate para quen se moleste en coñecer a sua música, na que existe xa un claro trionfo da melodía aínda que conserve formalmente a estrutura do dobre coro.

O "Nunc dimitis", por exemplo, é a mostra da actualidade plena da música de Roel e do seu coñecimento do novo estilo vocal fillo da ópera italiana. Sobre a modernidade do seu pensamento é algo aceitado pola totalidade dos musicólogos que da sua figura se ocupan.

Escritos.

"Institución Harmónica, ó Doctrina musical theórica, y práctica, que trata del canto llano y de Organo exactamente, y según el moderno estilo explicada, de suerte que excusa casi de Maestro". Madrid, 1748. "Razón natural i científica de la Música en muchas de sus máis importantes materias. Carta a Don Antonio Rodríguez de Hita, Maestro de Capilla de la Santa Iglesia de Palencia sobre su Breve, i fácil methodo de estudiar la Composición". Santiago, 1760. "Reparos músicos precisos a la "Llave de la modulación" del Padre Fray Antonio Soler, mastro de capilla en el Real Monasterio del Escorial". Madrid, 1764. "Institución Hármonica..." (II parte). Mss. 1766

Catálogo:

5 Misas. 10 Salmos (quizá formen xogos de "vísperas"). 4 Misereres. 4. Lamentacións. 7 obras diversas.

Bibliografia:

Francisco Asenjo Barbieri. "Biografía y Documentación sobre Música y Músicos Españoles". Madrid, 1986. *Guy Bourligueux*.— "Roel del Río" en "Dizionario Enciclopedico Universale della Musica e dei Musicisti". Torino, 1987. *Id. e Enrique Cal Pardo*.— "Maestros de Capilla de la Catedral de Mondoñedo". En "Estudios Mindonienses" nº 2. Mondoñedo, 1986. *R. Either*.— "Roel del Río" en "Biographisch-bibliographisches Quellen-Lexicon der Musiker und Musikgelenhrten" Leipzig, 1903. *Xosé Filgueira Valverde*.— Introducción ao "Cancionero de Galicia" de Casto Sampedro. Pontevedra, 1942. *Francisco J. León Tello*.— "La teoría española de la música en los siglos XVII y XVIII". Madrid, 1974. *José López-Calo*.— "Catálogo musical de la Santa Iglesia Catedral de Santiago". Cuenca, 1972 *id*.— "La música en Galicia". En "Galicia eterna". Barcelona, 1989. *Antonio Martín Moreno*.— "Un tratado de composición manuscrito de Antonio V. Roel del Río "en Anuario Musica: t. XXX. Barcelona, 1967. *Id*.— "El padre Feijoo y las ideologías musicales del XVIII en España" Ourense, 1976. *Id*.— "Historia de la música española. Siglo XIII". Madrid, 1985. *Id*.— "Hilarión Eslava polemista: la polémica entorno a la historia de la música española". En "Monografía de Hilarión Eslava". Pamplona, 1978. *Marcelino Menéndez y Pelayo*.— "Historia de las ideas estéticas en España" Madrid, 1922. *Rafael Mitjana*.— "La musique en Espagne" En "Enciclopedia de la musique et Dictionaire du Conservatoire". Paris, 1920. *Miguel Querol*.— "Roel del Río" en "Die Musik in Geschichete und Gegenwart" Kassel-Basilea, 1969. *Antonio Rodríguez de Hita*.— "Diapasón instructivo. Consonancias músicas y morales... "Madrid, 1757. *Samuel rubio*.— "El padre Antnio Soler: Vida y obra" en "Monasterio de San Lorenzo del Escorial". El Escorial, 1964. *Baltasar Saldoni*.— "Diccionario Biográfico-Bibliográfico de efemérides de Músicos Españoles" Madrid, 1881. *¿Gregorio Santiso Bermúdez?*.— "Anticrisis a la Crisis de Don Antonio Ventura Roel del Río. Oro fino de la verdad contra la Alchimia Musical de Ventura. Microscopio a la Carta escrita por Roel y continuación de la Doctrina Música del Maestro Don Gregorio Santiso Bermúdez. Obra útil y provechosa para los facultativos y aficionados a la indagación fundamental de sus reglas. Dedicado a Don Mariano Codina". Estocolmo, 1737. *Antonio Soler*.— "Satisfacción a los reparos precisos hechos por Don Antionio Roel del Río a la "Llave de la modulación". Madrid, 1767, *Margarita Soto Viso*.— "Sucinta noticia da música na Galiza e na súa Historia", En "Historia e futuro da música e a canción galegas". A Coruña, 1978. *José Subirá*.— História de la música española e hispanoamericana", Barcelona, 1958. *Juan Bautista Varela de la Vega*.— "Santiso Bermúdez, Gregorio" en Gran Enciclopedia Gallega. Gijón, 1986.

Fontes:

Catedrais de Mondoñedo e Santiago.

os nomes dos lugares

CESAR VARELA

Desde a rua do Franco, á romaria da Franqueira pasando pola praia de Francón

Temos experimentado moitas veces que os topónimos galegos están agrupados por famílias, como cereixas nun cesto; se tiramos por un deles saen pendurados, como as contas dun colar, moitos outros nomes, cos que, secadra, nun princípio non pensabamos que poderian ter relación.

Que terá a ver, de entrada, o nome da soada rua compostelán, que vai desde o Obradoiro á Porta Faxeira, e é lugar de encontro, paseo e degostación de viño de toda a povoación estudiantil, coa non menos soada romaria da Franqueira, naquelas serras ermas de A Cañiza? e ainda, estas duas coa fermosa praia ou area de *Francón*, na mar de Aldán, onde recebe os mellores raios do solpor antes de se mergullar o astro rei no oceano?.

O único fio de unión de lugares tan diversos é por causa do home, máis ben por causa da palabra; esa palabra que designa un primeiro sentido, un significado orixinal, cuxa procura é o obxecto deste artigo.

Outros que trataron de explicar a orixe do nome da rua do *Franco* botaron a sua imaxinación para adiante e matinaron nunha persoa, que con tal nome tiña tido a sua casa na dita rua, que acabou tomando o nome do seu proprietário, mais: hai algunha base documental para soster tal cousa? Non o sei, pero non parece que *Franco* fose un antropónimo casual que se rexistase naquel tempo. Seria algun francés que atraido polo Camiño chegase a Compostela e fixase ali a sua residéncia? Tamén poderia ser, mais entón haberia que darlle a mesma explicación a unha chea de nomes, e xa seria máis dificultoso admitilo. Seica non seria que as antigas murallas de Santiago tiñan a carón da Porta Faxeira unha porta "Franca" por onde se podia pasar libremente? Mais se asi fose, por que o troco de xénero e como se explica o nome de todas esas aldeiñas que levan o nome de *Franco* e que evidentemente nunca tiveron muralla algunha?.

Haberá que pensar nos "frangos" portugueses?

E o nome de Franqueira, será referente a terra francas ou sexa libres de trabucos e impostos?.

E como meter no mesmo saco a canguesa praia de *Francón*? Como tecer unha teoria que sirva para tres lugares tan diversos pero designados desde antigo con nomes que semellan ter a mesma raiz?

Para min, ademáis de explicar nestas páxinas a orixe do nome do Ferrol, o caso non ten dúbida nengunha; voltamos a nos atopar coa mesma orixe lítica que esclareceu o nome da cidade dos estaleiros.

Todo debe proceder dun orixinário **Perranco** ou **Peranco**, que ao través dun **Feranco** deu o **Franco** actual; ese enorme pedrón que debeu existir en tempos, na zona onde hoxe está Fonseca ou Correos; a tal pedra deberia ter sido fendida polas cuñas que impuxeron posteriores construccións urbanas, mas o nome, desaparecido o obxecto que o orixinou, seguiu persistindo na fala cotián dos compostelanos.

Voltamos a nos atopar, outravolta, con esa base elemental da constitución física da Galiza, e eu diria dos seus máis antigos mitos, a pedra. Prometemos facer unha leiutura lítica dos máis antigos nomes da Meca da Galiza, se logramos vencer a dificuldade de pensar no país desde esta altura dos trópicos.

A romaria da Franqueira desenvólvese nun lugar penedio, e ainda ven corroborar máis a nosa tese: a visión da hierática imaxe pétrea da Virxe no seu carro do país.

Por úíltimo quen teña tomado un baño na area de Francón constatará o ambiente pétreo que a envolve e será un avogado máis da tese que nós mantemos aqui sobre o nexo de unión dos tres nomes referidos. □

GuieirO CULTURAL

Nº 314 - 23 DE ABRIL DO 1987

libros

O último Premio Xerais

No 1982 Xoan Bernárdez Vilar visita a Abadia de Glastonbury, axoella-se diante dos restos do rei Artus, "e alí mesmo, sobre a relva, á sombra das maceiras, esgarabella as primeiras páxinas desta novela...", di o lapelista. Escreve frases tan tremendas como: "O son dunha campá voou sobre as súas cabezas, rachando o silencio daquelas soidades", e van e lle dan un prémio narrativo: o Xerais. A novela que esgaravellou, máis que escreveu, titula-se *No ano do Cometa* (1), gañadora do Xerais 86. Segundo as crónicas e os cronicóns —como cumpre—, o xurado, sabendo ben o que facia, curou-se en saúde, por se de caso, e dixo que premiaba a menos má. Santo deus, como serian as outras! só de imaxiná-lo, entra-me o medo no corpo.

Bernárdez é o noso especialista en novela histórica, que é un xénero axeitado para cando falta a imaxinación, pois cando esta existe a novela histórica pouco ten de facer, a verdade. Non sei se a imaxinación lle falta a Bernárdez, para min ten muita, como se verá máis adiante, demasiada. Tanta que xa non é imaxinación, senón fantasia. Vexa-se por que. *No ano do Cometa* desenvolve-se alá polo ano 1066, cando aparece o cometa Halley, que traerá desgrácias para dar e vender. As desgrácias sonnos contadas no relato. Un bretoñés, que vive e foi educado na Galiza, é enviado á corte da Normandia polo rei García. Ali vai Maeloc, que tal se chama o protagonista. Polo camiño pasa por León, Logroño e Roncesvalles. Escoita a história do rei Artus a xograles. Chega á Normandia e coas hostes normandas comandadas polo seu grande duque, invade Inglatera e vencen aos saxóns. Vencidos estes últimos, vai o Maeloc en compaña doutros a buscar o que queda de Artus, e vai a un convento, e averígua cousas que non poderá dicer por aquilo da promesa. Logo leva á infanta Agatha á Galiza, pero polo camiño morre a tal, e tamén hai outra, Cecile, e remata a história cunha dor dos pecados e un propósito de Maeloc: luitar contra toda caste de invasores. Mais ou menos esta seria a história, pero máis ben menos, porque iremos, lendo o relato, de asombro en asombro, de surpresa en surpresa.

A novela é reiterativa iva iva; pesada e chumbiza. Os diálogos son incríveis; a história pode rozar os límites do absurdo pola teima de que salla todo, quer dicer, desde o Cid Campeador até Lady Godiva. A situación dos protagonistas —os seus pensamentos, as suas posturas— teñen tanto a ver co século XI, século no que se desenvolve a novela, como o touciño coa velocidade. As situacións que nos narra o novelista son prolixas, aborridas, pesadas e chumbizas; vexa-se, senón, a descrición da batalla entre normandos e saxóns, ou a estadia no convento onde dá cos restos de Artus. Enfin, que máis que unha novela encontramo-nos perante un texto que nos chimpa unha série de dados, datas e nomes con algun acontecimento que son ligados entre si polo protagonista. Para que pareza unha novela mete (o autor) algunha acción polo meio, pero pouco semella este texto a unha novela, pois Bernárdez non domina nen as técnicas narrativas (os saltos que fai son tan absurdos que non contemplan o paso do tempo) nen as verbais —das que logo veremos máis dun exemplo. Bernárdez pudo limitar-se a contar a história

Xoan Bernárdez Villar

de maneira lineal, mais ao parecer quixo demostrar que sabia —tamén— manexar (aparte de dados e datas) técnicas, e iso, como verá o leitor, non. E para mostra, un botón: o último capítulo: Cecile. Dá a impresión de que faltan muitas cousas, e en verdade faltan. Desque Maeloc deixa o convento onde topara cos restos devanditos até que leva a Agatha cara Compostela: hai uns saltos na narración sen que saibamos que aconteceu e sen que o narrador nos dé información do que ocorreu. Os capítulos en que narra duas histórias (mellor dito, dous acontecimentos á vez) acaban por demostrar-nos que o autor non manexa nengunha clase de técnica narrativa, neste caso, o *flash-back*. E deixemo-nos destas e vaiamos polas outras, polas verbais.

Estas (as técnicas verbais) son, ainda, máis descoñecidas por Bernárdez, pois todos os tópicos do mundo aparecen aqui, aparte da primeira frase transcrita, eis outras que nos asombran: "Era nova e amostraba uns cadrís ben contorneados e uns fareturentos seos"; "Onde ela quedaban os mellores días da súa vida" (soa-vos de algo?); "O seu cabelo era tamén coma unha noite sen estrelas; "O seu aroma, a incomparable beleza da súa garganta e dos seos, que os bardos cantaran, ou a inesquecible dozura dos seus ollos"; "enseguida unha relación das obras que tiveran algunha relación...", ou —acabemos, de momento—, "dos peitos dos rudos normandos", e asi até que un canse. Por non falar da postura (ou impostura?) intelectual dalguns dos personaxes. Vexa-se, por exemplo, o que di un deles sobre as cancións dos xograles: "É evidente que, partindo dun tema básico, real ou inventado, os xograles van elaborando e acrecentando os seus poemas,. de xeito que resulta sempre moi difícil determinar cal era aquel núcleo orixinal". Ou, seguindo cos xograles e os seus cantos: "..., se así (o cambiar a historia) o esixe a sensibilidade cristiá ou adquire unha maior dimensión o poema". Ou: "Posiblemente tales liberalidades non fagan senón enriquecelo, pero o feito histórico queda malparado" (sobre a canción de Rolando). Ou estas xoias: "Non son os saxóns exemplo de ecuanimidade histórica, nin poden ser tomados como referencia", por non dicer nada daquela outra frase que nos chimpa: "Non é fácil loitar contra un mito". Por non falar da postura ideolóxica do rei Garcia da Galiza, que máis parece un Louis XIV francés que un rei da alta idade média, aparte de praticar unha ideoloxia cercana ao nacionalismo. Ou aquel copista dun convento que ten —goza— un espírito científico que para si quererian muitos físicos actuais. Por non falar daquel outro que case pon en dúbida a existéncia de Cristo e frade, ou o outro que afirma que o cerebro é o máis importante dos órgaos (todo iso verdade, pero dicia-se no século XI?). Enfin, o autor usa da novela histórica para nos recordar o presente, pois o que interesa é que saibamos tirar licións do pasado para encarar o presente, ou, simplesmente, o que intenta dicer-nos o autor é que presente e pasado son iguais: "Ata os gobernadores que o meu pai deixou alí se senten máis identificados con León que con Galicia" (di-lle o rei Garcia a Maeloc)? E para afirmar-nos na crenza de que presente e pasado son iguais, velai algunha das actuais frases que percorren este curioso volume: "Galego do carallo", "bretoñés do carallo", "fixéronnos pasar máis fame que ós mortos" (non, non aparece ninguén dicindo "pássa, tiiiio"). Ou esa mania de recordar os lugares onde se desenvolve a acción pondo os nomes actuais a pé de páxina.

Enfin, un texto que nen é história nen é novela, que é? *el mes de mayo te lo diré*, cantábamos en Castela (non Castilla, como nos maza insistentemente o narrador) cando eu era mozo-neno. □

XGG

1) Edicións Xerais. Vigo, 1987. 216 pax. máis catro de táboa cronolóxica. Pechando o asunto ven-se-me á mente unha frase que me gustou muito, que parece tirada de Marcial Lafuente Estefanía: "Para el —engadíu rapidamente o xinete—, sete pes de terra inglesa, ou algo máis, se o necesita, para unha tumba", contodo, don Marcial teria aforrado o último sintagma. E, xa, non falamos das incoeréncias lingüísticas por non encher máis o asunto.

arte

Lorca, artista plástico

Desde a liña sinuosa até a caligrafia barroca e vexetal das suas firmas, pasando polos trazos tremelosos, por pequenas ou amplas zonas de papel tratadas ao modo puntillista; acadando aquel "debuxo automático" que predican os superrealistas —ou surrealistas—, para chegar finalmente aos seus debuxos máis elaborados —formas recoñecíbeis, figuras, bodegóns, paisaxes ou vistas da sua terra—, o granadino amóstrasenos como un artista poliédrico. As mil e unha faces da poesía plástica. Orabén, esta idea, que contribue á mitificación lorquiana, ten de ir acompañada doutra non menos certa se esquecemos da persoa e nos cinximos ao estrito campo da criación artística: as suas obras revelan, case sempre, ao neno que Lorca levaba dentro e as tendéncias máis profundas da sua personalidade. Se alguén se atrevera a realizar un estudo parecido ao que fixo Freud sobre Leonardo, posiblemente chegaria a conclusións que a máis dun pareceríanlle escandalosas, pero que traballo recentes tiraron á luz e deben terse en conta para coñecer a figura deste español universal.

As obras figurativas son dunha inxenuidade bárbara —o cal non é negativo se lembramos a obra do "Aduanero"—, tanto que me atrevo a dicer que poderian ser traballo de alunos de calquer escola de EXB. A sua insisténcia arredor do tema do "arlequin" (un ser sempre enigmático, andróxino) ou do "pallaso triste" son ideas "demodées" e xa consideradas desde Watteau a Picasso. O poético convérterse asi en lindante co melancólico e transforma a estas obras nas pior conseguidas da sua produción. O poético non ten porque estar no tema, no que se nos relata, senón no todo (forma-contido) que é a obra. A sua poesia áchase no instantáneo, no fugaz, no impensado, ainda que sexan catro garabatos inconexos. É a vitalidade que latexa detrás de cadaaceno onde se acha o valioso da sua criación. Duas cousas para rematar: o máis interesante, os debuxos de Buenos Aires coa elaboración inspiradora de Neruda, alguns de Nova Iorque, unha série de seres grotescos executados en Granada e algun debuxo esporádico rexido, segundo creo, polo modo Dalí —o seu "xaponesiño", como lle chamaba nalgunha das suas cartas— e ainda do máis fresco Miró. O mellor recordo: ese vento suleño que se respira e que me lembrou unha exposición doutro paisano do grande poeta: o malogrado Ocaña, coa sua inxenuidade machacona povoada de mística —a grande poesia española— e querubins —outros seres "démodées" e enigmáticos. □

L. CASADO-CADARSO

Signos no vento. Signos no tempo

Algunhas calas en Reimundo Patiño

Reimundo Patiño

"O home que levaba o sol no corazón". Hai mellor auto-definición que este título dunha obra que realizou en 1971? O sol o cosmos, a luz, o fogo no corazón?

Pintura como un estado de *espírito*. Como unha necesidade interior. Como un cavalo que, galopado, transforma ao xenete, despeo, proxecta-o, poténcia-o intelectiva e sensorialmente. Pintura como camiño de coñecimento. Como catarse. Como ensanchamento da percepción. Camiño cara un código novo.

Automatismo. Pintura arroxada, vomitada, vaciada entre a vixília e o soño, no arrebato, no rapto, no *trance*, na paixón. O pensamento na boca. Os tintes arroxados, fumigados, proxectados, como amor ou con ódio. Pollock furando latas, largando pintura sobre o lenzo como un tolo. Klein pintando mulleres despidas, frotandoas contra o lenzo, impreganando de azul a sua pele remota. Michaux enlevado, trazando grafias obscuras, caligrafias insones. Instinto, olfato, fuga, violéncia interior.

Tensión criativa até o límite, o ponto sen retorno. O Paroxismo do espírito estremecendo as formas. Entusiasmo exasperado, vital e dionisíaco, desbordado e desgarrado. Éxtase corporal.

Ebriedade. Disponibilidade e receptividade a todo. "A verdadeira vida está ausente" (Rimbaud). "O home perdeu o cosmos" (D. H. Lawrence).

"Unha rica arte popular, pletórica en fantasia, algunhas de cuxas características formais entrecruzan-se de xeito sorprendente con mostras e execucións da presente centúria... cruceiros, cepillos de ánimas, imaxineria, cerámica, formas do pan, migas de San Andres de Teixido, relóxio de Sol, gravuras en zocas e xugos de gado, cartelóns de cego, xoguetes de pan endurecido, de barro de madeira para os nenos, certas formas de arar a terra, outras fórmulas de convivéncia, ritos, xogos, actividades relativas aos ciclos anuais... suceder-se de sementeiras, colleitas..."

¿Cal deve ser o camiño do artista para salvar a cultura dun povo marxinado? ¿Imitar as formas tradicionais e autóctonas, basear-se nelas para reinterpretalas, realizar unha arte de vanguarda similar á de outro território mais afortunado na sua realización histórica, ou ben levar a cabo unha arte didáctica inferior na forma e no estilo á das áreas desenvolvidas?

Caos/ Orde. Criación/ Destrución. Orixe/ Retorno. Dia/ Noite. Xeometria/ Sertao. Vida/ Morte. Catarse/ Soño. Matéria/ Cosmos. Bioloxia/ Xeoloxia. Loucura/ Razón.

Analoxicamente: Vertixe, redemuiño, lóstregos, forzas, seísmo, orxia, celebración, células, insectos, ritmos, asimetrias, matérias, nervos, ollos, electricidade, tremor, graffitis, acenos, oleaxes, miniaturas, berro, tona, rito, vísceras, sangue, árvore, rocha.

Emblematicamente: figuras, svásticas, mogores, polifemos de grandes ollos, flechas, arcos, espirais, cruces, labirintos, círculos, trisqueis... *zoomórfidos. Antropomórfidos.*

Fusión da arqueoloxia e a antropoloxia coa vanguarda, nunha linguaxe auroral e do retorno.

Cores vitais, orxiásticas, gritadas. Do lume e do mar, do abismo e das constelacións, do sangue, da terra, do vómito.

"Era o Merlin da plástica galega contemporánea... os seu ollos de coruxa... no tempo en que Galiza era unha paisaxe morta, un bodegón sinistro..."

Non ben lle demos terra aos febrentos despoxos..."

Nota: Citas de R. Patiño, M. Rivas, Ferrín e Pondal.

XAVIER SEOANE

música

Método para Uillean Pipes de Leo Rowsome

Leo Rowsome é conhecido no mundo da música irlandesa polos seus traballos de investigaçom a popularizaçom em torno ás *uillean pipes* ou gaitas irlandesas, sendo autor do mais célebre método para aprendizaxe deste instrumento.

Nas *uillean pipes*, a diferência de outras cornamusas (a galega, por exemplo), nom se utiliza um soprete para insuflar o ar dentro do fol. Conectado com este fol, que se coloca entre o braço esquerdo e o corpo da persoa executante, que é quem desempenha a referida funçom. Esta circunstância é precisamente a que lhe dá nome á cornamusa irlandesa, pois em gaélico "uillean" significa "cotovelo", termo emparentado co bretom "ilin", coa mesma traduçom.

Existen outras cornamusas com idéntico sistema de insuflaçom, tal como a de Nortúmbria ou a das Terras Baixas escocesas.

Outras características destacáveis das *uillean pipes* som a possibilidade de obter co seu ponteiro a segunda oitava e a existência dos chamados "reguladores", cos que se podem obter acordes para acompañar as melodias.

No *Tutor for the uillean pipes*, de Leo Rowsome, achamos as necesárias instruçons para aproveitar as posibilidades mencionadas e demais pormenorizadas indicaçons para tocar o instrumento. O autor inclui tamém gráficos das escaladas, partes

dos instrumentos, acordes... e umha escolha de peças irlandesas como acompanhamento de "regulador" (reels, jigs, hornipipes e outros ares). Este método está publicados por *Walton's, North Frederick Street, Dublin-1.*

Mas, como temos dito, ao lado da sua faceta de investigador e popularizador das *uillean pipes*, Leo Rowsome é famoso tamén como interpréte, podendo ser escoitado em gravaçoms como King of the pipers (Claddagh Records), Irish Traditional Pipes (Dolphin Records), Classic of Irish Piping Vol. 1 (Topic), etc.

Entre grupos mais conhecidos que utilizan *uillean pipes* podemos citar a Chieftains ou Na Fili. Como se sabe, o próprio gaiteiro de Chieftains colaborou na gravaçon do L.P. de Milladoiro "Solfafria" e incluso o membro desta derradeira formaçom J.V. Ferreirós tem empregado a gaita irlandesa nalgunha interpretaçom. □

JOSÉ ANDRES PORTO

teatro

Mozart e Salieri

Andou estes dias pola Marinha lucense o Teatro de Cámara da Escola Dramática Galega a representar "Mozart e Salieri" de Alexander Puschkin. Umha nova ocasiom para comprobarmos dumha parte a ausência dumha mínima infraestrutura de salas de teatro, e doutra os bons trabalhos teatrais que se estám a ofertar na Galiza nos últimos tempos. O teatro, fenómeno radicalmente extraordinário, segue provocando discrepâncias no plano da avaliaçom da parte do público. E isso é intrinsecamente bom. Após a representaçom à qual assistimos, e que congregou a máis de treszentos escolares, houvo disparidade de juízos em torno a este ou aquel aspecto pontoal. Mas o teatro foi o que já foi, o que é e seguirá sendo. Nom lhe incumbe a el, dirimir conflitos históricos nem especializar-se nessa ou nessoutra direcçom. E segue faltando um público. Existe umha certa ideia de que ao teatro um vai a rir. Se nom ocorre isto alguns marcham defraudados. Um mínimo respeito para co trabalho dos profissionais do teatro poderia levar-nos a outros plantejamentos. Mas todo isso, é outra história.

Mozart e Salieri aproxima-nos, se calhar impressionistamente, ao mundo em que vivera Wolfang Amadeus Mozart (1756-1791). O século das luzes, de Boileau, de Bacon e de Locke. O de Luzán e de Sarmiento. Alguns autores tenhem visto no autor de *A frauta mágica* outro apólogo da igualdade, a fraternidade e a liberdade. Mas sobre a vida do grande operista austríaco nom o sabemos todo. A sua morte tem-se convertido num mistério. Ao pouco de se produzir o escritor ruso Alexander Puschkin (1799-1836) escreve *Mozart e Salieri* integrando a hipótese do assassínio de Mozart e maos dum seu amigo, também músico. A versom que oferece a Escola Dramática Galega parte da obra de Puschkin, mas retocando-a, refazendo-a. Tratarom de abordar "as limitaçons que impom a sociedade à criaçom artística, e mesmo ao livre exercício da condiçom humana".

No primeiro trecho da peça inclue-se umha mínima biografia de Mozart e também umha certa apologia do compositor austríaco. No monólogo do actor conecta-se a problemática do tempo à que se refere a obra, co tempo presente no que está inserido o público. Criar em liberdade: eis umha consigna sentida. Onte coma hoje essa consigna acarreta nom poucos problemas.

Além disso, o génio e a inveja parecem andar intimamente ligados. O primeiro representado na peça por Mozart: inocente, sensível, novo, efímero... O segundo aparece concretado em Salieri: atormentado, inseguro, imerso em operaçons um bastante obscuras. Nas pelucas, nos vestidos, o público assiste a cenas típicas do século XVIII. Como nom podia ser menos, ouvem-se ao longo da breve representaçom trechos de peças de quem transcrevera de memória o Miserere de Allegri.

Numha grande economia de meios, com mínimas mas significativas pistas ao espectador a obra consegue ser evolutiva e inteira: total. Se houver que destacar algo máis destacaríamos o magnífico galego que pudemos ouvir na representaçom e o excelente trabalho de Manuel Lourenço sobre quem recai se calhar o maior peso da posta em cena. □

HENRIQUE RABUNHAL

cine

Platoon

A película definitiva sobre Vietnam?. A dos Oscars xa saben. Oliver Stone, o director, estivo ali un ano, esta é a sua versión, non creo que sexa a película definitiva (hai unha de Kubrick que si poderia selo), pero si a primeira que amosa aos americanos, a parte ao menos, como uns "fillos de puta" e esto non gosta, é óbvio, aos benpensantes dirixentes do país máis poderoso da Terra. pesie a iso, conseguiu o Oscar ao mellor Film, agás doutros tres. O rapaz bon americano que decide alistar-se para defender o seu país, os soldados que están na frente (case lumpen no seu país). O sarxento bon e o mao. A brutalidade da guerra, o embrutecimento dos homes, o compañeirismo, a maldade, a orde sobretodo. Rodada en plena selva, con batallas continuas, o director recriase en primeiros planos, disparos e máis disparos, bombas e máis bombas, Contra un nemigo que apenas se ve, é como un inferno para os soldados que só aspiran a se largar ...vivos.

Película de acción, non pretende ir máis alá (como *Apocalypse Now*, por exemplo). Amosa unha patrulla e o que lles pasaba (a mporte a cada paso, a loucura ao lado, o medo) E todo por que?

Película antimilitarista? Por suposto non é *Rambo*, pero támpouco se diria feita para o público americano, para concienciar aos bons que nada se perdeu ali, que se pasaron tamén e todo isto doe.

Isto non implica que o film esté ben feito, que William Dafoe e Tom Berenguer (os sarxentos) están formidábeis. Que o rapaz Charlie Sheen está moi ben e tamén o resto dos soldados.

Quizais haxa un exceso de primeiros planos, de tiros de bombas, de sangue, pero seguramente diso se trataba, de amosar un pouco a guerra en primeira liña. E tamén unha voz en Off, que para o meu gosto, sobra. Sirva alomenos, para que adeprendan a lección e non se deixen meter noutros Vietnams.

M. ESTRADA

Dirección e guión: Oliver Stone. **Protagonistas:** Tom Berenguer, WQilliam Defoe, Charlie Sheen., Francesco Queen, Kevin Dillon, Keith David, Johnny Deep. **Música:** Georges Delerue.

A cor do diñeiro

Ou dos cartos ou da pasta...

Concebida como hábil secuela de "O buscavidas" *(The Hustler,* R. Rossen, 1961), e veículo para o recital de Paul Newman, é este quen fai funcionar a fita. De Scorsese, sen embargo, esperábase algo máis persoal e vigoroso, sobre todo despois de "After Hours". Este filme non excede a corrección un tanto rotinária, resulta un tanto coxo en certos persoaxes, ten un enclenque remate pero sai airoso grácias ao traballo de Newman, interpretándose en boa medida a si mesmo.

Este percorrido polo indubidabelmente atractivo mundo do billar, que ten a ventaxa de xogar cuns estritos e seguros códigos inda que non constituan xénero, fáltalle a crudeza e sordidez esperábeis de tal ambente. O relato do reverdecer do outonizo ex xogador resulta, apesar da repetida referéncia aos cartos como única teima a ter en conta, bastante amábel a fin de contas.

Mais esas caréncias súpreas abondosamente a poderosa preséncia de Paul Newman. O seu saber estar, a sua mirada serea e sábia contrastan co convulso actuar de Tom Cruise, disque o máis taquilleiro asteroide xuvenil do momento; prototipo do actor mozo ianqui actual que non sabe estar en pantalla, cuxa preséncia nela produce contínuo desasosego, que se move nervoso e fai acópio dun repateante bagaxe de tics, asi faciáis como nas mans, e, por fin, incapaz de pousar, inda por un intre, a mirada nun ponto fixo, e moito menos na do interlocutor; incapaz, en suma, de expresar nada co seu ollar, premisa, que un saiba, esixíbel a un actor/riz.

A contemplación deste novo horror adolescente como contraponto de Newman (o discípulo por el instruído ao que se terá que enfrentar finalmente) reforza consideravelmente a figura deste; mais resta brio e forza dramática ao conxunto da fita. Sen dúbida a inclusión con fins taquilleiros destes lamentábeis mozos está lastrando moitas películas aproveitábeis, como pasaba coa recente "Crossroads", de estrutura semellante a esta. "A cor do diñeiro" pode verse asimesmo como unha significativa confrontación entra dúas xeracións de actores. A de Newman, no filme de Rossen mozo torrencial e un tanto tendente ao tic, (pero tics que, comparados cos que empregan agora os Cruise e demais caterva hai que ver case como rasgos do clasicismo); e a do mentado rapaz, que repite o papel do Newman novo. Este, como os bons viños madurou cos anos e converteuse en magnífico actor; ao cabo dos mesmos anos, ao Cruise e os seus colegas esperamos non atopalos por nengures, polo ben do cine e da sensibilidade máis elemental. □

GONZALO VILAS

Titulo orixinal: "The Colour of Money". **Director:** Martin Scorsese. **Produtores:** Irving Axeirad e Bárbara de Fina. **Guión:** Richar Price, segundo a novela de Walter Tevis. **Música:** Robbie Robertson. **Fotografía:** Michael Ballhaus. **Intérpretes:** Paul New-

'Rambo' vista polo poeta Evtushenko

Cal é o papel da cultura na aproximación ou alonxamento dos povos? Norte-américa deu ao mundo magníficas películas humanistas, desde "Luces da cidade" e "Cidadán Kane", "Alguén voou sobre o niño do cuco" e "Amadeus". Pero cando vin "Rambo II" con Sylvester Stallone, estremeceume o que ocorria na pantalla e a reacción dos espectadores, na sua maioria adolescentes. Esta película —pésima e que non ten nada a ver coa arte— é outra ilustración á teoria do super-home. Os rusos aparecen nela como unha espécie de neandertais con metralletas; a guerra, como un apaixonante pase co sangue ate os xoellos.

O que máis me impactou foi que cada ruso morto e cada vietnamita esnaquizado provocaba aplausos entusiasmados na sala. Seria inxusto dicer que eses mozos norte-americanos son sanguinários e están dispostos a matar; é simplesmente a sua inxenuidade a que fai que se deixen hipnotizar pola mentira da pantalla. Nos Estados Unidos agora hai moitísimas películas onde aparecen soviéticos, a quen invariabelmente apresentan como a monstruos, agás cando estes abandonan a URSS para sempre. Non se pode ver na pantalla a un soviético normal, positivo e moito menos pacífico.

Tiven a oportunidade de conversar cun veterano da guerra de Vietnam que despois condenou esa aventura. É republicano e agora ocupa un posto oficial bastante alto. O primeiro que fixo este home foi pedirme que non vise "Rambo-II". Respondinlle que era tarde, xa a vira. Díxome entón: "Teña a ben aceitar as miñas desculpas por esa vergonza para nós, ainda que noutros tempos estiven directamente vencellado co Vietnam onde actua Rambo: ali perdin unha perna".

Por máis que os seus autores falen de fins recriativos, semellantes películas están destinadas a sementar a desconfianza entre os povos. En realidade Silvester Stallone e os seus correlixionários aumentan a probabilidade dunha catástrofe nuclear mundial, ainda que pareza incríbel que eles o desexen, porque significaria unha autodestrución. (...)

Os norte-americanos seguen imaxinándose ao povo soviético só atraves dos diários. Por iso é máis doado que a cultura —e, en particular, o cine como a arte máis de masas— se convirta en instrumento de terror en mans más que en instrumento de paz en mans boas. E o resultado lóxico do terror mútuo é a guerra.

Nos Estados Unidos visitei moitas librarias, pero non atopei nen vestíxios de literatura soviética.

Os norte-americanos non teñen a posibilidade de ver aos soviéticos por meio da literatura. Cando un fala cos editores, escoita case sempre xustificacións de tipo comercial: non hai demanda. Resulta un círculo vicioso: como se pode determinar se hai ou non demanda, cando moitos libros sinxelamente non se traducen?

Os norte-americanos sinten grandes desexos e están interesados en coñecer ao povo soviético, pero chocan contra o valeiro das librarias e a mudez da pantalla. Claro que tamén moito depende de nós. Mijail Gorbachov contestou moi ben a un escritor soviético en Xenebra: "Non lle carreguen a culpa de todo aos líderes políticos. Xa acordamos ampliar os contactos culturais... Véxanse e póñanse de acordo entre vostedes mesmos. Hai que obrar conforme ao espírito de Xinebra..."

Iso é o que trato de facer nos Estados Unidos.

En particular falei con Marjorie Clair, directora da sociedade "Os poetas na escola", ocurréusenos organizar concertos poéticos dos nenos soviéticos e norte-americanos máis talentosos tanto en Moscu, coma en Nova Iorque. Con grandes persoalidades do cine como Warren Beatty e Francis Ford Coppola referímonos á necesidade xa perentória de exibir as 10 mellores películas norte-americanas e soviéticas nos Estados Unidos e na URSS. Nos encontros cos escritores Norman Mailer, Willian Styron e Allen Ginsberg surxiu a idea de criar un comité voluntário que coordenase as nosas relacións culturais.

A maior parte do povo norte-americano quer a paz e nos libros e películas soviéticos trata de ver a verdadeira faciana do noso povo. (...) □

EVGUENI EVTUSHENKO (APN)

MANUEL GALLEGO JORRETO

Nado o 2 de Decembro do 36 no Carballiño. Estudou na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Desde o ano 1967 reside na Coruña.

Exposicións:

—Arquitectura Racional en España (Veinte arquitectos). Exposición itinerante. 1983 Barcelona.

—Arquitecture Espagnola. Europalia 1985. Culturel Centrum Hasselt. Belxica.

—Mostra de Arquitectura Contemporanea Galega. Trinta e catro arquitectos. Universidade Internacional Menendez Pelayo. A Coruña 1986.

Ten publicadas obras e proxectos en:

—Hogar y Arquitectura. Madrid

—Boden. Madrid.

—Arquitectura, (COAM). Madrid.

—Obradoiro, (COAG). Santiago.

—Croquis. Madrid.

—A & V. Madrid.

—Process, Arquitecture. Tokyo.

—Archis. Amsterdam.

—Publicaciones Consejeria O.T.M.A. y V. Madrid "Seis ideas para un problema".

—Trente Oeuvres architectures espagnole annes 50, annes 80. Europalia.













O proxecto arrastra en parte as preocupacións que guiaron os meus últimos traballos sobre vivendas unifamiliares. Estas preocupacións axudáronme a conceptualizar e asi superar a dificil proximidade que supón ao arquitecto proxectar a sua própria vivenda.

En certa maneira, trátase de plantexar a vivenda unifamiliar como a criación dun espácio capaz de albergar unha orde espacial, unhas pautas de organización. Este plantexamento é en parte unha contestación á solución habitual consistente en dar forma a un programa de necesidade. Formalizar este é, en grande medida, personalizar diferéncias de cada vivenda.

Plantexada desta maneira, a vivenda unifamiliar é algo moito máis suceptíbel de variacións. É o dabondo flexíbel para que, con pequenos cámbios acidentais, sexa válida para outro usuário. Trátase de que o próprio usuário continue criando a sua casa.

MEMÓRIA

A idea de espácio contenedor, neste caso semellante ao definido por unha granxa ou alpendre, supón unha certa importáncia da cuberta, que une e enlaza situacións e espácios diferentes. Todo se fai posíbel através dunha cultura própria e do compromiso con ela.

Unha maneira e un volume tan escaso como o que se propón, que por outra banda se reafirma o situalo no terreo, quíxose poñer en tensión con este, mediante muros curvos, taludes, diferentes cotas de aceso, etc.. Coidase a vexetación para que esta impoña a sua preséncia e o seu outro orde.

Resultou atractivo, polo posíbel risco que supuña, o utilizar uns materiais tan ligados ao sistema de tradicional como os que utilicei: pedra no exterior, carpinteria de madeira, solos de pizarra en planta baixa, tarima de carballo en alta e remates xerais de detalles en aceiro. □

publicacións

COLOQUIO ARTES Nº 71

Dezembro 1986. Fundaçao Calouste Gulbenkian. Lisboa.

A nova entrega de Colóquio/artes mantén a mesma calidade e seriedade a que nos ten afeitos. Este número inclue temas tan variados como os traballos sobre pintores como Victor Willing e José Luis Cuevas; un precioso estudo do espello na arte e a sua simboloxia ao longo do tempo, o espello como instrumento máxico e relacionado co mundo dos soños; un interesante traballo sobre a composición musical e os ordenadores e unha análise de sete películas (cousa desgraciadamente pouco frecuente en publicacións deste tipo) unidas por tratar un tema común: a represión da delincuéncia pola sociedade que non quere saber cal é a raiz do problema. Seguindo o seu costume de dedicar especial interés á arte portuguesa, neste número inclúense tamén un estudo de Fernando Lanhas, artista polifacético e orixinal, vinculado ao abstracto; unha exaustiva crónica de AICA 86, exposición organizada con motivo do Congreso da Asociación Inernacional de Críticos de arte, que tivo lugar en Lisboa e que supón unha panorámica completa da arte portuguesa actual e as suas diversas tendéncias, e un traballo sobre o Palácio de João José Ferreira Rega, "un palacio burgués, do imaginário ao real", obra de Ernesto Korridi, puramente historicista, que cria o seu palacio ideal reproducindo fragmentos de famosas arquitecturas portuguesas de diversos estilos, vendo o historicismo como un recurso da burguesia para garantir a sua promoción social e imporse como clase.

Complétase este numero coas seccións de Cartas de Paris, Lisboa e Itália, e a sempre interesante bibliografia.

Os interesados poden mercala na libraria Couceiro de Santiago.

B.G.

actos

ACTO POÉTICO

O próximo 23 de Abril ás 20 h. na sala da Casa da Cultura do Concello de Vigo, terá lugar un acto poético organizado polo programa "A paixón Galega" de Rádio Ecca.

O acto apreséntase baixo o lema "Na cidade espida", e nel participarán vários poetas xovens, gañadores xa dalgun prémio literário, que exporán a meio da lírica a sua visión da cidade e da comunicación, das suas posibilidades frente a presión e manipulación urbanas, sempre á marxe de calquer prexuicio ou "movida" preconcebida. Proxectaranse asimesmo diapositivas relacionadas cos motivos citados (a cidade, a comunicación, a evasión...).

ACTIVIDADES DO MUSEU DO CASTRO DE VILADONGA

O Museu monográfico do Castro de Viladonga, do Ministério de Cultura, que ven funcionando plenamente desde o pasado mes de Novembro en que se abriu ao público, quer iniciar, nesta segunda parte do curso escolar e nunha fase experimental, un Programa de Acción Didáctica dirixido a centros de E.X.B., B.U.P., F.P. e escolas universitárias, consistente fundamentalmente en fomentar as visitas preparadas previamente ao Castro de Viladonga e ao seu Museu, e que teñan logo unha continuidade na própria actividade escolar.

A tal efeito, o Museu facilitará aos centros que o soliciten, información orientativa sobre a función actual dos Museus e da Arqueoloxia, e sobre o Castro de Viladonga e o seu Museu Monográfico. (Enderezo: Castro Rei (27259 Lugo).

Por outro lado, o Museu do Castro de Viladonga, que colabora con outros Museus galegos na realización dunha Exposición, en homenaxe a Florentino L. Cuevillas, sobre a Cultura castrexa, que virá a Lugo en datas a determinar, ten asimesmo programado facer este ano un Ciclo de conferéncias sobre este mesmo tema e en concreto sobre os xacimentos claves no Noroeste para o coñecimento daquela cultura, asi como un Curso de carácter xeral sobre Museoloxia.

Tamén neste ano, está previsto que o Ministério de Cultura edite un cartel ou póster sobre o Museu, un folleto sobre o Castro (reedición actualizada do publicado en 1979), e un libro-guía sobre o Museu.

Este Museu arqueolóxico está aberto todos os días, incluso festivos, de 10,30 a 2 e de 4 a 7, e a entrada é gratuíta.

A pomba viaxeira

(ven da **páxina 14**)

min, que non son crente, ainda que ás veces agardo algo que din que na outra vida teremolo premio desta (digo agardar, ¡ollo!, nesta vida, non na outra) esta "pomba viaxeira", o papa Wojtyla, pouco arranxou para que a verdade das mortes e da masacre faga xusticia. E Pinochet, sigue como peixe na auga, ainda que parece un mico cunha viseira de direitor de charanga de antroido, e Videla e compinches disfrutando do seu benestar, cecais alá por Olivos, porque no fondo non foron *"máis cuns cumplidores do seu deber de goberno"*.

Asi camiña o mundo, compañeiras. □

exposicións

FOTOGRAFIA

Exposición até fin de mes de fotos coloridas de *Kukas*, na baiuça "A casa das crechas" de Santiago

A COÑECIDA SÉRIE FOTOGRÁFICA DE
MANUEL FERROL
NO LIBRO
"EMIGRACIÓN"
EDITADO POLO CENTRO DE ESTUDIOS FOTOGRÁFICOS

P.V.P. 1450 PTA.
AOS SUSCRIPTORES DE **A NOSA TERRA** DESCONTO DO 15%
AOS LEITORES O 10%

SOLICÍTEO AO
TLF. (986) 22 24 05
OU ESCREBA A:
A NOSA TERRA APARTADO 1371
VIGO

libros

8 MILLONES DE MANERAS DE MORIR, por Lawrence Block. Etiqueta Negra nº 17. Editorial Júcar. Gijón, 1986. 320 páx.

Primeira aventura de Matt Scuder traducida ao español (de Block hai cousas traducidas por Bruguera). Din que é a sua mellor novela, e non se pode dubidar. Unha cidade na que existen 8 millones de maneiras de morrer, tantas como habitantes: New York. Unha novela de ritmo trepidante onde o alcool, o crime, o amor, o sexo, a suxedade, etc., están presentes. Unha grande novela policial. Duas tachas: a infame tradución e a cantidade, insuportável, de erros de imprenta (nunca —en español— converte-se en nuca, etc.)

EL ESCANDALO DEL 44, por A. Bergman. Etiqueta negra nº 9. Editorial Júcar. Gijón, 1986. 208 páx.

Segunda novela de Bergman editada en España (a primeira "Levine y Hollywood", Bruguera, pasou completamente desapercibida). Seguindo a máis pura tradición americana, Bergman dá unha novela policial clásica que fai pasar un rato agradável ao leitor á vez que se inteira de cousas da política americana en portugués, na Série Negra de Regra do Jogo, editadas no ano 79 e 80)

SIN ESPERANZA NO PUEDEN PLANTARSE OLIVOS, por Leonardo Sciascia. Laia/Divergencias. Editorial Laia. Barcelona, 1987. 202. páx.

Livro que recolle entrevistas e artigos do escritor italiano sobre diversos temas pero no que hai un que priva: o caso Moro e os asuntos políticos italianos. Tamén as raíces literárias de Sciascia. Un livro que serve tanto para coñecer ao Sciascia escritor como ao Sciascia político. Un livro que non defraudará nunca aos seguidores do sicialiano, pois a amenidade non está rifada coa profundidade nen coas ideas orixinais. Un interesante livro que se le dun tirón.

VIDA DE UM HOMEM, por Giussepe Ungaretti. Hiena Editora. Lisboa, 1987, 70 páx. 480 escudos.

Escolma do, talvez, máis grande poeta italiano deste século. Unha poesia sen floritura, sen ramallos. Unha poesia densa e que se expresa por mínimas palavras. Unha poesia na que o home e a natureza se unen para intentar descobrir o ser. Unha grande poesia nunha tradución que rara vez perde a poeticidade (ás veces si). Eis unha mostra da poesia de Ungaretti: "Com o mar/ fiz-me/ un ataúde/ de frescura". A tradución é de L. Pignatelli.

POEMAS, por Malcolm de Chazal. Matilde Urbach Editora. Coimbra, 1986. 62 páx.

Un grande e descoñecido poeta surrealista do que agora se dá unha escolla (ben pequena) en portugués dos seus poemas? que mais ben son sentenzas? diceres? refráns?, simplesmente, e parafraseando a outro surrealista (ou para-surrealista) arxentina —A. Porchia—: voces. Voces que son poesia: "A violência chorou sobre o entulho da ternura". Un poeta ben traducido por Laura Lorenço e Marc-Ange Graff nunha edición máis que preciosa: bela. E aproveitamos para recomendar o seu *Sens Plastique* que por un módico prezo (nen 50 francos) está á venda na colección "L'Imaginaire" de Gallimard.

AS MÃGIAS, Versões de Herberto Helder. Hiena Editora. Co. Ideias e atitudes nº 4. Lisboa 1987. 46 páx. 580 escudos.

Vários e diversos poemas de Cendras, Michaux e outros nos que prima o "primitivismo", como se fosen poemas de tribos que desapareceron ou están a desaparecer (alguns dos poemas son iso), traducidos e prologados por Herberto Helder, un dos grandes poetas portugueses da actualidade. O seu limiar é un belo texto sobre a poesia, desde a poesia e pola poesia, para reencontrar-nos". Os poemas, maravillas, a tradución: fiel, poética e livre. Acabemos recomendando o poema final: "A identidade dos contrários" de Roditti: "sou o louco e o sensato".

PETITES PROSES, por Michel Tournier. Col. Folio 1768. Gallimard. Paris, 1986. 244 páx. 19 FF.

Textos vários do grande novelista francés sobre variadas cousas que vai recollendo en diversas seccións: Maison, villes, enfants, corps, images, etc. Textos onde a poesia, a brillantez, a filosofia, o humor, a beleza aparecen a cada intre. A ter en conta os seus comentos sobre a "Imaxe do poder", que é un pequeno estudo das relacións entre fotografia e poder. Ou o capítulo inédito da sua última novela *La Goutte d'or*. Ou, simplesmente, o seu epitáfio: *Je t'ai adoreé, tu me l'as rendu au centuple. Merci, la vie.* Un grande escritor é grande até nos epitáfios.

VAN GOGH OU O SUICIDADO DA SOCIEDADE, por Antonin Artaud. Hiena Editora. Memória do abismo 13. Lisboa, 1987. 56 páx. 480 escudos.

Talvez o máis grande poema de Antonin Artaud nunha tradución de Aníbal Fernandes que conserva toda a brillantez e toda a angústia do orixinal. Artaud, un escritor difícil pola sua língua, é respeitado polo tradutor que non traiciona, senón que case escreve o orixinal no seu idioma. Un poema capital da poesia do século XX que mostra o alonxada que está a poesia dos salóns e das académias. Un tratado de angústia que teria asinado o mesmo Kierkegaard, tan cercano Artaud a el, como o encerrado de Rodez o está ao grande pintor holandés.

FER SENYORS A LA PLAÇA ROJA, por Manuel de Seabra. Col. El Brot nº 41 Ed. Pórtic. Barcelona, 1986. 128 páx.

Cuarto livro narrativo dun escritor portugués en catalán. Manuel de Seabra, un escritor médio, entrega agora un mangado de contos abondo irregular, onde relatos interesantes "Europa Plorava" misturan-se con algúns infames e con outros xa sabidos, quer dicer, narrados centos de veces. Un livro interesante pero que nada engade nen a literatura catalana nen á obra do autor.

QUINCANNON, por Bill Pronzini. Col. Alfa. Laia Editorial. Barcelona, 1986. 180 páx.

Bill Pronzini é un das figuras da nova narrativa policial norteamericana. Creador do "detective sen nome", protagonista das suas melliores novelas, tamén ten entregado outras de boa calidade, como a presente, onde mestura a novela policial e o western, demostrando —asi— o seu coñecimento destes dous xéneros. Unha novela onde a intriga e a acción dan-se a man para facer pasar un tempo máis que agradável ao leitor.

MOHICANIA, por Manuel Rivas. Edicións do Rueiro. A Coruña, 1986. 50 páx.

Nova singradura desta editorial que se inicia cunha nova entrega poética de Manolo Rivas. Afondando no que foi a sua última entrega, Rivas dá poemas de toda clase: bons, menos bons e —algun— maus. Pero os poemas bons poden figurar en calquer antoloxia de poesia galega: "A volta ao mundo de Joshua Slocum", por exemplo, non pode faltar en nengunha. A poesia de Rivas vai da cotidianeidade á aventura pasando por unha cidade: A Coruña, e un grande verso: "esta mesma maña marcharei de Europa".

JUDY, por Stuart Kaminsky. Etiqueta Negra 14. Editorial Júcar. Gijón, 1986. 156 pax.

Toby Peters é un detective que traballa para personaxes famosos: de Joe Louis até Eleonor Roosvelt, na presente ten de descobrir quen quer facer mal a Judy Garldand durante a rodaxe de "O mago de Oz". Non é a mellor novela de Kaminsky (para min a máis divertida é aquela na que traballa para Errol Flynn) pero si unha das máis temperadas pois algunha chega a ser un verdadeiro disparate. Unha novela agradável de leitura e emocionante para o cinéfilo.

TARÁNTULA, por Thierry Jonquet. Etiqueta Negra nº 11. Editorial Júcar nº 11. Gijón, 1986.

O autor francés que tivo a honra de coroar o nº 2.000 da "Série Noire" de Gallimard é, porfin, traducido ao español. E é-o cunha das suas máis duras e brutais novelas. O leitor da presente sentirá-se despistado nun princípio, pero cando a história da prisioneira (sic) vaia collendo corpo, terá perante sua unha das novelas policiais máis renovadoras dos últimos tempos. O troskista Jonquet (que tamén asina como Ramón Mercader) denúncia a brutalidade, o sadismo e a venganza e para iso usa un convidado non moi solicitado na novela policial: o amor.

DE IMPURA NATIONE, por Damiá Molla/Eduard Mira. Edicions Tres i Quatre. Valéncia, 1986. 240 páx. 1.100 pta.

Prémio Octubre de ensaio 1986, o presente volume é unha explicación de por que non existe un nacionalismo valenciano. Os autores botan-lle tanto a culpa ao que eles chaman o "fusterianismo" (de Joan Fuster) como o "Ratpanatisme" (de Lo Rat Penat, agrupación valenciana que lanzou a renaixença daquel país e agora está en mans dos ultras). Os dous son, din os autores da presente, rexionalistas: uns de Cataluña, outros de España. Valéncia cidade (pois o nacionalismo será urbano ou non será), de momento perdeu. Un livro intersante, a discutir, a meditar e a ter en conta, apesar que consideramos inxustos muitos ataques a Joan Fuster.

X.G.G.

convocatórias

CERTAME DE FOTOGRAFIA XUVENIL

A Dirección Xeral da Xuventude e Deportes da Consellaria de Cultura e Benestar Social, convoca o III Certame Galego de Fotografia Xuvenil con arregro ás seguintes

BASES

1.— Desenrolo: En mérito á súa experiéncia no campo fotográfico encoméndase a organización á Casa da Xuventude de Ourense.

2.— Participantes: Toda a mocidade galega e os fillos dos emigrantes que estexan entre os 16 e os 30 anos.

3.— Modalidade: Única, admitíndose o brando e negro e a cor en todas suas técnicas.

4.— Temas: A xuventude (a sua imaxe, actividades, etc.) ou o meio ambiente como aportación á celebración do Ano Europeu do Meio Ambiente.

5.— Presentación e prazo de admisión: As fotografias entregaranse na Delegación Provincial da Conselleria de Cultura e Benestar Social de Ourense, Avenida da Habana, 105-4ª planta (Sección da Xuventude) 32004 Ourense, ou ben facendo o envio por correo. A admisión pecharase o 10 de Outubro.

A obra presentada por cada fotógrafo irá acompañada dun sobre pechado no que figurará, na parte exterior, o mesmo lema das fotografias, e no seu interior unha fotocópia do Documento Nacional de Indentidade e máis o título ou títulos das obras.

No caso de ser fillo de emigrantes, unirá documentos que o acrediten.

6.— Condición xerais:

a) Cada fotógrafo poderá presentar todas as fotografias que desexe, todas elas irán baixo o mesma lema.

b) As fotografias presentadas deberán ser orixinai, non podendo estar publicadas nen ter recibido prémios noutros concursos ou exposicións.

c) Cada fotografía deberá ir montada en soporte consistente e na sua parte posterior levará escrito o lema e o título correspondente.

d) Tamaño, entre 18×24 centímetros, mínimo, 2 30×40 centímetros, máximo.

7.— Xurado: Estará composto por persoas cualificadas e fará público o seu fallo antes do 14 de Novembro de 1987. Este terá Carácter irrevocábel.

8.— Exposición: Coas fotografias seleccionadas polo Xurado, farase unha exposición na Casa da Xuventude de Ourense, de 2 ao 14 de Novembro. A organización poderá realizar unha exposición itirenante por Galiza ata o 31 de Xaneiro do 88, data na que se procederá á devolución das obras do mesmo xeito en que foron entregadas.

9.— Propriedade: As obra premiadas pasarán a ser propriedade da Consellaria de Cultura e Benestar Social que poderá facer uso das mesmas.

10.— Prémios: Estabelécense os seguintes:

Primeiro prémio ... 50.000 Pta.
Segundo prémio .. 30.000 Pta.
Terceiro prémio .... 20.000 Pta.

As mencións de 10.000 pta. que o Xurado estime até un máximo de seis.

11.— Norma final: A participación supón a conformidade coas presentes bases.

A NOSA TERRA

Ideas

A televisión que nos anuncian

VÍCTOR F. FREIXANES

Velaí vén agora a televisión privada, polemizando entre os que prefiren definila coma "servicio público" (anque demasïadas veces dea logo en "servicio gubernamental") e os partidarios do "escape libre", selección natural, ou sexa: que cada quén monte o seu canal se ten cartos para facelo e, despois, que a liberdade de mercado e a lei implacable da oferta e da demanda peneire o que haxa que peneirar. Moi probablemente vai ser este un dos temas que máis animen a vida política española nos vindeiros meses. Non hai grupo, confesión, equipo editorial ou económico que non teña opinión ó respeto. Opinión e intereses. Hoxe máis ca nunca ter *información* é ter realmente *poder*.

Benvida sexa por principio a liberdade e a pluralidade. Pero a modo cos entusiasmos. Duns anos para acá, dende os micrófonos das grandes cadeas de radiodifusión e dende as columnas editoriais dos periódicos, vénse defendendo unha única tese: sen liberdade non hai democracia, sen televisión privada non hai liberdade.

A opinión pública, dirixida demasiadas veces dende os grandes medios de comunicación de masas, acabou aceptando isto coma un axioma: a televisión privada é a derradeira asignatura pendente da democracia española á liberdade de expresión. ¿Quén o di? Os grandes grupos que controlan os medios e que, lóxicamente, hai tempo que puxeron os seus ollos e mailos seus intereses na televisión comercial. E o máis cómodo e rendable para un profesional da comunicación é apuntarse ó carro. Son máis ofertas laborais, máis competencia, máis campo de traballo...

¿Qué oportunidade vai dar a Galicia (á lingua galega, á nosa identidade nacional e cultural) a televisión privada? En principio xa as empresas e os grupos que compiten polas concesións anunciaron un criterio básico: a rendabilidade comercial e económica dos proxectos. O galego, dende estes presupostos que tantas veces esgrimen as empresas periodísticas, non é rendable. E xa non só o galego: a propia Galicia, como unidade de mercado capaz de xerar ingresos publicitarios, tampouco compensa. A televisión, artellada sobre as grandes compañías gobernadas polo único criterio da rendabilidade económica, convertirase (aínda máis) na grande ferramenta uniformista e desgaleguizadora que xa é, pero multiplicada por tres, cinco, dez canais. ¿Non temos dereito as minorías a esixir, polo menos, unha revisión dese sacrosanto criterio da *rendabilidade*?

Non existe só unha rendabilidade económica. Existe tamén unha moi valiosa rendabilidade social, cultural, histórica, política, etc., que ben que exhiben as empresas periodísticas cando se trata de solicitar axudas ou subvencións do Estado e que calquera Proxecto de Ordenamento das Comunicacións debería en principio considerar.

Certamente unha empresa periodística non é unha máquina de fabricar cartos ou chourizos. A súa rendabilidade é, xa que logo, un concepto moito máis amplo e plural (máis democrático) e, no noso caso, debería ser considerada dende o proceso que un pobo emprende para recuperar o seu idioma, a súa identidade colectiva, un espacio de noso no concerto dos demáis pobos. Ben sei que na postmodernidade política isto disque non se leva, que está pasado de moda. Así nos ha de ir.

No seu día cando o goberno galego anunciou a creación da Compañía de Radiotelevisión de Galicia (emisoras de radio e televisión en galego), lembro que dende diversos sectores de opinión vencellados a algunhas empresas periodísticas do proprio país houbo voces alporizadas calificándoo de "dictatorial", "intervencionista", etc.. Considerábase competencia desleal por parte do goberno autónomo a creación de emisoras de radio argumentando que nun estado liberal é a empresa privada a encargada de dar resposta a estas necesidades "sempre segundo a demanda social existente". Algún comentarista chegou dicir que, ademáis, o tal proxecto da Xunta era "pouco constitucional" porque discriminaba o castelán.

Imos ver televisión privada: tres canais de cobertura estatal, sen grandes posibilidades para unha programación ou produción autonómica descentralizada. Madrid será unha vez máis e por triplicado o embigo do mundo: modelo de consciencias, usos e costumes. ¿Quén garantirá a presencia das culturas minoritarias do Estado nos Consellos de Administracións das novas empresas? ¿Quén garantirá unha programación mínimamente aceptable (falamos dun *servicio público*) e non exclusivamente "comercial", gobernada por criterios de rendabilidade económica inmediata? ¿Qué outras voces do corpo social que non sexan as dos grandes grupos de poder virán matizar, discrepar ou complementar a voz dos propietarios para que os novos medios non se convirtan na prática en simples ferramentas de presión ó servicio de intereses particulares?

Certo que a actual televisión pública (sexa a de Madrid ou a de Galicia) non é un exemplo demasiado valioso, sempre presionada polo poder político, ameazada de amiguismos, tráfico de influencias, burocratización, etc; pero ¿non podemos pensar en fórmulas que a melloren? ¿Debemos aceptar como irremediable a situación presente? Hai modelos en Europa, como o da BBC, ben pouco sospeitosos, que se poderían seguir no camiño dunha maior profesionalización do medio público e unha necesaria profundización na pluralidade e na participación social que fagan posible unha *televisión de todos*. Cada catro anos hai eleccións. Non perdamos a esperanza. □

Alguén no faiado

O derby

MANUEL RIVAS

Non estarei o dia 3 en Balaidos no novo derby Celta-Deportivo. Os verdadeiros amantes do fútbol deberiamos boicotear este acto no que a danza dialéctica da bola é relegada a un segundo plano. Non hai pior elo-xio para un partido que decir del que será un espectáculo extra-deportoivo. En conciencia, celtistas e deportivistas saben que os seus equipos actuais son demasiado frouxos e que a sua división natural é o purgatorio que separa a segunda da primeira, saben que ambos os dous clubes están dirixidos por directivas mediocres, e saben, por último que non hai un fútbol atlántico, senón un sucedaneo desalmado, defensivo e menesteroso. Neste marco de hernia deportiva é lóxico que o centro de atención se desplace do campo aos graderios. O aburrimento da pobre bola é sustituido artificialmente polo folclore dos afeizoados, que, como sucede no tristemente chamado teatro de participación, non só teñen que pagar senón dar a nota de color. E o que é pior ainda, teñen que lexitimar coa sua presencia a circulación impúdica por tribuna de alcaldes, deputados, candidatos e demáis pundonorosos servidores públicos que nunca aparecen en público cando o que o público dirime son problemas e necesidades, e que ultimamente andan poseidos dun curioso síndrome futbolístico preelectoral.

Todo, incluso iso, seria soportable se a bola correse alegremente en Balaidos. Pero a bola galega está aqueixada dunha doente preguiza.

Proclamo, pois, solenemente que non participarei nese monumental fora de xogo. □

Campamento civil

Soldados de fortuna

GUSTAVO LUCA DE TENA

Certa discusión sobre a filosofia dos soldados de fortuna escenifícase nos diários de Madrid cáseque en coincidéncia (un chisco retrasada) cos debates do Congreso norte-americano sobre o exército mercenário que entrena, paga, e arma aquel país contra Nicarágua. Entrar a contemplar se seremos máis altos, rúbios e felices con tropas regulares ou de aluguer, era argumento preferido pola prensa federal para falar por via interposta de como meter na circuferéncia civil o triángulo das armas. No congreso dos Estados Unidos suscitábase unha cuestión distinta que se refire á previsión a respeito dos mercenários. Unha máquina de estado con tantas pezas e tan ben engrasada como a nosa (viña dicer un congresista) non pode embarcarse na empresa de alugar soldados sen acautelarse do que facer con eles no caso de que os desígnios da história non veñan coincidir cos de Batista, os de Tacho Somoza, os de Diem, etc. En 1958 a CIA pagou un grupo de coroneis de Sumatra para que lle fixesen a cama a Sucarno, pero a sua única intervención militar (terrorista, se llê aplicásemos a medida semántica de Barrionuevo) foi un tremendo fracaso, unha trapallada comparábel á conspiración de Oliver North. O resultado foi unha versión anticipada daqueles barcos de vietnamitas colaboracionistas, navegando sen rumbo despois da derrota dos seus protectores. Os coroneis de Sumatra non só buscaron acomodo no tráfico de drogas senón que fixeron do anti-ianquismo resentido (Roma non paga traidores) unha nova bandeira. Algo semellante pasou coas tribos Meos do Vietnam, pagadas por Johnson, que chegaron ter un exército de trinta mil homes, despois abandonados e refuxiados nos circuítos de produción de opiáceos de Tailándia.

Tamén as tropas de Chiang compensaron a fortuna adversa e a suspensión de pagos por parte de Washington meténdose no matute da heroina, quen o diria, tan cristianos como ian pola vida. E non digo, finalmente, que os soldados de aluguer para a heróica conquista de Baía de Cochinos se consolasen despois con tráfico de drogas. Son os próprios norteamericanos quen se laian publicamente disto e se botan as mans á cabeza pensando a que lles pode vir de trinta mil somocistas en desbandada.

Ou como di o congresista Charles Kimball, antes que os nosos soldados de fortuna, defensores da civilización cristiana, se pasen ao inimigo interior arrastados pola fortuna adversa, máis nos valía fundarlles un montepio. □

Volver ao rego

Coñecidos son os problemas de TVE para proxectar o filme "Interior dun convento". Nesta, como noutras ocasións, utilizouse o argumento de que o público católico podia resultar ofendido nas suas créncias.

Agora anúncian a inclusión na programación da série "Amérika".

Xa sabe: a de que os rusos maos invaden Estados Unidos, na liña deses subprodutos cinematográficos da nova guerra fría. E o curioso é que esta si teremos que aturala todos. Neste caso non hai créncias que valian, nen a posibilidade de que nos declaremos ofendidos, na nosa calidade de demócratas, por esas fantasias dexeneradas.

Coma sempre, aqui os únicos que teñen bula son os curas.

M.V.